

TOPONIMIA DO VAL DO FRAGOSO

2

LAVADORES

Iván Sestay Martínez



Universidade de Vigo



COLECCIÓN: TOPONIMIA DO VAL DO FRAGOSO, NÚM. 2

Sestay Martínez, Iván
Toponimia do Val do Frago

Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2010
v. ; 24 cm.

Contén: V.2. Lavadores

ISBN 978-84-8158-416-5 (obra completa)

ISBN 978-84-8158-513-1 (v. 2)

1. Nomes xeográficos – Galicia – Val do Frago I. Universidade de Vigo.
Servizo de Publicacións, ed.

811.134.4'373.21(460.11 Val do Frago)

Edición:

Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Edificio Newton, andar 1.º, portal 15. Rúa das Cumieiras, s/n
Campus de Vigo

36301 Vigo

Tfno.: 986 813 574

Fax: 986 813 559

© Iván Sestay Martínez

© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2010

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2010

© Fotografía: Luis F. Nüchel

Printed in Spain - Impreso en España

ISBN da colección: 978-84-8158-416-5

ISBN do volume: 978-84-8158-513-1

Depósito legal: VG 1083 2010

Deseño e maquetación: Acuarela Comunicación SL

Revisión: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S. A.

Fotografía de portada: *Centro do lugar da Portela*; Luis F. Nüchel

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.



TOPONIMIA DO VAL DO FRAGOSO

2

LAVADORES

Iván Sestay Martínez

Universidade de Vigo

1 Limiar

O que len é o segundo volume da serie *Toponimia do Val do Fragoso*, colección na que pretendemos ir compendiando e aclarando os nomes de lugar das parroquias de Vigo ou, polo menos, desenzaramallándoos, que non é pouco.

O primeiro volume, dedicado a Coia, tivo unha excelente acollida e nosoutros consideramos que cumpriu o seu fin último: a divulgación xeral dunha toponimia en vías de desaparecer. Podemos cualificar a recolleita toponímica dunha zona como Coia como unha intervención de urxencia (por motivos de todos sabidos).

E como unha intervención de urxencia foi tamén a recollida de certas áreas de Lavadores: baste dicir que a urbanización do barrio do Calvario é moi anterior á da mesma Coia, ou que toda A Dobrada e mais toda a zona da rúa de Aragón e Travesía de Vigo (entre outras) contan cunha urbanización tanto ou máis densa que a do propio Polígono de Coia.

Pero tamén é certo que a maior parte do territorio de Lavadores é aínda hoxe unha área, se non completamente rural, si ruraloide, con terras sen construír (cultivadas ou non) e vivendas unifamiliares en que viven nativos lavadoreiros que saben da toponimia do seu territorio. Lavadores conta mesmo con

amplas zonas de monte, realidade natural ausente da Coia de hoxe en día.

O territorio de Lavadores participa, pois, do rural e mais do urbano, con todas as gradacións intermedias posibles: conta con zonas absolutamente rurais como Sabaxáns; ruraloides como A Bagunda; protourbanas como Pardavila; urbanas de novísima urbanización como certas partes de Cambeses; urbanas que o son desde non hai máis de 30 anos como A Dobrada; de 40-50 anos como a Travesía de Vigo; e urbanas plenamente consolidadas desde xa antes de mediados do século xx como O Calvario. Existen tamén aldeas-illa como en Coia, pero moitas menos, como é o caso de Medeiros, o que fica do *lugar* do Viso e, sobre todo, a grande aldea-illa de Redomeira.

Toda esta riqueza de paisaxes ten, lóxicamente, reflexo na situación da súa toponimia, que se ve afectada por tantas casuísticas como paisaxes se describiron: non é igual de doado dar con informantes que saiban da microtoponimia de Sabaxáns que atopalos que saiban da do Calvario, por pór só un exemplo. Como tampouco estará tan viva a da Dobrada como o está a de Vilar.

E é que a vitalidade dos microtopónimos mingua a medida que aumenta a urbanización e o tempo que un lugar leva urbanizado: é un feito universal que se dá en Lavadores con toda a súa gama de matices e gradacións.

«Lavadores naseu no Caride»

Di a tradición que Lavadores naceu no *barrio* do →Caride. O *Caride* sempre foi unha área moi periférica de Lavadores, engruñada entre as parroquias históricas de Teis e Santiago de Vigo, pero aí din que naceu. Esta *vox populi* podería non pasar dunha

curiosa hastiogonía se non for porque hai veraces noticias antigas que refiren que a igrexa parroquial de Lavadores foi trasladada á súa actual localización séculos atrás desde outro lugar máis afastado, onde estaba asentada á beira dunha fonte chamada *de Lavadores*, da que seica tomou o nome. Despois, a sé parroquial levouse ao seu actual lugar na Bagunda xunto co seu nome, tomado da fonte mencionada. E, para máis abondamento, ata principios do século xx coñecía-se como *Lavadores* gran parte do barrio do Caride, xusto onde a tradición popular sitúa a orixe da parroquia, o cal non é unha simple coincidencia.

Estes tres factores fundamentais conforman unha base especulativa digna de se ter en conta. Desde logo está documentalmente probado que, á parte do nome parroquial, existiu no Caride ata o século xx un lugar concreto chamado *Lavadores* (ao que as fontes escritas se referían sempre ou case sempre como *lugar de Lavadores*). E ese *lugar* non estaba na Bagunda, onde hoxe se sitúa a igrexa parroquial, senón no Caride.

A primeira noticia que temos de todo iso dánola o historiador tudense Ávila y La Cueva no século xix, que non indica, así e todo, cal é o lugar desde onde se trasladou a sé parroquial de Lavadores, pero que fala, iso si, da fonte da que tomou o nome:

[Esta parroquia] llámase Labadores por razón de un lugar que tiene así nombrado, y en el que se conserva una fuente también con título de Labadores. [...] Según la tradición de la parroquia, se trasladó aquí la iglesia parroquial del lugar de Labadores, donde estuvo en lo primitivo.

Esa tradición debeu ser cousa moi coñecida e importante para que Ávila y La Cueva deixase constancia dela e aínda hoxe se manteña viva. Ese lugar onde a parroquia estivo *en lo primitivo* é a parte meridional do Caride, ou sexa, as terras situadas entre San Xoán do Monte e O Calvario, como indican con pasmosa

precisión os documentos posteriores e anteriores a Ávila y La Cueva.

Ao longo de todo o século XVIII, todo o XIX e os primeiros anos do XX, aparece na documentación constantemente un núcleo poboado en Lavadores chamado precisamente *Lavadores* (moitas veces escrito *Labadores*) pero situado nunha área moi periférica da parroquia. Segundo a información de Ávila y La Cueva, a tradición popular actual e a documentación da época, houbo unha zona habitada chamada Lavadores entre os actuais San Xoán do Monte e O Calvario (ou sexa, a parte sur do Caride e o norte de Riomau), cunha fonte tamén chamada Lavadores. Pero hai que ter moi en conta que ese Lavadores era un núcleo *poboado*, non un núcleo *de poboación*, ou sexa, non era un *barrio*=aldea, pois as casas dese Lavadores repartíanse entre os inmediatos *barrios* do Caride e Riomau; era máis ben un corónimo ou nome de zona máis ou menos ampla pero, desde logo, poboada (unha situación semellante á *Vesadaseca* de Coia).

As indicacións precisísimas das terras abrangidas por ese corónimo Lavadores non deixan lugar á dúbida da súa situación, que coincide cento por cen coa que lle dá a actual tradición popular. Dividamos, logo, o material documental en 1) citas do século XVIII e 2) citas do século XIX e primeiros anos do XX, para observar de primeira man como a localización da antiga zona poboada concreta chamada Lavadores coincide coa tradición actual de situar a nacemento desta parroquia entre O Caride e O Calvario, o que de paso vén confirmar as palabras de Ávila y La Cueva:

1) Lavadores, cos sitios de Meyxueira (→A Ameixeira), Pereiras, La Orxa (→A Orxa), Ameales (→O Amial), →Corredoura, Zepide (→Cipide) e →Casal.

Lavadores, cos sitios de Mourigade (→O Mouregade), →Caride, La Tomada, La →Portela, Lagos de Pedomonte (→Pé do

Monte), Coutadiña, Coveliño (→O Covelo) e San Juan do Monte.

Lavadores, cos sitios de Veiga da Porta, →Pozas, Orxa, Cantiño, Orxa de Covelos (→O Covelo), Pradeira, Casal e Outeiro.

Lavadores, cos sitios de Río Mao (→Riomau), La →Candea, La →Senra, →Pombal, Zenteáns (→Centeáns), La Orxa, La Fuente e →Guidixe.

Lavadores, cos sitios de La Candea, Río Mao e Mourigade.

Lavadores, cos sitios de La Tomada, Zenteáns e Riomaio.

Lavadores, cos sitios de El Outeiro, Gondarán de Avajo, Detrás da Fraga (→Pé da Fraga) e El Troncal.

Lavadores, cos sitios de La Tafona, Eyravella e Fontiña.

Etc.

2) Lavadores, co sitio de Campo da →Orxa.

Lavadores, co *labradío y dehesa nombrado Cocho* <entre San Lourenzo e a Travesía de Vigo>.

Lavadores, co sitio de Pinar Longo (→Pinalonco), Cabada Vieja ou Fraga (→A Fraga).

Lavadores, cos sitios de Mourigade, Riomaio, San Payo, Cocho ou Riomaio e Calvario de Riomaio (→O Calvario).

Etc.

Non hai lugar á dúbida: visto todo isto, o primitivo lugar concreto de Lavadores estivo nas terras circunscritas ao sur polo Calvario, ao norte por San Xoán do Monte, ao leste pola rúa Cantabria e ao oeste pola Travesía de Vigo.

E atendendo a isto xa non choca que a fonte que hai na rúa Redomeira se coñeza hoxe en día como *fonte de Lavadores*, non por estar na parroquia de Lavadores (onde hai outras moitas e

máis importantes) senón por se situar no antigo lugar concreto de Lavadores. Todos os datos, actuais e antigos, veñen confluír nun topónimo Lavadores situado na zona arriba delimitada, e a actual *fonte de Lavadores* fica como último e único testemuño vivo de todo isto: é a famosa fonte á beira da cal estivo o antigo Lavadores *en lo primitivo*. Conviría unha intervención arqueolóxica nese lugar.

Pódese afirmar, como di o dito popular actual, que Lavadores *naseu no Caride*; e se non *naseu* alí, polo menos concretouse alí o seu topónimo, que, permanecendo como corónimo, trascendeu a vaguidade xeográfica dun nome parroquial sen chegar a concretarse nun nome de núcleo poboado, de *barrio* ou aldea. E como moitos outros corónimos, coa súa vaguidade inherente, acabou por sucumbir e desaparecer sen deixar máis pegadas que as documentais e mais o nome da actual *fonte de Lavadores*.

Unha parroquia dividida

A freguesía histórica de Lavadores sufriu recentes procesos de «independencia» parroquial que fixeron que a actual parroquia eclesiástica de Lavadores sexa hoxe un territorio pequeniño e moitísimo máis reducido que o de hai poucos anos. Pero como no Frago o concepto de *parroquia* transcende popularmente o ámbito eclesiástico, mesmo os habitantes nativos de neo-parroquias segregadas eclesialmente de Lavadores hai décadas se seguen a sentir firmemente lavadoreiros; algo absolutamente lóxico obsérvese desde a óptica que se observar. Fagamos unha sinóptica singradura por todo isto:

Entre os anos 1947 e 1958, Lavadores perde todo o território dos *barrios* do Caride e Riomau, que pasan a formar parte das

novas parroquias de Nosa Señora de Fátima e da Inmaculada Concepción de María (Lavadores perdeu daquela case o 25 por cento do seu territorio, desde logo a súa área máis poboada).

A parroquia de Fátima, cuxa maior parte do territorio se segregou da freguesía histórica de Santiago de Vigo, colleu de Lavadores unha estreita faixa hoxe moi poboada: desde Aragón á Travesía, ademais de todo o histórico *lugar* do Mouregade.

A freguesía da Inmaculada, cuxo templo parroquial é a coñecida como *igreja dos picos*, naceu co fin de lle prestar atención pastoral ao Calvario, daquela en plena explosión demográfica.

Pouco despois desas dúas primeiras secesións parroquiais, a vella capela de San Xoán do Caride converteuse tamén en igrexa parroquial, dando nacemento á actual freguesía de San Xoán do Monte, formada mormente con terras segregadas de Teis, pero cunha pequena e estreita faixa, na que paradoxalmente se inclúe o citado templo, que sempre foi de Lavadores.

Case coetaneamente escíndese tamén a nova parroquia de San Paio de Lavadores, abrangendo case todo o *barrio* de San Paio, e digo case porque San Paio de Baixo seguiu pertencendo a Lavadores (posteriormente a Santa Tareixa, neo-parroquia da que haberei de falar embaixo).

Xa a partir da década de 1970 nace a importante parroquia de San Paulo, que abrangue as populosas terras do sur do Calvario, segregándose da parroquia de Fátima (previamente independizada en parte de Lavadores), que lle cedeu toda a súa parte meridional: máis da metade do seu antigo territorio.

Nacen tamén por esas datas as grandes neo-parroquias de Santa Tareixa de Lavadores e Santa Clara, das cales só Santa Tareixa de Lavadores ocupa territorio exclusivamente lavado-reiro, escindíndose Santa Clara de terras tanto de Lavadores coma de Cabral e Candeán. A independencia destas dúas parroquias fixo que zonas tan importantes e tan radicalmente

lavadoreiras como Pardavila, A Bouciña, Cambeses, Subride, Curros ou A Brea non sexan hoxe eclesiasticamente de Lavadores (con todas as implicacións que isto ten entre as persoas non nativas).

E para rematar cos «procesos de independencia» cómpre citar a parroquia de Nosa Señora da Paz (coñecida simplemente como A Paz ou máis comunmente A Paz da Doblada), que se independizou na década de 1990 para dar asistencia pastoral ás populosas barriadas da Dobrada, entre Gregorio Espino e Martínez Garrido.

Pero Lavadores non só perdeu terreo, senón que gañou algo del abofé, pois desde a década dos anos setenta o límite con Sárdoma vén pola avenida de Madrid, cando tradicionalmente Sárdoma sobrepasaba a dita avenida.

Como se pode observar, hoxe a parroquia eclesiástica de Lavadores correspóndese con moito menos da metade do seu primitivo e histórico territorio.

A toponimia de Lavadores

O único intento de recolección da microtoponimia de Lavadores realizouse dentro do Proxecto Toponimia de Galicia a principios da década de 2000. E digo «intento» porque os resultados non foron, nesta parroquia, satisfactorios: a densidade toponímica resultou ser incomprendiblemente baixa, e unha simple ollada ás ortofotos que contiñan os datos resultantes deixaba ver enormes baleiros toponímicos, precisamente naquelas zonas máis interesantes de Lavadores.

Recolléronse 139 topónimos, dos cales só 26 eran nomes de terras (!!)

e un gran número dos outros eran nomes de muíños, camiños, equipamentos e rótulos en xeral.

No informe correspondente que se fixo para a revisión pública unha vez conferidos os datos polos membros da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, conclúese do seguinte xeito:

Nesta parroquia [de Lavadores] non está ben recolleita a toponimia; ten que haber moitos máis nomes, sobre todo relativos a terras.

E eu aínda creo que se quedaron curtos na aséptica crítica, xa de por si escamallante. Unha parroquia rururbana como Lavadores, coa necesarísima importancia dunha intervención topononímica urxente e dun consecuente varrido superpormenorizado por necesidade, metódico e penetrante, non merece que quedase recollida como quedou, e nisto están de acordo todos os que ben saben como salvagardar o secular patrimonio toponómico que camiña cara á morte.

A toponimia incluída neste tomo correspóndese coa que recolemos nosoutros independentemente algúns anos despois da recolección malograda do PTG. Aínda non se tiña daquela en mente a elaboración da serie *Toponimia do Val do Fragoso*, pero perante a nefasta recollida mencionada, consideramos necesario intervir de urxencia antes de desapareceren os últimos informantes valiosos desta parroquia e temendo que se dese por definitivo ou pechado o dito catálogo PTGueiro.

Deste xeito, recollemos concienzudamente a microtoponimia da parroquia histórica de Lavadores en dúas quendas: ao longo do ano 2006 para a súa parte occidental (San Paio, O Calvario, A Dobrada, Travesía de Vigo-Aragón...) e en 2009-2010 para a súa banda oriental (o Lavadores máis rural), con algunha achega puntual nos anos intermedios. Sempre que nos foi posible foron gravadas as entrevistas toponómicas.

Tívoase especial coidado en inquirir por frases feitas ou usos léxicos que podían axudar á hora de aclarar o sentido dos topónimos,

o cal tivo importantes resultados que foron incluídos nas explicacións de certos topónimos neste libro, en que se indican as datas e o lugar de Lavadores onde foron gravados (como por exemplo os usos da *néboda* [→O Campo da Néboda], os tipos de emparrado [→O Espaller do Galán], a subsistencia fraseolóxica de *abelán* ‘abelá e abeleira’ [→A Balanciña], o significado local das herbas chamadas en Lavadores *levestro*, *cardo manso* e *mentraste*, de moita importancia toponímica as tres aquí; tal como a identificación dos *abroeiros* e os seus froitos os *broos* [→As Ameixeiras], os moitos alcuños que acabaron nomeando terras... entre outros moitísimos casos de importancia por teren toponimicamente significación local viva [*cochos*, *barxas*, *cortiñas*, *enxidos*...]).

Delimitación da parroquia de Lavadores en 1752 (catastro de Ensenada)

As precisas indicacións do catastro do Marqués de la Ensenada amosan unha circunscrición territorial lavadoreira totalmente idéntica á que chegou viva ata ás recentes segregacións parroquiais e que está viva entre os que aínda hoxe conservan a noción do vello Lavadores histórico (que son a maioría dos nativos do Lavadores rural). Incluso os marcos que en Ensenada delimitan con absoluta precisión os lindes de Lavadores no século XVIII chegaron en pé ata datas moi recentes, conservando o carácter demarcativo e divisorio que tiveron durante séculos e aínda acentuándoo e roforzándoo cando Lavadores se erixiu en concello independente (pois toda a súa urbanizada fronteira occidental actuaba como límite oficial entre os concellos de Vigo e de Lavadores). Fóronse perdendo os marcos occidentais desde a década dos anos cincuenta e sesenta co curso da urbanización, pero

outros fican aínda en pé (algúns, claro está, son meros penedos naturais, como o “marco” constituído polas enormes rochas das Pedras de Figueiró).

[...]

[...] principiando su demarcación ala parte de Levante // en el mojón nombrado de Fuente Obscura, / dividiendo a dichas <feligresías> de Cabral y Candeán, / sigue al marco da R(r)otea¹, del que, partiendo / con dicha <feligresía> de Candeán y <la> cit(t)ada <feligresía> de Theis, pasa / al <marco> que llaman del Viso²; de éste, delimitando con / dicha <feligresía> de Sant(t)iago de Vigo, va a dar enel / del Couto, del que, confrontando con San / Pedro de Sárdoma, sigue al marco / da Barronda y Porto Carreiro³; de aquí, / partiendo con la misma <feligresía> de Sárdoma y la / de Santiago de Benbrive y la de / Cabral va a cerrar al expresado <marco> de Fuente Obscura. [...]


No seguinte mapa da parroquia histórica de Lavadores obsérvanse os *barrios* (=aldeas) que a compoñen:

¹ Despois do marco da Rotea estaban os marcos das Pedras de Figueiró (que dividen Lavadores de Teis) e o marco do Xunco Mariño (que divide Lavadores de Teis e Candeán), como queda constancia na demarcación das parroquias de Teis e Candeán do catastro de Ensenada.

² Entre os marcos do Viso e do Couto estaban os marcos da Pedra de San Lourenzo e do Foxo de Leiras (que dividían Lavadores de Santiago de Vigo, na área do actual Canadelo Alto) e o marco de Porto Troncal (entre Lavadores e Teis, actual *Pordetroncal*), como queda constancia na demarcación das parroquias de Santiago de Vigo e de Teis do catastro de Ensenada.

³ Entre os marcos do Couto e da Barronda e Porto Carreiro estaba o marco de Figueiras de Arriba (que divide Lavadores de Sárdoma por detrás da actual estación de autobuses ou lugar dos Beleiros), como queda constancia na demarcación da parroquia de Sárdoma do catastro de Ensenada.

Mapa 1



Os oito barrios históricos que compoñen a parroquia de Lavadores, aínda hoxe plenamente funcionais entre os nativos malia mudanza da paisaxe e as secesións eclesiásticas

Velaquí o mesmo mapa pero coas subdivisións dos citados barrios nos seus respectivos lugares (=subaldeas), células mínimas xerárquicas de Lavadores:

Mapa 2



Os 30 lugares históricos en que se subdividen os oito barrios de Lavadores (dous deles, A Brea e mais o Meixoeiro, divididos entre dous barrios distintos cada un deles)

2 Toponimia de Lavadores

O topónimo Lavadores

► Topónimo parroquial (mesocorónimo) de sentido e etimoloxía escuros, presente só no Lavadores de Vigo e en varios Lavadores portugueses. Non se trata, como se afirmou tantas veces sen achega de probas, dun hidrotopónimo (máis ben dehidrotopónimo) prerromano, nin sequera dun suxestivo valónimo tamén prerromano. Son posibles varias orixes romances, pero todas contan con un ou outro atranco que impiden admitilas como étimos de Lavadores, e ademais carecemos de probas para así concluír. O topónimo está, logo, no fusco e nada nos permite alumealo sen que caíamos na especulación.

O topónimo Lavadores está aparentemente illado; isto é así se nos atemos exclusivamente aos datos galegos. Pero, de feito, no resto do dominio lingüístico galego-portugués existen varios topónimos *Lavadores* máis, case todos na fachada marítima de Portugal. O Lavadores de Vigo é así o único representante en terras galegas, pero, como se adiantou, non está illado se atendemos aos datos portugueses. Expóñense agora os datos referentes aos topónimos Lavadores de Portugal:

- **Lavadores** (*freguesía de Canidelo, Vila Nova de Gaia, O Porto*). O máis coñecido de todos é sen dúbida *Lavadores*, gran aldea e parte de barrio urbano da parroquia de Canidelo (Vila Nova de Gaia), ao sur da foz do río Douro, a unha carreiriña dun can da cidade do Porto. Coñécese sobre todo pola gran praia de Lavadores, famosa internacionalmente (foi lugar de veraneo da burguesía inglesa que comerciaba cos viños do Porto e hoxe é unha das praias máis visitadas de Portugal, co que o topónimo *praia de Lavadores* é amplamente coñecido –como o é *Lavadores beach*–).

- **Lavadores** (*freguesía do Olival, Vila Nova de Gaia, O Porto*). No mesmo concello de Vila Nova de Gaia existe outra aldea chamada *Lavadores*, na freguesía do Olival, pero non ten nada que ver co famosísimo Lavadores anterior (freguesía de Canidelo): sitúase na banda oposta do extenso concello de Vila Nova de Gaia, na parte máis interior e xa no límite co distrito de Aveiro. Pegado a este Lavadores existe o seguinte topónimo, sen dúbida relacionado con el:
- **Lavadorinhos** (*freguesía do Olival, Vila Nova de Gaia, O Porto*). Como se dixo, relaciónase con Lavadores, á beira do cal está, concretamente entre os camiños do Amial e o dos Salgueirases (oficialmente *Salgueirais*). É un diminutivo dese Lavadores, cunha formación moi común noutros topónimos galegos e portugueses, onde unha aldea pode tomar o nome en diminutivo doutra aldea á beira da cal se asenta.
- **Lavadores** (*freguesía da Touguinha, Vila do Conde, O Porto*). É unha pequena aldea situada na Touguinha, freguesía pertencente a Vila do Conde pero no norte en todo, xa no límite coa Póvoa de Varzín.
- **Praça de Lavadores** (*freguesía da Senhora da Hora, Matosinhos, O Porto*). É un cruce de camiños nunha zona hoxe con novas urbanizacións da freguesía urbana da Señora da Hora, nas aforas do Porto, concello mariñeiro de Matosinhos. Segundo me dixeron, o nome desta praza puxéronllo en honor da aldea e famosa praia de Lavadores da que falamos máis arriba, xa que fica xusto da outra banda da foz do Douro, en fronte desta praza *matosinhã*. Pero, tendo en conta que o camiño que pasaba polo lugar antes da urbanización se chamaba *quelha da Corredoura de Lavadores* ou *beco da Corredoura de Lavadores*, é case seguro que Lavadores sexa aquí un topónimo antigo.
- **Os Lavadores** (*freguesía de Pero Moniz, Cadaval, Leiría*). Aldeíña no val do baixo Texo, concello de Cadaval.
- **Os Lavadores** (*freguesía de Ribamar, Lourinhã, Lisboa*). Aldea no litoral aberto do norte da Estremadura portuguesa.
- **Os Lavadores** (*freguesía de Matacães, Torres Vedras, Lisboa*). Aldea na parte máis setentrional do distrito de Lisboa, no concello de Torres Vedras.
- **Os Lavadores** (*freguesía de Carvoeira, Torres Vedras, Lisboa*). Aldea en Torres Vedras, norte da Estremadura portuguesa, pero non ten nada que ver co anterior topónimo Os Lavadores sito na freguesía de Matacães, pois distan máis de dez quilómetros.

- **Os Lavadores** (*freguesía da Encarnação, Mafra, Lisboa*). Área de bosque hoxe ocupada por luxosas residencias no turístico concello de Mafra, ao norte de Lisboa, cara ao mar.
- **Os Lavadores** (*freguesía de São Bartolomeu do Outeiro, Portel, Évora*). Parte de aldea da gran freguesía mononuclear de S. Bartolomeu do Outeiro, no concello alentezano de Portel.
- **Os Lavadores** (*freguesía de Alqueva, Portel, Évora*). Área de campos e casas illadas no Alentejo, xa moi preto do límite con España, concello de Portel.
- **Os Lavadores** (*núcleo urbano de Olhão, Algarve*). É unha das zonas do núcleo urbano do concello algarvío de Olhão (Ullán de Algarves no galego tradicional dos nosos mariñeiros). Por iso unha das rúas máis céntricas da turística cidade costeira de Ullán de Algarves é a *Rúa dos Lavadores*, internacionalmente coñecida (*Lavadores Street* lese moito, por exemplo).

De todos estes topónimos, o único que conta con rexistros documentais medievais é o Lavadores de Canidelo (Vila Nova de Gaia), que aparece documentado en 1290 nas famosas *Inquirições* de Don Dinís (rei que tiña sete casais en Lavadores) coa mesma forma que a actual:

*Da renda de Coimbrões e de **Lavadores** e de Mafamunde: [...] Ha El-Rei na aldeia de **Lavadores** vii casaes: quatro estão povoados e três estão ermos [fríos].*


Chama moito a atención que a maior parte dos Lavadores portugueses ocupen zonas costeiras e danlle nome a praias ou a aldeas de tradición mariñeira.

Támén é fundamental notar o feito de que Lavadores sen artigo aparece exclusivamente no norte de Portugal, concentrados na área do Grande Porto e inexistentes fóra desa zona (salvo o noso Lavadores de Vigo). Pola contra, os topónimos Lavadores con artigo (*Os Lavadores*) sitúanse todos no centro-sur de Portugal exclusivamente, cunha especial concentración no litoral da Estremadura e, fóra de aí, con dous exemplos no Alentejo e un na costa algarvía, concretamente en Ullán de Algarves (Olhão). Téñase en conta que a lingua portuguesa ten o nefasto costume de non escribir os artigos dos topónimos, polo que estes só son detectables na fala e cando entran en combinación sintagmática, como

con calquera xenérico (como *rúa dos Lavadores*, *caminho dos Lavadores*, *travessa dos Lavadores*, *beco dos Lavadores*, *corredoura dos Lavadores*, *quelha dos Lavadores*, *praça dos Lavadores...*)

A concentración no norte das formas sen artigo e o seu absoluto contraste coas formas centro-sureñas con artigo probablemente queira indicar algo. Que son topónimos diferentes nolo indica o feito de que os topónimos Lavadores sen artigo se pronuncian con tónica aberta (incluído o Lavadores de Vigo), e os topónimos Os Lavadores con artigo pronúncianse con tónica pechada. Pero isto, que é un matiz importante, habémolo ver máis adiante.

Mapa 3



Distribución dos topónimos tipo *Lavadores* en Galicia e Portugal

ca unha adaptación doutro semellante morfolóxica e semanticamente, pero plenamente prerromano. Logo só poderíamos estar perante unha formación **activa** atemática en acusativo plural *N-, *LAWATORINS, latinizada como *N-, *LAVATORES. Como se ve, esta reconstrución leva a unha visión circular dos feitos, xa que non se soluciona o **problema da sufuxación de acción**: é case imposible observar o sufixo -TOR- desde outro punto de vista morfolóxico. Con todas esas premisas, isto só nos deixa unha vía libre: a interpretación do aparente sufixo activo como unha acumulación sufixal **distinta** do sufixo único -TOR-, malia que isto obrigaría a operar de maneira altamente especulativa: de interpretármolo desde este punto de vista, só poderíamos estar perante unha forma **participial** *LAWATO- resufixada co átono -ARO, cúmulo sufixal moi común en formacións léxicas e toponímicas prerromanas de Galicia. Isto dános un topónimo *LAWÁTARIS, en acusativo plural *LAWÁTARINS, cunha terminación moi semellante á de *Támaris* (actual Tambre). Polo demais, hai que contar co feito de que, segundo todo o anterior, estamos a presupor unha forma plural etimolóxica, con todas as dificultades que iso trae se se trata dun hidrónimo ou dehidrónimo (ou valónimo); salvo que se quixese partir dunha forma do nominativo singular *LAWATORIS, ou *LAWÁTARIS, o cal se afasta do común proceder lingüístico do galego. Ademais a reconstrución desa forma participial obriga a desbotar o substantivo NAVA (>*/ava-) como formante porque **esixe** operar sobre unha forma **verbal, non sobre substantivos** como *nava*, o cal constituiría grande aberración. Estas últimas apreciacións veñen engadir máis improbabilidade a todo o exposto.

E aínda ese *LAWÁTARINS, latinizado como *LAVÁTARES, **só** podería dar en galego un topónimo ****Lavadres** e non *Lavadores*: isto enfróntanos directamente coa realidade de que **Lavadores non pode ser o herdeiro moderno do único étimo prerromano morfoloxicamente posible**, *LAWÁTARINS, co cal todo o anterior se vén definitivamente abaixo (xa que o desbotable *LAWÁTARINS é o único constructo posible dentro dos esquemas *clásicos* interpretativos de Lavadores, como xa se viu, e outras reconstrucións como *LAWATÓRINS sinxelamente non son posibles morfoloxicamente, como tamén xa se viu).

Unha visión aínda máis penetrante podería levar a pensar que Lavadores, topónimo cuadrilábico e, polo tanto, cuantitativamente raro dentro dos prerromanos galegos, se trate dun composto. Pero dígase xa

Existe, alemparte, un detalle que non creo que se deba pasar por alto: o timbre da vogal tónica é aberto no Lavadores de Vigo e nos catro Lavadores do norte de Portugal que non levan artigo, en contra da estrita regra fonética galego-portuguesa consistente na fechazón das terminacións *-or(es)*, salvo unhas poucas excepcións que non veñen ao caso (adverbios comparativos); estamos, polo tanto, diante dunha secuencia fónica [con tónica aberta], discordante coa regra expresada e de moi difícil integración etimolóxica. Un *-o-* aberto nesa posición só pode ser o froito dunha crase de vogais que coalescesen tras a perda dunha consoante intervocálica; isto lévanos por vieiros altamente especulativos. De entre eles, o que parece máis coherente resulta ser a reconstrución dun sintagma **Lava(t) Dolores*, de onde sae directamente un *Lavadòres* con tónica aberta. Coméntese que os restantes 9 Lavadores de Portugal (todos no centro-sur da nosa nación filla) teñen a tónica pechada e levan artigo.

● 25

quita ese lugar é algo moral, igual que o que se *lava* en **Lava Dòres é algo non físico tamén. Tamén *Quitapesares* foi o nome de moitos manicomios ao longo de toda España, cunha semántica motivacional idéntica ao do nome do pazo de Bueu, só que cruelmente eufemística.

Sería algo como un manancial ou fonte purgante, que *limpa* as dores; pero un topónimo dehidronímico de tal carga semántica e construción non pode senón chamar a atención polo seu illamento comparativo. Habería que pensar se as dores son susceptibles de seren *lavadas* e se pode haber un manancial tan especializado, capaz de cargar con ese nome e de llo dar a un territorio parroquial amplo. Ademais, fonte tan analxésica como esa, de importancia tamaño como para nomear toda a parroquia, non perdurou ata os nosos tempos: non hai hoxe en Lavadores ningunha fonte curativa, nin das dores nin dos males que as producen..., tan só a mencionada e anódina *fonte de Lavadores*, desprovista de calquera tradición sandadoira. Ademais, o que adoitan curar as fontes son determinadas enfermidades, non o vago concepto da dor, que pode ser producida por múltiples doenzas: sería unha fonte *omnipotens*, que alivia os síntomas de todos os males que produzan dor, o cal tamén causa abonda estrañeza abofé.

Outramente, xa que é raro que as dores se *laven*, e atendendo a *Quitapesares*, un sintagma ****Leva Dòres** sería moito máis natural: a fonte *leva* (quita, tira, tolle) as dores, non as *lava*; pasaríase de ****Leva-dores** a Lavadores por puro influxo de *lavar*. Isto último ten a vantaxe (importante) da ampliación do abano de motivacións toponímicas: como *Quitapesares*, un sitio chamado ****Levadores** podería así non ser unha fonte ou manancial senón tamén, ou máis ben, unha paraxe determinada, un sitio agradable, incluso un lugar de devoción relixiosa... ou ser, probablemente, un nome pacego como *Quitapesares*, referíndose ao vetusto pazo de Rivera Atienza, que acabaría dando a denominación do seu solar (no corazón de Lavadores) á vella freguesía de Santa Cristina de Frago (antigo nome de Lavadores), trocándoo polo de Santa Cristina de Leva Dòres, que houbo mudar inevitablemente no actual Lavadòres. Esta alta especulación non está, así e todo, carente de lóxica (máis ben tena toda, ante a ausencia total de mellores explicacións; pero nada resolve, sobre todo se atendemos a que a tradición indica que Lavadores non naceu onda o pazo dos Rivera senón no *barrio* periférico do Caride).

A interpretación popular que os veciños do Lavadores portugués de Canidelo (V. N. de Gaia) fan do nome desta aldea mariñeira é a seguinte: un barco pirata ancorou preto da praia de Lavadores e quixo levar reféns da aldea; os veciños optaron por lles entregar a moza máis fermosa do lugar para que así se desen por satisfeitos e non tomasen máis xente. Esa moza chamábase *Dores* e os veciños gritáronlle ao capitán dos corsarios: *Leva Dores, leva Dores!!* De aí naceu, din, o topónimo Lavadores, que provén así do grito «leva Dores!». Loxicamente, como todas as etimoloxías populares hastiogónicas, poucas conclusións etimolóxicas se poden sacar desta historia etiolóxica, pero, con todo, pódese tirar dela unha apreciación relativamente importante: esta lenda, seguramente antiga, parece reflectir un estadio lingüístico no que Lavadores era aínda *Leva Dores* (outramente non se explicaría a asociación), con -e- antepretónico e plena consciencia de composto co verbo *levar*, o cal nos leva directamente da man ao **Leva Dores* ('quita dores', 'saca dores') que optamos por reconstruír arriba como alternativa máis posible ao dehidronímico **Lava Dores* ('purga dores', 'limpa dores'); pero, como se houbo notar, isto choca coa forma *Lavadores* documentada xa nas *Inquirições* de Don Dinís, de 1290, onde ese Lavadores de Canidelo se documenta xa coma hoxe. Ese feito extraído da lenda, curioso e algo desconcertante, debe tomarse, con todo e vistas as *Inquirições*, con todas as reticencias posibles. Sexa como for, a única maneira de conciliar o noso Lavadores, con tónica aberta, é a reconstrución dun antigo **Leva Dòres*, ou, alternativamente, ***Lava Dòres*, teñan estas dúas reconstrucións a explicación e motivación que tiveren.

Pero como isto último tamén non resolve nadiña, cabe aínda pensar nunha posible orixe latina directa e fácil: *lavadores* como lavadoiros ou ríos onde se lava. Tal é o sentido dos moitos topónimos valencianos *Llavadors*, pois en valenciano e no catalán valencianoide de Tarragona *rentar* ‘lavar’ dise *llavar*. Pero non me consta que estea rexistrado en ningures que nos romances hispanos non cataláns se diga ou dixese *lavador* por *lavadoiro*, *lavadouro* ou *lavadero*, aínda que etimoloxicamente (atendendo, ou non, ao valenciano *llavador*) sexa perfectamente posible que unha forma latina elíptica (*locu-*) *lavatore*- ‘lavadoiro’ dese unha forma preliteraria **lavador* ‘lavadoiro’ posteriormente substituído por un derivado de *lavatoriu-*, que sen

dúbida se había ver reflectido na toponimia. Isto último é, sen dúbida, o máis económico morfolóxica e foneticamente, malia que conta coa eiva non pequena da subsistencia en galego dun derivado de *lavatore-* co significado de lavadoiro (e aínda da propia existencia en latín da dita forma co dito significado...).

Hai que contar, para cerrar o rego, coa hipotética pero suxestivísima posibilidade de estarmos diante dun **nome de oficio**. Hai moitos topónimos dese tipo, e non poucos con idéntica terminación, como *Fiadores*, na inmediata Cangas, derivado do dezaoitescos *Campo dos Fiadores*, terra propiedade dunha familia cuxo oficio era seren fiadores ou fiandeiros (de la ou liño para a roupa, de cânabo para as redes...) Neste caso a semántica do topónimo sería impecable, así como a súa morfoloxía e trataríase dun caso comparable ao tradicional oficio (e hoxe icona nacional) dos **lavadores de ouro** do Brasil, só que no noso Lavadores non estaríamos ante lavadores de ouro senón quizais perante *lavadores de panos* nun batán ou **folón** (un dos *lugares* máis enxebres e céntricos de Lavadores é precisamente →O *Folón*, na Bousiña). Pero todo isto é unha grande especulación, cunha probabilidade dificilmente demostrable, por moi alta que sexa e, polo tanto, non conclusiva abofé.

Botará o lector en falta que non se abra a estas alturas a presa do asunto da vogal tónica, que non se derregase o suco para que veñan aquí as augas dese espiñento problema da tónica aberta: non queda outra, pois, que asumir que a vogal tónica aberta de Lavadores conduce a non asumirmos estas últimas etimoloxías romances, o cal é, como se pode observar se se reflexiona un pouco, algo bastante grave e, por desgraza, conclusivo. Bardante, claro é, que especulemos co feito de que un primitivo *Lavadores* derivado de calquera destes últimos étimos latinos, acabase sendo pronunciado con -o- aberto debido a sabe Deus qué influencia analóxica (talvez influído polo *Leva Dòres* do que tanto falamos máis arriba?, por se forte); mais hase observar que, pasase o que pasar para que se abra o -o- (se é que se abriu), houbo de pasar totalmente nos catro Lavadores do norte de Portugal, alemparte de no noso fragosiño, co que veñen pairar aínda máis sombras de incerteza sobre estas atrevidas propostas, sombras que con cuxas ás nos impiden concluír ren e nos obrigan a dicir que nada demostrable se pode dicir de Lavadores do Frago, dos catro

Lavadores do norte de Portugal e aínda dos nove Os Lavadores do centro-sur desa última nación. Todo fica forzosamente no fusco e frío avesedo da incerteza por agora.

Adebelida

Coñecen así a un sector da ladeira que da volta da Rotea (na avenida do Aeroporto) sobre ata a rúa do Areeiro, en San Paio; sitúase por enriba do Campo Grande, co cal linda polo levante.

► Fusión moi recente do sintagma *A de Belido* ‘a propiedade de alguén apelidado Belido’, con adaptación de xénero *ad sensum*.

O apelido *Belido*, bastante común na Idade Media e despois, é hoxe inusitado en Galicia con esa forma, xa que foi castelanizado en *Bellido*, malia que tampouco esta forma deturpada é hoxe moi común, polo qué é abofé probable que a maior parte dos *Bellido* sexan familias de ascendencia non galega; de feito *Bellido* é un apelido moito máis común no resto das Españas que en Galicia: abunda especialmente en Andalucía e nas provincias aragonesas e levantinas, incluída Cataluña (pronunciado aí /ballidu/, onde é un aragonesismo antigo). Trátase dun dos tantos apelidos derivados de adxectivos referentes ao aspecto persoal, e ten o sentido de ‘airoso, fermoso, elegante, belo’ (recórdese *embora* que a palabra patrimonial e enxebre galega sempre foi *fermoso* e non *belo* nin, moito menos, *belido*, teña *belido* os matices semánticos que tiver).

O dito adxectivo *belido* foi empregado nunha das máis sentidas e eróticas cantigas de Martín Codax (*Eno sagrado de Vigo, / bailaba corpo belido; / amor hey!*¹⁾), e deste xeito se fixo popular e coñecido, ata o punto de que algúns escritores galegos e portugueses lle deron nova vida nos seus textos en pleno século xx, cando *belido* debeu ser unha forma morta xa, á par que a recollían os lexicógrafos sen daren indicación de se se trataba ou non dun arcaísmo.

¹ “No adro da igrexa de Vigo / bailaba un airoso corpo fermoso; / jénchome de amor! <ao ver bailar ese erotizante corpo>”.

Ignoramos, e isto é moi importante, ata cando tivo vida popular en galego o adxectivo *belido* (se é que a tivo algunha vez), pero o certo é que en castelán *bellido*, que sempre tivo moito máis uso que en galego², era xa un arcaísmo no século XIV, por moito que o seguisen a usar esporadicamente algúns escritores posteriores, entre eles o culterano Góngora: en galego debeu pasar outro tanto, pero malia isto Corominas afirma que *belido* «Sigue vivo en gallego (no en Portugal, donde nunca tuvo gran uso)», baseándose só na seguinte pasaxe de Castelao: «cruces que pasaban por seren moi *belidas*» (isto é un vicio recorrente de Corominas, que, descoñecedor do galego vivo, daba carta de vitalidade popular a formas exclusivamente literarias, xa sexan estas arcaísmos, formas desusadas ou simples invencións). Por todo isto, é imposible saber se un hipotético uso vivo máis ou menos recente de *belido* poida facer que esteamos non ante un apelido senón perante un alcuño *Belido*, pero é imposible de probar e ata difícil de que así fose, pois como vimos non parece probable que ese adxectivo contase con vida popular en datas recentes (e aínda en recuadas). A fin de contas, que sexa alcuño ou apelido non fai goldría no mar: estamos ante un testemuño antropotoponímico de *belido*, e iso é o importante, explíquesse a súa vivacidade como se explicar.

A Aguadiña. O río do Lavadouro da Aguadiña

A *Aguadiña* é unha das poucas zonas relativamente chairas que se atopan no costaneiro *barrio* de San Paio. Localízase nun pequeno valigato ao norte do camiño oficialmente chamado *rúa da Aguadiña*. Ten fonte, lavadouro e posúe un pequeno regueiro que baixa do lugar das Presas, o cal coñecen como o *río do Lavadouro da Aguadiña*. A maior parte das casas vellas do *barrio* de San Paio sitúanse na Aguadiña, que constitúe un dos seus dous “centros”, xunto co *lugar* das →Ánimas, que está un pouco afastado de aquí.

► Posiblemente co significado de ‘pequeno lugar cheo de auga, alagadizo, lagumento’: as características do *locus toponimicum* son moi propicias a esa semántica. Non ten nada que ver, logo, coa *Aguada* do Areal de Vigo.

² Como prova documentalente J. Corominas.

Vemos este topónimo documentado desde o século XVIII, sempre como *Aguadiña* ou, ás veces, *Guadiña*, por deglutinación da inicial confundida cun artigo, polo que non parece que esteamos diante dun caso semellante ás *Aguadiñas* (*A Aguadiña de Terra* e mais a *Aguadiña do Mar*), que son dous pequenos farallóns perto da praia de Pinténs, no Hío (Cangas); ese topónimo orotalásico morracense deriva, pola contra, de *As Agudiñas*, como se documenta en vellas cartas mariñas, por seren farallóns de forma picuda, aguda, piricotenta. Nin a paisaxe da Aguadiña fragosiña e a constitución do lugar nin a documentación convidan, logo, a pensarmos que en Lavadores esteamos ante unha confusión como a das Aguadiñas do Hío: A Aguadiña de Lavadores ha ser o que parece: un pequeno lugar alagadizo, como se dixo na sinopse e como magnificamente proba indirectamente a súa xeoconstitución.

O topónimo vén, logo, do moribundo adxectivo *aguado* ‘cheo de auga, aplicado a un terreo’. Repárese como en Lavadores se di *Agua-diña* e non *Augadiña*, tal como din *agua* en vez de *auga*, tal que en toda a súa contorna, incluído o conservador Morrazo (sen saír do Fragoso temos o lugar da *Agualta* [derivado de *Agua Alta*, por moito que ás veces se escriba *A Gualta*], en Santo André de Comesaña).

Por todo o anterior, A Aguadiña non ten nada que ver con topónimos como *A Aguada* (na glorieta de Isaac Peral, no Areal de Vigo, chamado así por ser un lugar onde os barcos que ancoraban no Areal *facían agua*, ou sexa, onde se aprovisionaban de auga, a cal collían no *río Barreiro*, que é o treito final do *río de →Meira*, que desembocaba no lugar).

A de Alba. A Devesa da de Alba

Terras de labor por riba do *lugar* das Pontes, un pouco elevadas sobre o Lagares, baixo o *barrio* de Sabaxáns, límite coa Bagunda.

A Devesa da de Alba fica un poucoño por riba, subindo cara á rúa das Cortellas, que non chega a acadar.

► Referido a un antigo poseedor destas terras, xa sexa o seu apelido, o seu nome ou aínda a súa casa nobiliar.

Só vemos este lugar documentado no século XIX, nin antes nin despois, cando aparece como *Dalba* un par de veces, pero isto non debe levarnos

a engano, pois ese *Dalba* non é máis ca unha mala escrita de (A) *d'Alba* (lémbrese ademais que nos catastros e *amillamentos* tendíase a non escribir os artigos dos topónimos, salvo a honrosa excepción do catastro do Marqués de la Ensenada, 1752, onde se escribían constantemente).

O Alto

Está no final do camiño dos Penedos, man dereita, nunha prolongada encosta sobre a avenida do Aeroporto, en San Paio.

► Neste caso *alto* ten o significado de 'parte máis elevada dunha encosta', non do *alto* dun monte stricto sensu.

Está claro que estamos perante un topónimo relativo, pois este *Alto* non é o cimo dun monte, senón unha parte concreta máis alta, nunha costa, vista desde un lugar inferior. De feito desde O Alto cara arriba o terreo segue a ascender en fortísima pendente ata o afastado monte de Figueiró, sen que o lugar constituía sequera unha mínima chan.

As Ameixeiras

Coñecido lugar en Riomau, pegado á avenida do Aeroporto, man esquerda, desde o sur do camiño da Orxa ata case a «baixada da Laxe-Redomeira».

► Sitio caracterizado pola presenza de *ameixeiras*, árbore froiteira [*Prunus domestica* (L.)], pero seguramente referido non ás cultivadas, senón ás *ameixeiras bravas* ou *abruñeiros* [*Prunus spinosa* (L.)].

Son moi típicas das sollosas ladeiras do val do Fragoso as ameixeiras bravas; en Lavadores chámanlles *abrueiros* ou *abroeiros* e aos seus froitos *broos* (bisílabo), que son as *endrinas* dos casteláns e que en Lavadores botaban na augardente para a aromatizar (*caña de broos*, ou sexa, augardente aromatizada cos froitos da ameixeira brava). Medran onda as sebes e nos *releixos* que separan os campos, pero hoxe vense cada vez menos (vinas, por exemplo, en San Paio, onde recollín e gravei os nomes mencionados).



nome *A Americana* fose tamén un rótulo que tería esa casa na entrada, que ben puido ter escrito *La Americana*.

O Amial. Amindos

O Amial é unha área na parte baixa de Curros, preto do río Lagares pero sen chegar a el. Eran prados e hoxe barxa, pois o lugar abarxoouse cando deixou de haber gando que pacese neses prados. Por todo o lugar pululan hoxe moitos amieiros.

Hai outras terras chamadas tamén *O Anial*, no medio do valciño que media entre a av. do Aeroporto e San Xoán do Monte, lindando coas →Vesadas e aínda hoxe sen urbanizar.

Amindos está por baixo do Meixoeiro, entre o camiño do Pinar e a estrada vella de Madrid, con algunha casa hoxe en día.

► Teñen o sentido de ‘bosque de amieiros’, que son unhas árbores propias de lugares moi húmidos.

O abundancial ou colectivo *ameal* (pronunciado no Fragoso *amial*) refírese a un bosquiño de *ameneiros* (chamados *amieiros* no Fragoso) –*Alnus glutinosa* (L.) Gaertn–, e deriva do latín galaico *AMINALEM, derivado da mesma forma prerromana da que provén *amieira* (<*[ARBOREM] AMINARIAM ‘árbore que medra onde os regos’ ou ‘árbore amante dos lugares húmidos’), masculinizada en *amieiro* hoxe en Lavadores.

Os amieiros e os seus bosquetes, os *amiais* (*amieirales* en Lavadores), son unhas das árbores máis abundantes deste val: medran nos lugares húmidos e son unha das árbores máis típicas das barxas fragoañas, xunto cos salgueiros. Hoxe en día hai máis amieiros que antano, e isto, que puidese sorprender, é debido a que cando se deixaron de pacer os húmidos prados das barxas lavadoreiras ou cando se abarxaron moitas terras de cultivo húmidas, os amieiros proliferaron que se abraia un, como se se volvese á selva primixenia.

Amindos deriva de *AMINETOS, ou sexa, 'bosques de amieiros', como *Carballedos* son os bosques de carballos ou *Biduedos* os bosques de bidueiras.

A orixe última prerromana tanto de *amieira/amieiro* como de *ameal/amial* é un indicio evidente da secular presenza desa árbore na nosa contorna.

O outro *Areeiro* sitúase na rúa do mesmo nome, en San Paio, rúa que sobe desde a «subida ás Ánimas» ata perderse nos montes da Madroa faldreando a ladeira oriental do monte de Figueiró; pero o lugar chamado concretamente *O Areeiro* está situado na ladeira que hai entre os cruces co camiño da Canteira e o camiño de Salcides.

► Terreo areíscio. Terra con moita area ou xabre en mestura.

O Areeiro de San Paio sitúase todo ao longo da aba oriental do granítico monte de Figueiró, por onde baixan as torrenteiras que cando chove moito arrastran o xabre do alto cara ao Areeiro, onde este se adoce ou acumula, dando lugar á motivación do topónimo O Areeiro. O mesmo é aplicable ao Areeiro do Meixoeiro, baixo o alto homónimo e concorrentes as mesmas circunstancias.

A Atalaia

Véxase → *O Campo do Ferreiro*.

O Bacelo

Sector entre a rúa de Curros e a man esquerda da Baixada ao Capitán, enriba de Suasviñas, hoxe con casas.

► Refírese a unha viña, e máis concretamente a unha viña nova, aínda que esta última concreción non é unha *conditio sine qua non*.

Tamén se refiren a plantíos de vide outros topónimos como *Bacelar*, que é o seu colectivo natural. No Fragoso hai outro *O Bacelo* na veciña parroquia de Sárdoma, nunha zona con antigas viñas do *barrio* de Moledo. Repárese en que, indicativamente, *O Bacelo* de Lavadores está enriba de → *Suasviñas*, polo que as *viñas* debaixo das que está este último topónimo ben puideron ser as que deron nome ao *Bacelo*.

A vella palabra *bacelo* vén do latín *BACILLUM* ‘bastonciño’, diminutivo de *báculum* ‘bastón’, porque os baceiros ou fillos das vides teñen a forma alongada e estreita dun bastón, ou así polo menos o viron os nosos labregos antigos.

A Bagunda

A *Bagunda* é, daquela maneira, a histórica “capital” da parroquia de Lavadores, pois neste *barrio* sitúase a igrexa parroquial de Santa Cristina e mais os antigos fundos reitorais ou *igrexario* (e ademais tamén o dominante pazo dos Rivera, chamado aquí *Pazo da Portela*, cuxos donos tiñan aforada media *Bagunda*...). É un dos *barrios* históricos de Lavadores e o segundo máis grande en extensión despois da Bouciña, xa que integraba (e integra tradicionalmente) os *lugares* de Vilar, A Ceboleira, As Milladas de Riba e mais de Baixo, O Couto de Riba, A Vilaboa, Medeiros, A Cordeira e boa parte dos *lugares* das Pontes e do Porbelo.

► Ten aparencia de antropónimo xermánico de posesor, seguramente relacionado co nome medieval de muller *Baudegundis*, posteriormente refeito en **Badagunda*.

Non parece ter nada que ver co nome do concello lucense de *Begonte*, como se ten insinuado, xa que este vén do antropónimo de posesor prelatino *Bocontius* (<*Bokontjos): *Begonte* aparece rexistrado xa no ano 966 como *Sancto Petro ad Boconti*. Se *A Bagunda* viñese dese antropónimo prelatino habería que partir talvez dunha estrañísima forma adxectiva **VILLA BOCONTIA, o que se revela incorrecto pois daría ***Bogonza* (ou mesmo ***Bagonza*) e, sobre todo, porque formalmente sería esperable máis ben un sintagma **VILLA BOCONTIANA, que en Lavadores daría ***Bogonzán* (ou ***Bagonzán*), todo demasiado lonxe do noso topónimo. Habería menos dúbidas morfolóxicas se se parte directamente da forma en xenitivo (como no *Begonte* lucense): de (VILLA) BOCONTII saíría **Bogonte*, que ben se puido disimilar en **Bagonte*, con cambio, tamén posible, en **Bagonta*, pero as mudanzas que se houberon producir a partir dese estadio son dun calibre inasumible no seu conxunto, xa que tería que mudar o timbre da tónica (a máis estable das vogais) e sonorizaríase o grupo *-nt-* en *-nd-* (cambio non habitual rexistrado en contadísimos casos), co que habería que explicar todo isto como froito da analoxía con outros topónimos acabados en *-undo*, malia que son moito máis comúns os rematados en *-ondo*, co que aínda así habería que esperar máis ben ***Bagonda* que *Bagunda*... Son demasiadas irregularidades como para seren asumidas

xuntas, por moito que *A Bagunda* e *Begonte* puidesen parecer emparentados á primeira vista.

O primeiro elemento podería tratarse, iso si, do xermánico **badwaz* ‘loita, disputa, batalla’, que, baixo as formas *bad-u-*, *badus*, tivo moito uso en gótico (e quizais tamén en suéxico), polo que un antropónimo ***Badugundus* sería perfectamente posible; isto ten a vantaxe de que a semántica do primeiro compoñente é moi típica da antroponimia xermánica, pero, con todo, parece que non deixou ningún resto en nomes persoais, o que fai que se deba desbotar, sobre todo se atendemos a que outro compoñente semellante si deixou abondosísimos antropónimos, moitos dos cales foron de moito uso en Galicia, onde tamén deixaron mancheas de topónimos derivados; trátase de *báudiz* ‘gobernante, señor, amo’. Está este *báudiz* presente en topónimos como *Baamonde* (Lugo, curiosamente no concello de Begonte), que aparecía no ano 1019 como *uilla Bademundi*. Cando se latinizaron os antropónimos xermánicos, o compoñente *Bauda-* pasou sempre a *Bada-*, que é como nos chegaron a nós e ten moita importancia para a explicación da nosa Bagunda.

Con ese precompoñente *Bauda-* (>*Bada*) relaciónase o nome persoal feminino *Baudegundis* (que sen dúbida houbo pasar a **Bada-gundis* e despois inevitablemente a **Badagunda*) que ha ser con toda probabilidade o étimo da nosa Bagunda. En efecto, o dito nome feminino houbo pasar en data moi temperá a **Badegundis* ou **Badagundis*, como acontece en todos os derivados do seu precompoñente (entre eles Baamonde), e así houbo chegar á *Gallaecia* da man dos suevos. Sería case inevitable que **Badegundis* non tardase tampouco en pasar a **Badagunda*, feito que se dá noutros moitos casos semellantes como resultado normalizador da terminación feminina.

Debemos partir logo dunha forma (TERRA DE) *BADAGUNDA 'a propiedade dunha muller chamada **Badagundis* < *Baudegundis*', que daría directamente *Bagunda* con absoluta normalidade fonética (**Badagunda* > **Baagunda* > *Bagunda*).

A presenza actual de artigo é comparable ao doutro topónimo de Lavadores, →A *Guixavar*, curiosamente derivado tamén dun antropónimo feminino xermánico de posesora, como se a presenza do artigo na Bagunda e na Guixavar fose debida a que eses topónimos veñen de antropónimos femininos...

A Baixa

Pequena valgada cultivada, hoxe ocupada mormente por eidos de casas novas, na banda oriental de San Paio, algo arriba do camiño da Aguadiña, preto do Areeiro. A poñente da Baixa, baixa o regueiriño da Presa.

► Deriva de *A (Leira) Baixa* ou *A (Terra) Baixa* ou algo semellante, en contraposición locacional con outras áreas máis altas e máis transitadas, todo dentro da acusada ladeira oriental de San Paio, onde se asenta o lugar.

A Balanciña

É un coñecido e amplo lugar situado no camiño que circunda polo norte o terreo do antigo cuartel de Barreiro, que aínda hoxe leva o nome oficial de *camíño da Balanciña*, na testeira coa parroquia de Candeán. Está na suave ladeira que baixa do camiño dos Pardiñeiros (xa na parroquia de Candeán); na parte baixa había antes prados e varias presas regadías.

► É posible, mais non probable, que teña unha orixe prerromana; pero o certo é que debe tratarse probablemente dun antigo ***A Abelan-ciña* ‘a pequena abeleira, a abeleiriña’, tendo en conta que en Lavadores ás *abeleiras* chámanse *abeláns*.

Non hai rexistros documentais deste topónimo ata o século XVIII, cando aparece coa mesma forma que a actual e ás veces pluralizado en *Balanciñas* para adaptarse *ad sensum* a varias leiras así chamadas. Que sexa, logo, un diminutivo de *balanza* é algo inasumible como motivación toponímica. Tampouco sería crible que fose un diminutivo dalgún illado hidrónimo prelatino *Balanza* derivado de *WALANTIA, da mesma raíz hidronímica prerromana indoeuropea que deu lugar ao nome do río Ulla (de *WULIA, segundo os que defenden todo iso), que defendeu algún ilustre etimólogo paleohispanista: o regueiriño que baixa a poñente da Balanciña é tan mínimo que é case imposible que o seu suposto nome prerromano se conservase ata os nosos días (e máis aínda diminutivizado en romance).

A Balanciña máis ben semella un topónimo onde se produciu o corte dun falso artigo, co que seguramente habería que partir de **Abalanciña*, o cal nos leva directamente a ***Abelanciña*. No Val do Frago unha forma *abelanciña* sería absolutamente normal e natural: un diminutivo de *abelán*, que é como se chama en terras de Vigo e do Morrazo ás abeleiras, árbores que producen as abelás. Logo, en Lavadores unha *abelanciña* é unha pequena abeleira, unha abeleiriña. É fácil que **Abelanciña* ou **A Abelanciña* pasase a *A Balanciña* en terras fragosiñas, quer por corte dun falso artigo, quer pola fusión do artigo coa primeira vogal de *Abelanciña*.

As *abeláns* ou abeleiras [*Corylus abellana* (L.)] medraban nas partes máis baixas e escuras do val do Lagares e tamén noutros sitios escuros e húmidos de Lavadores. Hoxe vense só algunhas matas de abeleira no →Muíño Vello (Cambeses) e por baixo da →Feixa, xunto ao Lagares (outros lugares onde medraban están hoxe ocupados por naves industriais á beira do Lagares).

A palabra fragosiña *abelán* ‘abeleira’ deriva directamente do latín (ARBOREM) ABELLANAM ‘abeleira’, tal como *ran* vén de RANAM ou *miña irmán* vén de MEAM GERMANAM... Téñase en conta que no veciño Morrazo á abeleira díselles *a abelán* (‘unha abelán alta’) pero tamén *o abelán* (‘un abelán alto’), dado que un vén simplemente do latín ABELLANUM e outro de (ARBOREM) ABELLANAM que deu lugar ás *abeláns* fragosiñas. De feito, en Lavadores dáse o caso de que hoxe se chaman igual a abeleira (*abelán*) e o froito (*abelán*, a *avellana* dos casteláns); existe nas parroquias do Frago o dito *non mirar unha abelán* ‘non ver nada; ver moi pouco’, pois o que non é capaz de ver unha abelá (froito da abeleira) é que ten moi pouca vista... (‘non podo coser porque non miro unha abelán’, frase gravada en Sabaxáns –Lavadores– en 2008 e anotada moitas outras veces en varios *barrios* de Lavadores, Sárdoma, Coia, Freixeiro e Teis), escoitada tamén entre xente de Lavadores falante de castelán: ‘¡joder, ****!, ¡no miro una abelán, estoy toda chosca!’ (gravada no Casal, Lavadores), o cal é indicio da súa gran vitalidade.

Barreiro. O Barreiro

O Barreiro é o lugar, hoxe case cuberto de casas, localizado no cruzamento da estrada de Vilar co camiño da Cebreira e Alcalde de Lavadores.

Pero o máis coñecido lugar chamado *Barreiro* (neste caso sen artigo) é o situado onde o cuartel de Barreiro: a subaldea (*lugar*) localizada nos camiños oficialmente chamados hoxe rúa Barreiro e travesía de Barreiro, entre a igrexa de Santa Clara, o cuartel de Barreiro, Ramón Nieto e o cruzamento do camiño da Fonte Escura, todo no límite de Lavadores con Candeán e Cabral, hata que *Barreiro* ocupa só terras lavadoreiras. Barreiro pertence tradicionalmente ao *barrio* da Bouciña, malia que hoxe está moi urbanizado e supera moi amplamente o tamaño do núcleo central da Bouciña.

► Lugares de onde se extrae o barro para olaría ou outros usos; ou simplemente sitios abundantes en barro, sen explotación extractiva.

A Barronda. A Barronda Grande. A Barronda de Riba

Lugar moi baixo no fondo do val; é un fondelo ou, mellor, un fondón entre A Gandariña e Gandarón: baixa das naves industriais da avenida de Alcalde de Lavadores e linda polo sur coa rúa Paz Pardo, a escasos metros da avenida de Madrid, onde entesta coa Raposeira, que xa é Sárdoma. Hoxe *A Barronda* divídese na *Barronda Grande* (que é o polígono central de terras cultivadas) e na *Barronda de Riba* (que son os eidos que lindan coa actual avenida de Alcalde de Lavadores, con algunha casa e unhas poucas naves).

► Topónimo escuro e enganoso, pero hai indicios fiables que permiten ver que probablemente faga referencia a unha terra fértil, feraz, vizosa ou produtiva. Desde logo é improbable que teña algo que ver co *barro* e desde logo coas *barroncas*.

No século XVIII aparece xa coa mesma forma que a actual. Este interesante topónimo conta cunha base comparativa exígua pero abofé rechamante: como topónimo maior só existen dúas aldeas do norte de Portugal, moi próximas entre si, chamadas *a Barronda*, unha na *freguesia* de Tangil (concello de Monzón) e outra na do Prado (concello de Melgazo); ademais –e sobre todo– está tamén a famosa *Pedra Barronda*, que é unha enorme peneda granítica chea de mito situada no medio das casas de Segade de Abaixo (en Santa María de Caldas, Caldas de Reis); tamén uns labradíos chamados *A Barronda* ou *O Campo da Barronda*, na parroquia pontevedresa de Campañó; unhas

terras en Sergude (Boqueixón) e Santa María de Riós (Riós, Ourense), un bosque en Rebordechán (Crecente), uns labradíos en Moreiras (Toén) e un sector de monte comunal en Guláns (Ponteareas), todos eles chamados A Barronda.

O topónimo de Caldas *A Pedra Barronda* é valioso tanto en canto que demostra que *barronda* é un adxectivo (aquí concordando con *pedra*), polo que na Barronda lavadoreira debemos supór, logo, un antigo ***A Leira Barronda, A Pedra Barronda, A Terra Barronda...* ou algo semellante, o cal non deixa de ser estraño, dada a rareza do suposto adxectivo **barrondo, barronda*. Pero todo iso lévanos, no fondo, a vermos con abraio a presenza doutros topónimos lavadoreiros rematados en *-ondo* (ou *-undo*), todos moi próximos entre si: tales son esta *Barronda* e mais → *A Bagunda* e aínda → *As Queirondas*, todos os tres no curso do Lagares, no curto treito entre a ponte de Sabaxáns e a avenida de Madrid; malia todo, estes tres topónimos próximos non teñen absolutamente nada que ver os uns cos outros.

Só o lexicógrafo Pintos, a mediados do século XIX, recolleu a forma feminina *verronda*, á que laconicamente achega o significado castelán de ‘verrionda’. Sobre isto é fácil a existencia dunha equivalente **varronda*, pois *varrón*, *barrón* son formas tamén recollidas xunto a *verrón*, *berrón*, todas palabras que significan ‘porco sen castrar’ e, polo tanto, da mesma orixe etimolóxica que a *verronda* de Pintos; con outras palabras, atendendo a outras verbas da familia, unha forma **varronda* non sería imposible, malia que os compendios léxicos só escolmen *verronda*. Pero o certo é que existen outras moitas palabras galegas máis xerais para lles chamar aos porcos en celo, entre elas *barriondo* (*unha porca barrionda*), moito máis acorde foneticamente co seu étimo, que non é outro que o latín (PORCA) VERREBUNDA ‘porca semellante a un verraco’.

E como a motivación tan concreta dunha porca saída non se axeita nadiña ás motivacións toponímicas, habería que botar man exclusivamente do significado primixenio do latín VERREM ‘porco sen castrar’, xa que *barrionda* contén o sentido primixenio de ‘porca que (por estar en celo) semella un porco semental’; deste xeito, volvendo á *Pedra Barronda* de Caldas, esta non sería unha imposible ‘pedra en celo’ senón máis ben unha ‘pedra semellante a un verraco; pola súa forma’ (as *verrondas* son as porcas semellantes a un *verraco* –por estaren en celo– e a *Pedra Barronda*, sería a pedra semellante a un verraco –pola

Así, unha **(Terra, Leira...)* *Barronda* ben puido ser, logo, unha terra moi fértil, vizosa, produtiva, tal como os verracos e as *porcas verrondas* son animais fértiles por excelencia (compárese con outra denominación: *semental*). Topónimos *Vizoso, Leira Vizosa, A Garrida, Casal Gordo...* hainos a esgalla entre nós. Esta última explicación parece verse arroupada por outro grupiño de topónimos cuxa semántica se pode observar baixo un lente semellante ao proposto para *A Barronda*: son os topónimos do tipo *A Touriña* e, especialmente, *A Touronda* ou *As Tourondas*. Unha *vaca touronda* é ao touro o que unha *porca verronda* é ao verraco; con outras palabras, unha (*vaca*) *touronda* é a vaca en celo, co apetito sexual dun touro, fértil polo tanto; como fértil ha ser a **(leira) Verronda = Barronda* ‘fértil coma un verraco’. Máis claros son os topónimos (*A*) *Touriña*, seguramente do antigo adxectivo latino *TAURINAM* ‘coa forza ou fertilidade dun touro’. Logo a (*terra*) *Barronda* ha ser a terra coa fertilidade propia dun verraco (a comparación motivacional e morfolóxica coas *Tourondas* non deixa xa lugar á dubida).

É unha húmida e fértil ladeira pegada polo sur ao valciño da Rotea, por baixo da avenida do Aeroporto; está atravesado polo curto camiño do seu nome, que parte desa avenida un pouco ao sur da volta da Rotea. Baixan un regueirucho e un par de presas de regar, e mais tamén ten fonte e lavadoiro o lugar, a pesar de que o *locus toponimicum* é relativamente pequeno no seu conxunto.

A única palabra como o noso Barrouco de Lavadores que recolle-
ron os nosos lexicógrafos é *barrouco*, usada en Busnadiego, aldea do

concello de Lucillo, na montaña maragata de León, de fala leonesa de transición ao galego. Nesa illada aldea maragata *barrouco* ten o significado de ‘terron grande’. Pero non cremos que o noso Barrouco teña nada que ver con esa verba leonesoide: basta observalo baixo o prisma da forma feminina *barrouca* que, en gran parte precisamente do sudoeste de Galicia, significa ‘muro caído, muro que se esbarroucou’ ou tamén ‘cumio dun monte’, formas diverxentes pero conciliables semanticamente e, sobre todo, usadas na mesma área onde se asenta Lavadores, turónicas polo tanto.

A Barxa. A Barxa do Blanco. A Barxa de Gandarón

A Barxa é unha zona baixa e chaira no fondo de Curros, moi mollada e con áreas enchoupadas; hoxe está case toda cuberta de salgueiros e, sobre todo, de amieiros. Localízase por baixo da rúa de Curros, á beira mesmo do Lagares, a norleste das naves industriais da Ponte de Sabaxáns.

Outro lugar chamado *A Barxa*, tamén moi baixo e chan, sitúase preto da avenida de Madrid, entre esa avenida e o camiño de Vilar (nas últimas casas desa aldea), xusto onde está a Toyota e outros concesionarios automobilísticos. O Lagares bordea, mansiño, esta zona.

A Barxa do Blanco son unhas terras á beira do Lagares, onde cruza a avenida Alcalde de Lavadores, hoxe chea de casas e naves industriais.

A *Barxa de Gandarón* está no lugar ocupado polas naves industriais que hai na mal chamada rúa Gandariña, desa rúa cara ao norte, ou sexa, ata o Lagares. É un sitio completamente chan e unha das barxas máis características de Lavadores, da que hoxe nada ou case nada queda, pois está ocupado polo mencionado polígono industrial, ao que os veciños de Gandarón seguen a chamar *A Barxa de Chanderón*, malia á citada mudanza paisaxística.

► Da palabra fragosiña *barxa* ‘terra chaira e moi húmida á beira dun río ou regueiro, con vexetación herbácea moi característica’.

As *barxas* ocupan as partes máis fondas e húmidas dos aveseados do val do Frago e é unha palabra pasmosamente viva en todo o concello de Vigo, en contraste con outras zonas próximas, onde *barxa* é unha forma descoñecida ou case descoñecida.

Son as barxas fragosiñas as típicas terras ribeiregas chás moi molladas da beira do Lagares e doutros regueiros, cubertas de herbal moi característico e das que case non se tiraba proveito (salvo a herba de outhonada que se cortaba para o gando a fins do verán ou a que este pacía *in situ* no inverno). A palabra, como dixen, é aquí amplamente coñecida e conta con derivacións, mesmo verbais, como *barxío*, *terra barxenta* ou *abarxoarse (unha terra)*, indicio da súa gran vitalidade.

Hai en Lavadores as *barxas de prado*, que eran ás que se lles cortaba a herba de outonada, e as *barxas de pasto*, que eran aquelas nas que pacía o gando ata o mes de abril, sen que se cortase a herba (as *barxas de prado* eran as máis secas, e as *de pasto* as máis molladas; nestas últimas medra o tan típico *feno*).

Hoxe en Lavadores (antano terra de extensas barxas no fondo do val) as barxas minguanon moitísimo, pois o seu emprazamento natural (chairo e fóra de poboado) fixo delas un lugar predilecto para a instalación de naves e polígonos industriais, co que moitas desapareceron (especialmente as grandes barxas do Porbello –arredor da rúa Severino Covas– ou as de Gandarón, das que só fican algúns restos patéticos entre as naves industriais). Pero as barxas lavadoreiras non só se viron afectadas polo anterior factor antrópico, senón que moitas perderon o seu carácter non por facérselles enriba naves industriais, senón pola desaparición da gandaría, que trouxo consigo a desaparición dos prados (tanto de sega coma de pasto, aínda que hoxe fican algunhas que se segan), co que a selva primixenia se apoderou das barxas, enchéndose de árbores higrófilas como os salgueiros (que proliferan como unha peste nas antigas *barxas de pasto*) ou os amieiros.

Barxalonga. Barxarredonda

Barxalonga é a zona máis fonda, baixa e chaira de Sabaxáns, hoxe moi abarxoadá malia seren antes prados dos bos, xunto ao Lagares, ao norte das Pontes, límite co *barrio* da Bagunda. Está pegado a →Barxarrodonde, da que a separa un ameal aínda hoxe ben conservado.

Barxarrodonda é unha área no fondo de Sabaxáns que linda polo sur co *lugar* das Pontes. Está á beira de →Barxalonga.

Véxase → *A Barxa*. *A Barxa de Blanco*.

A de Bernaldo

Terras na Ceboleira, por baixo da Pateira, hoxe con varias casas e dúas rúas de nova apertura.

► Do nome de posesor *Bernardo, Bernaldo*.

A do Bispo. As do Bispo. Os Adobispos

Son unhas terras no camiño da Balanciña, hoxe no medio das casas, pois construíuse moito recentemente no lugar, polo norte do circundado do antigo cuartel de Barreiro.

► Terras propiedade (ou que foron propiedade) da mesa episcopal, seguramente de Tui.

Os bispos de Tui tiveron sempre moitas propiedades no val do Frago (que foi un dos arciprestados que compuñan a diocese tudense) e, lóxicamente, tamén en Lavadores, como se ve con detalle no catastro de Ensenada, de 1752 e noutros documentos posteriores.

A Bodega Vella. A Dega Vella

É un lugarelllo, moi chairo, con varias hortas, que media entre o río Lagares e o cruzamento do camiño da Fonte coa rúa de Gandarón, ao sur da aldea de Vilar, sur do barrio da Bagunda.

► Topónimo referido a un antigo lagar de elaboración (e venda?) de viño.

Hai en Lavadores varias casiñas vellas chamadas *o Lagar do Ruzo*, *o Lagar de Barreiro* e varios outros máis, pero non deron lugar a topónimos ao seu redor, senón que son simples ecotopónimos puntuais referidos a vellos lagares onde se facía (ou vendía) o viño. Neste caso *A Dega Vella* dá nome a un topónimo malia non existir xa o lagar do que tomou o nome nin ficar constancia do nome do seu dono, como nos anteriores citados –que non callaron toponimicamente–.

A palabra *adega* en vez do semicultismo *bodega* tivo plena vitalidade ata hai ben pouco; sen saírmos da nosa ría, temos en Cangas o topónimo *Ridega*, no corazón do centro da vila de Cangas, derivado do medieval *Río da Adegas*; tamén *Portadega*, no Igrexario do Hío, chamado ata o século XIX *Porta da Adegas*.

A Boticaria

Localízase no centro do camiño da Brea, nas casas desta subaldeia.

► Probable alcuño de poseedor destas terras: *A (do) Boticario*, con adaptación *ad sensum*, ou *A (da) Boticaria*.

Nas aforas da veciña vila de Cangas existe un coñecido lugar tamén chamado *A Boticaria*, que foi unha soa granxa rústica ata principios do século xx, que se dividiu, polo que no lugar non puido haber ningunha botica; debe referirse, como A Boticaria de Lavadores, á propiedade dalgún boticario, dalgún home alcumado *O Boticario* ou dalgunha muller alcumada *A Boticaria*, pero parece máis seguro se sexa a segunda das posibilidades, comparativamente.

De todos os xeitos o topónimo non parece moi antigo, pois non o vin rexistrado en ningún documento, nin sequera nos prolixos *amillamentos* de finais do século XIX. Lémbrese que boticas nin hai nin houbo no lugar.

A Bouciña. A Bouzaboa

A Bouciña é un dos barrios máis importantes de Lavadores. Compóñeno un enguedello de subaldeas (*lugares*) espaxados por un amplo territorio na parte oriental da parroquia, desde os límites con Cabral e Candeán ata A Brea e Sabaxáns. Pero o certo é que hoxe moitos deses *lugares* medraron máis que o propio núcleo central da Bouciña, como é o caso de Cambeses ou Barreiro, os cales hoxe pouca xente sabe xa que tradicionalmente formaban parte do *barrio* da Bouciña, cuxo núcleo central fica, ben é certo, bastante excéntrico cara ao sur.

A Bouzaboa é un lugar (subaldea) situado no corazón do barrio de Sabaxáns, arredor do camiño homónimo, a media ladeira, nunha área que conservou moi ben ata hoxe a

súa esencia rural: moitos campos, viñas, froiteiras, bastantes carballos aínda e unha
ducía de casas espalladas.

► Topónimos referidos en principio a lugares con mato.

O sentido xeral de *bouza*, palabra que se usou aínda hai pouco en Lavadores, é o de ‘mato grande, espesura, sitio cheo de matogueiras’. Pero é certo que recentemente sufriu unha evolución semántica a ‘propiedade de monte baixo cercada’; con este significado de parcela de monte baixo vive aínda na veciña parroquia de Meira, onde *bouza* é un xenérico local con moita vitalidade e co último sentido exposto. Noutras parroquias do sur do Morrazo parece que tamén tivo ata non hai moito ese significado (xunto co xeral de ‘mato’), como parece indicar a toponimia. No Fragoso, desde Alcabre ata Saiáns tamén tiña *bouza* o significado de ‘propiedade de monte’ como en Meira, e hoxe aínda coñecido só por algunhas persoas maiores.

A evolución semántica de *bouza* a ‘propiedade cercada de monte baixo’ é bastante recente e, ademais, os topónimos que deixaría serían do tipo *A Bouza + de + antropónimo* ou *A Bouza + de + topónimo*, tan característicos (e abundantes) das zonas onde *bouza* conservou ese significado, polo que o máis probable é, atendendo a iso, que tanto *A Bouciña* como *A Bouzaboa* (ambos os dous topónimos moi antigos e fundamentais) fagan referencia ao sentido xeral e primario de *bouza*, ou sexa, un mato grande, un sitio cheo de matogueiras.

Chama a atención o composto *A Bouzaboa*, pois, se é o que parece (non hai nada que nos indique o contrario), habería que pensar nunha zona de mato cunhas características que a fixeron cualificar como boa, como benéfica, seguramente no sentido de ‘produtiva’ ou mesmo ‘de boa calidade’. Isto só se pode entender se se sacaba algún proveito desa bouza, como por exemplo toxo moi bo ou carballedos novos para combustible.

Brancamartíns

■ Son uns labradíos situados ao sueste de Vilar, preto da aldea, por embaixo das viñas.

► Do nome dunha antiga propietaria destas terras: *Branca Martíns*.

Estas terras aparecían recollidas xa no catastro do Marqués de la Ensenada (1752): un hápax *Branca Martiz*, en Vilar, polo que non hai por que dubidar de que ese *Branca Martiz* sexa o mesmo *Brancamartíns* actual, malia que a mudanza da terminación de *-iz* a *-ins* non é algo habitual en datas tan avanzadas como o século XVIII, cando os apelidos *Martíns* e *Martiz* habían estar xa fosilizados e repartidos arealmente, cambiando de lugar por traslado de poboación pero nunca mudando o un no outro espontaneamente. Polo tanto o que se produciu foi unha simple confusión sen ningunha implicación fonética histórica. Pode que esteamos ante un caso como *Os Carríns*, en Aldán (Cangas), que entre o século XVIII e o XIX mudou de *Os Carrís* ao actual *Os Carríns*, seguramente por seren máis abundantes as terminacións en *-ns* que en *-ís*.

O patronímico MARTINICI ‘fillo de Martiño’ deu en Galicia os apelidos *Martiz* e *Martíns* e esta última forma é a máis propia da zona do Fragoso, pero hoxe están maiormente castelanzados (ou culteranizados) en *Martínez*.

É de notar, logo, como neste topónimo se conservaron plenamente as formas galegas, pois se esa tal *Branca Martíns* vivise hoxe en día seguramente se chamaría *Blanca Martínez*, pois tanto o nome como o apelido foron castellanizados incluso nas áreas lingüisticamente máis conservadoras (baste lembrar que no veciño Morrazo, na parroquia cangueira de Aldán, os membros de varias familias apelidadas *Martínez*, entre as que me inclúo, son aínda hoxe chamados *os de Martíns* -meu avó materno, *Manuel Martínez*, era chamado precisamente *Manolo Martínez O de Martíns* –entre outros apelativos–; todo isto vén probar a superposición moderna e oficialista de *Martínez* sobre o enxebre e aínda vivo *Martíns*).

A Brea. O Penedo da Brea

A Brea é o lugar (subaldeia) situado na ladeira que media entre a avenida do Aeroporto e Ramón Nieto, concretamente entre →O Tanque de Pardavila a poñente e →A Santeira polo levante.

O Penedo da Brea é o empinado declive que sobe ao norte de Ramón Nieto, detrás de Proyecto Hombre.

► De *Vrea*, forma sincopada de *verea* ‘camiño importante, máis ancho que os outros e que adoita unir lugares afastados’; do latín *VEREDAM*.

A vereia da que toma o nome este lugar é sen dúbida o vetusto camiño principal que unía as terras de Redondela con Vigo polo interior: baixaba por Candeán, desde onde chegaba á nosa Brea para continuar por Pardavila ata o barrio de Riomau (actual O Calvario) e baixar a Vigo pola actual rúa Brasil (rúa que se chamou precisamente O Camiño Vello ata mediados do século xx). Antes de chegar á actual rúa Brasil pasaba preto do cruzamento de Urzaiz coa rúa do Pino, nunhas terras chamadas aínda hoxe, ilustrativamente, A Calzada.

Un treito desa antiga veraa é a actual rúa Toledo, cuxa parte central se coñece como →O Castro, o cal é un indicio máis da antigüidade desta vía de comunicación hoxe absolutamente mutilada.

0 Cabrafigo

Zona de mato e monte, bastante costaneira, na parte alta da Gandariña, preto do colleio Montecastelo, por riba do Costal e á beira da estrada vella de Madrid.

► De *cabrafigo*, que é unha figueira macha venturosa, indispensable para que as figueiras femias (cultivadas) se *espendoan* ou polinicen.

A toponimia de algo tan concreto e técnico como un *cabrafigo* ou figueira macha é loxicamente escasa, e se existen algúns topónimos así nomeados é só debido á importancia manifesta que teñen esas árbores para a fecundación ou espendoamento das figueiras femias frutíferas, xa que a figueira é unha árbore dioica (como as palmeiras). Só coñezo outro topónimo así chamado, pero é moi antigo, importante e amplo: *O Cabrafigo*, que é un gran monte no centro da parroquia de Beluso, en Bueu, Morrazo.

As figueiras femias (as de froito) deron ben máis topónimos, como é lóxico (véxase →As Figueiras e →Figueiró).

As Canas

É o lugar que se atopa xusto no cruzamento da avenida de Madrid coa estrada vella de Madrid, no barrio da Gandariña, límite con Sárdoma. Aínda hai algún cultivo.

hortas espaxeadas (pero poucas). É hoxe topónimo moi coñecido, especialmente desde a masiva construción de casas e o feliz bautismo oficial como *rúa Cabalaria* do empinado camiño principal que sobe polo lugar cara ás →Ánimas (que resulta ser a principal vía de acceso a San Paio). Nunca foi un *lugar* pero hoxe case funciona como tal e incluso mesmo como *barrio*. Contén outros microtopónimos no seu interior, como →O Espaller do Galán ou →A da Néboda.

► Continuación dun antigo *A Pedra Cabalaria* ‘pedra montada unha sobre outras, pedra cabalgada’, referido á estrutura pétreo dalgunha ámoa ou, máis probablemente, a simples pedras naturais encabaladas.

Non está catalogado ningún dolmen nin na Cabalaria nin en todo o *barrio* de San Paio. Ben é certo que o lugar se sitúa moi preto dunha das concentracións de megálitos máis importantes de Galicia, como son os montes de Candeán-Cabral-Bembrive ou o inmediato Monte Penide. Pero, que houbese un dolmen na Cabalaria non deixaría de chocar, por situarse en zona relativamente baixa, malia que á beira desa gran área de concentración megalítica citada máis enriba. É importante dicir, logo, que, á fin de contas, unha *pedra cabalaria* pode referirse perfectamente a algo sen intervención antrópica: a unha simple pedra encabalgada sobre outras, o cal feito deu lugar a unha toponimia bastante abundante. Como exemplo disto temos *A Pedra Cabalgada*, no límite entre Aldán e Darbo (Cangas), referida a unha gran laxe montada ou cabalgada sobre outras lousas verticais de xeito natural, sen facer referencia a ningún dolmen.

Ademais, a abondosísima e rica toponimia dos dolmens e mámoas (que non son o mesmo) de Vigo nunca se refire a eles como *Pedra Cabalgada* nin (*Pedra*) *Cabalaria*, senón con outras varias denominacións: *medorra*, *arca*, *forno (dos mouros)* etc. É un dato comparativo de gran valor para o que nos ocupa.

O Calvario

Hoxe é un populoso (e popular) barrio urbano cuns límites bastante imprecisos, pero que se poden circunscribir daquela maneira entre Jenaro de la Fuente e A Dobrada e

entre o Alto do Seixo e Os Choróns. Antes da súa urbanización estaba ocupado por terras de labor, viñas e froiteiras (en terreos bastante grandes e pouco divididos) e algunha casa illada. Pertenceu secularmente ao *barrio* de Riomau, desta mesma parroquia de Lavadores.

► Toma o nome dun *calvario* (conxunto de tres cruces) que existiu no lugar ata principios do século XX, cuxa cruz central e máis importante se situaba na actual rúa do Cristo e foi a que deu nome a todo o barrio.

A área urbana que hoxe se coñece xenericamente como *O Calvario* comezou a se configurar como tal tan só desde a apertura da estrada de Villacastín (actual Urzaiz), na segunda metade do século XIX. Pero o certo é que, aínda así, non comezou a contar cunha aparencia tipicamente urbana ata as primeiras décadas do XX, cando se densificou a urbanización, se empezou a construír en altura e se abriron novas vías perpendiculares a Urzaiz (ademais de se urbanizaren tamén outros vellos camiños que daban a ela, como o de Riomau e o do Mouregade).

Pero este non é un traballo de urbanismo, nin tan sequera de historia³, senón onomástico; neste sentido exclusivamente toponímico os feitos máis salientables son 1) a modernidade do Calvario como topónimo, 2) a maior modernidade aínda do seu paso de microtopónimo a topónimo maior, 3) a mudanza toponímica do vello *Calvario de Riomauro* no actual *O Calvario “a secas”*, e 4) a outros detalles como o feito de que, mesmo no apoxeo urbanístico de mediados do século xx, O Calvario nunca constituíu un *barrio* “independente”, senón que mantivo a súa secular pertenza ao de Riomauro (malia que este quedou como unha especie de arrabal de ruraloide moito máis pequeno que o seu fillo maior O Calvario).

O *calvario* do que toma o nome o lugar era un típico **viacrucis** ou camiño da cruz composto por tres cruceiros (dous dos ladróns –o Bo

³ Nestes aspectos segue a ser recomendable a *Evolución urbanística de O Calvario a través de la tradición oral*, de Carlos Rodríguez de la Torre e Alba Rodríguez. E, máis recentemente, o conciso pero penetrante e documentado estudo de Juan Miguel González Fernández, *O nacemento dun barrio: O Calvario (Lavadores), 1900-1940*.

e o Malo– e un de Xesús Cristo-), dos cales unha cruz simple estaba no cruzamento dos Choróns (o Bo Ladrón), outra simple á beira do pazo de Rivera Atienza (o Mal Ladrón) e un cruceiro máis grande no medio (o Cristo) colocado na parte alta da actual rúa do →Cristo, no corazón do Calvario. Este último cruceiro, por ser o central e máis destacado do *calvario* de tres cruces, foi o que lle deu o nome do Calvario ao lugar onde se asenta.

A principios do século xx un mendigo lavadoreiro coñecido como ***O Reuto da Cebileira*** ou ***O Mendiño Reuto***, moi falcatrueiro, causoulle grandes danos ao cruceiro principal do calvario nunha noite de esmorga desbocada (botouno abaixo, abateuno), motivo polo cal se decidiu trasladalo á igrexa de Lavadores, onde aínda se pode ver nos nosos días pegado á portada do templo (véxase fotografía no apéndice).

Ignoramos a antigüidade deses tres cruceiros e, polo tanto, a propia datación do topónimo O Calvario. En todo o caso, non deben de ser moi antigos (non anteriores ao século XVII), se atendemos a factores comparativos. O topónimo, e polo tanto as cruces que lle deron nome, existía xa no século XVIII, cando o lugar se chamaba O Calvario de Riomaú (*Calvario de Rio Mao* varias veces no catastro de Ensenada, 1752). Esa era precisamente a súa denominación tradicional, pois á fin de contas O Calvario non era máis que unhas terras campestres do *barrio* de Riomaú, ao que os nativos desa zona facían pertencer todo O Calvario incluso ata os nosos días. No século XIX, á parte do Calvario de Riomaú e O Calvario a secas, aparecía algunha vez na documentación unha forma *Calvario de Lavadores*, que non tivo transcendencia posterior (*Una tierra en Custoya, en el camino público que del San Roque pasa al Calvario de Lavadores* [1874] e outras citas máis dese, é só dese, século).

A Calveira. O Alto da Calveira

A Calveira é o lugar, en lixeira pendente, que baixa das rúas Toledo e Castro Nogueira á avenida do Aeroporto, entre Martínez Silva e Cronista Espinosa. Ten varias casas e algún edificio, pero aínda non se viu afectado polo urbanismo masivo fagocitador, polo que conserva aínda algún campo e poboación nativa (pouca) que saben da toponimia do contorno do Calvario, Redomeira e Riomau, lugares aos que domina A Calveira pola súa posición equidistante e prominente.

O Alto da Calveira é a zona máis ao sur e máis elevada da Calveira, xusto no cruzamento da rúa Toledo co camiño do Pombal, sobre O Calvario.

► En referencia a un sitio claro entre vexetación arbórea ou arbustiva, a unha área deforestada ou desprovista da vexetación déndrica que caracterizaría ás terras da súa contorna.

Cambeses

*Lugar situado nas dúas ladeiras dun profundo valcíño no corazón da parroquia. Está ao poñente do cuartel e campo de fútbol de Barreiro e baixa desde o norte de Ramón Nieto ata o río Lagares; por ese fondo val flúe o →Regueiro de Cambeses. O lugar, que pertencía tradicionalmente ao *barrio* da →Bouciña, medrou moitísimo ultimamente, especialmente desde que se construíu a nova *Urbanización de Cambeses*, que se sitúa nas terras baldeiras do →Prado Vello, no extremo norte deste lugar. A maior parte dos muíños de auga de Lavadores sitúanse en Cambeses.*

► Referido a un lugar poboado na Idade Media por xentes vidas da Terra de Camba, actual arciprestado lucense de Camba-Ventosa, provincia de Pontevedra. É, polo tanto, un étnico ou xentilicio de posesor.

Este topónimo púxose (e mais ponse) moitas veces como exemplo de derivados directos da raíz prerromana *KAMB- ‘curvado’, presente por exemplo en topónimos como Camba ou Cambados. Pero todo isto, que foi coado sen ningunha reflexión, échenos outramente, ou sexa, é absolutamente falso, xa que *Cambeses* non é outra cousa que un claro e canónico exemplo de étnico de procedencia duns poboadores medievais. Con outras palabras: os *cambeses* eran as xentes vindas da terra de Camba e, polo tanto, *Cambeses* non é máis que o topónimo que fai referencia a eles no lugar onde eles se instalaron. Un simple xentilicio.

Camba foi un dos máis vellos *commissa* da Galicia medieval e conservouse como xurisdición ata a creación dos concellos modernos no século XIX, cando desapareceu para formar o actual concello de Rodeiro (Pontevedra, límite con Lugo). Pero este antigo territorio da Galicia central ou nuclear consérvase aínda hoxe como un dos arciprestados da diocese de Lugo (bispado ao que pertence a comarca pontevedresa de

Deza), chamado hoxe Camba-Ventosa, despois da recente fusión dos vellos arciprestados de Reboredo-Ventosa e mais Camba, amplo val circundado polas antigas e históricas *terras* (hoxe arciprestados) de Navego, Asma, Castrobermún, Dozón, Deza e Ventosa.

O Camiño Alto

Son as terras que circundan a parte central de Doutor Carracedo, no Calvario, rúa da que seguramente reciban o seu nome.

► Posiblemente referido a un camiño que corría pola parte alta dese lugar, seguramente sobre un valado ou unha riba.

O Camiño de Baixo

É o cornello que forman a avenida do Aeroporto e mais a Subida ás Ánimas. O camiño do que recibe o nome hai décadas que xa non existe.

► Topónimo situacional de motivación universal: 'o camiño que corre por debaixo do punto desde onde se observa'.

O Camiño Vello

Terras e camiño homónimo que bordean o *lugar* de Naia polo norte.

► Do nome dun camiño anterior a outro de máis recente apertura ou uso.

O camiño do que recibe o nome este topónimo, de vella fasquía pero moi maltratado polo asfalto, baixa da estrada de Madrid en Naia-a-Alta e baixa costaneiro ata o centro do barrio de Sabaxáns, onde pouco antes se divide en tres camiños que baixan para O Sarabio, A Bouzaboa e as casas vellas de Sabaxáns, sendo este último a prolongación natural do Camiño Vello, que toma nesa zona o nome de *camiño das Cortellas*.

Caralladas debeu ser en Lavadores un alcuño xenérico aplicado a xente festeira e especialmente a gaiteiros, músicos ou bailadores, non un alcuño familiar stricto sensu. Isto vese claramente nesta *copla* que recollín na veciña parroquia de Sárdoma, onde aparece exactamente o mesmo alcuño que deu nome ao *Campo de Caralladas*:

— Toca o pandeiro, Forellas,
que vai beillar⁴ Caralladas.
— ¡Aghora xa non se estila
o pandeiro nas foliadas!

O Campo do Ferreiro

É un lugar, recentemente urbanizado, en Ramón Nieto (entre Tomás Elvira e Cantabria). Hoxe está case todo ocupado pola nova urbanización Atalaya Sol; polo norte chega ao colexio Atalaya - Cantabria.

► Referido ao alcuño ou oficio dun dos seus antigos posesores.

Por máis que inquirín aos nativos informantes, ninguén se lembra que tal lugar se chamase A Atalaia (como parecen indicar os nomes da devandita urbanización e mais do colexio), aínda que ben puido chamarse así e que posteriormente pasase a coñecerse só polo nome do seu propietario (O Campo do Ferreiro), perdéndose a vella denominación Atalaia (se é que nalgún momento se chamou así). Tamén non na documentación se rexistra nunca *A Atalaia*.

O Campo Grande

É a empinada ladeira limitada por riba polo camiño do Monte e por baixo pola rúa Vista do Mar, na grande aba occidental do monte de Figueiró, concretamente no *lugar* de Pé do Monte.

Hai outro lugar chamado *O Campo Grande*, situado na avenida do Aeroporto, San Paio, na parte baixa da ladeira que da volta da Rotea sobe á rúa do Areeiro, rúa que non chega a tocar.

⁴ Bailar.

- Un prado natural (dada a situación dos topónimos) de grandes
mensións relativas.

Os Campos da Señorita

Terras de labor entre a saída do camiño do Sobreiro e a rúa da Anduriña, pretilo de Martínez Garrido.

- Do alcuño dunha antiga posesora destas terras.

O Campo do Xeveiro

Lugar, aínda hoxe mormente sen construír, á esquerda da parte baixa da rúa Cantabria, desde o empalme con Ramón Nieto.

- O terreo propiedade dun *xeveiro*, ou sexa, dun home proveniente de Santa María ou Santo André de Xeve, en Pontevedra, parroquias comunmente chamadas Os Xeves: un canteiro, pois a finais do século XIX e principios do XX moitos canteiros de Xeve establecéronse en terras do Fragoso debido á crecente demanda do seu oficio nestas terras nesa época.

En terras de instalación de antigos canteiros dos dous Xeves hai outros topónimos derivados, como *A Tomada do Xeveiro*, en Aldán (Cangas), polo que *O Campo do Xeveiro* de Lavadores non está illado. Ademais, no mesmo Aldán *Xeveiro* e *Xeveira* son alcuños familiares aínda hoxe vivos. Compárese co topónimo *O Soutelán*, en Coia, derivado do xentilicio dun canteiro vindo de Soutelo de Montes, parroquia da Madanela de Montes (Forcarei, PO), epicentro da terra dos canteiros que viñan traballar ás Rías Baixas, xunto cos dos Xeves, os de Xirazga, os de Pigarzos (A Lama) e, especialmente, os de Tourón (Pontecal-delas), malia que os canteiros de Tourón (dos que tantos se instalaron entre nós) non deixaron presenza toponímica como os de Xeve ou os de Soutelo de Montes (polo menos no Fragoso e no inmediato Morrazo, ignoro se noutros lugares).

O Carnaval ou O Carnaval de Meira

Situáase no Toxal (parte final desta rúa e da Cuarta Travesía de Estremadura, nun valciño ao norte do Calvario, moi húmido e aínda hoxe sen urbanizar, con arboredo e mato, por onde baixa o regueiriño que vén da Fonte da Chorsa [fonte do Toxal]).

► Lugar onde, por húmido, medraban as canas.

A Candeia. O Candieiro

A Candeia é a chansina onde hoxe se une a avenida do Aeroporto coa rúa de Aragón; é a parte alta do antigo *barrio* de Riomau. No lugar nacía moita auga (á beira estaba a *fonte do Cardoso*) e había varias presas de regar (chamadas *pozos* aquí, como o *pozo de Neira*) e aínda unha mina de auga (a *mina da Candeia*).

O *Candieiro* é unha pequena fondura ao poñente da Travesía de Vigo, aínda hoxe cunhas poucas casas unifamiliares e antano boas terras con regadío traído das presas de Malvesada; está entre o empalme da rúa Doutor Antón Beiras con Numancia ata a Travesía de Vigo, atravesada pola rúa chamada hoxe, felizmente, *rúa Candieiro*, no *barrio* do Caride.

► Posiblemente referido a unha área de monte baixo ou alto a onde se ían buscar pólas e paus para combustible do fogar.

Son os dous derivados do latín CANDELA ‘cirio; calquera cousa cuberta de cera ou de sebo para prender lume’; precisamente os paus para candeas untábanse de sebo e prendíanse para alumear; tamén se facía o mesmo coas piñas dos piñeiros; era un dos medios de iluminación máis arcaicos que subsistiron aínda en certas partes de Galicia ata mediados do século xx.

A Canexa do Catalán. A Presa do Catalán. Os do Catalán

A *Canexa do Catalán* é a estreita, curta e tortuosa ruela que une a rúa da Aguadiña e a avenida do Aeroporto, preto do empalme de ambas as rúas.

Os do *Catalán* está, como os outros dous lugares, en San Paio, concretamente entre a avenida do Aeroporto e o camiño oficialmente chamado *das Cabadas* e localmente da *Cavada*.

► Topónimos referidos a poseedores de procedencia ou ascendencia catalá, dos fomentadores desa terra instalados en Vigo desde finais século XVIII e cuxa riqueza capitalista lles permitía ter moitas propiedades tanto na cidade de Vigo como nas súas contornas.

A Canteira

Sitúase na ladeira oriental do alto de Figueiró, sobre a rúa do Areeiro, por onde sobe o empinadísimo camiño chamado tamén oficialmente *da Canteira*, que, malia á súa orografía, ten varias casas.

► En referencia a unha pequena pedreira, quizais empregada por algún dos canteiros que viñeron do interior de Pontevedra para as grandes obras na nacente cidade de Vigo do XIX e principios do XX.

A Canterilla / A Cantrilla

Coñécese así ao pequeno lugar situado entre a igrexa de Santa Clara e as casas baratas de Álvarez, ambas incluídas, en Ramón Nieto.

► Derivado de *Alcantarilla* 'acueduto subterráneo, pequena ponte'.

Este castelánismo toponímico (traído sen dúbida polos técnicos que construíron a estrada de Villacastín, que cruza o lugar) fai referencia á pequena ponte que a dita estrada de Villacastín (actual Ramón Nieto) facía á altura das casas baratas de Álvarez, para salvar o regueiro que baixa da Fonte Escura (que hoxe flúe soterrado a partir das casas de Álvarez). O topónimo ten, xa que logo, pouco máis de cen anos de historia.

O Cañoto

Costa do terreo en San Paio, que baixa da rúa da Aguadiña (preto do seu empalme con Cabalaria) á avenida do Aeroporto.

► Referido ao vello cepo dalgún castiñeiro ou carballo.

Cfr. → *As Carochas*.

O Capitán (de Baixo e mais de Riba). A Costa do Capitán

É a ladeira que baixa das novas urbanizacións de Pardavila ata as naves industriais que hai no camiño do Recordo, descendo todo cara ao Porbelo, *lugar* ao que circunda polo norte; da rúa de Curros cara ao norte é O Capitán de Riba, e cara ao sur O Capitán de Baixo. *A Costa do Capitán* é o camiño chamado oficialmente Baixada ao Capitán.

► Derivado do sintagma *A do Capitán* ‘a terra propiedade dun home de oficio capitán ou alcuñado O Capitán’.

A Carballeira. As Carballeiras. Carballeiros

A Carballeira sitúase entrambas as dúas bandas da Travesía de Vigo, un pouco ao norte do seu entroncamento coa rúa de Estremadura e a rúa de Redomeira, por enriba do Toxal.

Hai outro lugar chamado *A Carballeira* en San Paio, nas encostas hoxe cubertas de casas, por onde vén a parte baixa da rúa Cabalaria; ocupa, xa que logo, as dúas bandas desa rúa desde o empalme coa avenida do Aeroporto ata a parte central da chamada rúa Carballeira, que ostenta o nome deste lugar, aínda que co esquecemento oficial da preposición e, sobre todo, do artigo...

As Carballeiras é a ladeira meá entre Aragón e Travesía de Vigo, desde co cruzamento do camiño das Pinelas coa rúa de Aragón cara ao sur e poñente.

Carballeiros, topónimo hoxe moi coñecido, media entre As Cortellas de Sabaxáns e a parte baixa da Lamballa, no mesmo Sabaxáns, formando un valigato ao sur das encostas que baixan do → Camiño Vello, aínda hoxe con bastantes carballos e terras de labor;

é Carballeiros unha das zonas de Lavadores que mellor conservou a esencia rural frágosa tradicional case sen ser conturbada.

► Referidos a bosques de carballos, seguramente sen pechar ou cercar, pois senón chamaríanse → *Devesa*.

O Cardoso. O Cuarteirón do Cardoso. A Fonte do Cardoso

O *Cardoso* sitúase na área, hoxe case por completo urbanizada, delimitada polas rúas Estremadura, Aragón e Jenaro de la Fuente, en fronte do empalme da avenida do Aeroporto. No lugar está o edificio das adegas Bandeira. O *Cuarteirón do Cardoso* é como se coñece ao terreo onde está o dito edificio de Bodegas Bandeira, a quen adoitan chamar a *bodega do Cuarteirón do Cardoso*, aínda hoxe moito, malia que leva tempo arruinada a adega. A *Fonte do Cardoso* é o lugar do Cardoso que ocupa a parte máis setentrional dese cuarteirón, onde o cruzamento de Estremadura con Aragón, en Riomau de Riba, e nel houbo unha mina de auga: a *mina do Cardoso*. Todos estes lugares están hoxe absolutamente urbanizados, pero conservan ben a súa toponimia debido a estaren pegados ás decrépitas aldeas-illa de Riomau, A Calveira, O Mouregade e A Guixavar, cuxa xente nativa lembra O Cardoso sen urbanizar e di «vou ao Cardoso» cando van ao trinio que forman Aragón, Jenaro de la Fuente e avenida do Aeroporto.

► Un prado abundante en *cardos mansos*, que en Lavadores era a herba preferida polo gando ovino, e polo tanto os *cardosos* eran ata hai pouco uns pasteiros moi procurados, alá onde os había, polos pegureiros.

O que en Lavadores se chama *cardo* ou *cardo manso* son varias especies do xénero *Sonchus*, especialmente o *Sonchus asper* (L.) Hill. e o *Sonchus oleraceus* L., coñecidas como *leitarugas* na maior parte de Galicia e *cerrajas* en castelán. Formaban parte estas dúas especies dos prados que habían pacer as ovellas, que amaban estas herbas especialmente. O por que estas herbas se chaman *cardo* en Lavadores, cando non o son nin o semellan, é algo que se me escapa, pero posiblemente sexa debido á forma aserrada das súas follas, que poden parecerse ás dos cardos propiamente ditos.

O Caride

O Caride, mal oficializado *Caride* (sen artigo) no Nomenclátor da Xunta, é o barrio máis periférico da histórica parroquia de Lavadores; tamén o que máis se viu afectado polo crecemento da cidade de Vigo e o que máis sufriu a perda da súa antiga rede urbana e paisaxe. O seu territorio vai desde o límite con Teis en San Xoán do Monte ata o regueiro de Meira, e baixa da rúa Cantabria ata a Travesía de Vigo. Está atravesado, logo, por importantes vías de comunicación, como as mencionadas rúas e mais a rúa de Aragón (que corta toda a parte central do Caride de norte a sur). A parte de San Xoán do Monte que pertencía a Lavadores é do *barrio* do Caride, como aínda teñen moi claro os nativos do lugar; de feito a ermida de San Xoán, hoxe igrexa, chamouse sempre San Xoán do Caride e só se comezou a chamar ‘do Monte’ moi recentemente.

► Do antropónimo de poseedor medieval *Quaeritus*.

Trátase do nome dun antigo posesor destas terras chamado *Quaeritus*, a través de *(TERRA) QUAERITI 'a propiedade dun home chamado Quaeritus'. O citado antropónimo en xenitivo houbo dar ***Queride*, pero o paso a *Caride* non é discordante e está presente noutros topónimos provenientes do mesmo nome persoal.

A presenza do artigo, non etimolóxico, é moi moderna e de feito non se rexistra en ningún documento, nin sequera hoxe, cando a Toponimia oficial da Xunta oficializou *Caride* sen artigo, seguramente por descoñecer a pronunciación tradicional da xente da zona e da contorna.

A de Carnero

É o lugar situado no cruzamento da Travesía de Vigo con Numancia, cara ao poñente.

► Do apelido de posesor *Carnero*, moi común antano no Fragoso.

As Carochas

As Carochas son unhas terras de labor na parte do norte do camiño oficialmente chamado *Baixada á Orxa*, a ambos os lados, preto do empalme coa rúa de San Xoán do Monte.

- Seguramente referido a un lugar con castiñeiros vellos ou aos seus cepos restantes ou sobexeiros.

De entre os varios significados que ten *carocha* en galego, só é minimamente probable como topónimo o de «cepo dun castiñeiro» e, por extensión «castiñeiro vello». Sería o mesmo que topónimos próximos como O Cepo (Aldán, Cangas), A Cachopa (Darbo, Cangas) ou O Cañoto desta mesma parroquia.

A Carota

Popular zona de Sabaxáns, no corazón do *lugar* de Naia, nas fortes encostas que soben a ese lugar. Antes había moitos carballos, pero hoxe poucos fican, xa que o labradío andou moito desde o século XIX, cando a gran devesa real da Carota pasou a mans particulares e se puxo en gran parte a cultivar tras partillarse.

- Topónimo oscuro, posiblemente prerromano (pero no probable).

O topónimo é escuro e moi pouco frecuente; só coñezo, perto de Lavadores, un topónimo *Carotes* na veciña Cangas, que é un dos picos da Serra da Madalena, que separa as parroquias de Aldán e Darbo. Ese alto de *Carotes* é unha forma relaxada de *Carotas*, plural da Carota lavadoreira.

Se algo teñen en común A Carota de Lavadores e mais os Carotes de Cangas é que ambos os dous son zonas de moitísima pendente, costaneiras en extremo. Por iso a única vía posible de entender a súa etimoloxía é achegalos a unha suposta (pero coñecida) raíz prerromana co significado de ‘pedra, penedo, monte’. Pero sempre hai que ter en conta que nos microtopónimos é moi difícil que se conservase intacta ata hoxe unha denominación prerromana. A Carota (como Carotes) ha ser á fin de contas, malia que dixen, un topónimo romance non moi antigo, pero a identificación etimolóxica é moi escura. Se o segmentamos como un despectivo (que é o que parece indicar o seu sufixo) nada pescamos tampouco.

O Carreiro

É o lugar delimitado polas rúas do Xílgaro, Doutor Toscano, do Corvo Mariño e do Estornioño, entre Martínez Garrido e Gregorio Espino. Ten como punto central os xardíns da rúa do Canario, todo na Dobrada.

► Fai referencia a un camiño estreito para o paso de peóns e gando menor, característico por ser o único transitable da zona, polo que callou como topónimo referencial, vivísimo aínda hoxe despois da urbanización.

O topónimo refírese, sen dúbida, ao longo carreiro que baixaba do Couto e do San Roque á fonte de Medeiros, que na súa parte baixa (no noso Carreiro) deu nome ás terras que o bordeaban; circundaba polo sur a gran devesa real de Medeiros. Hoxe nada fica dese camiño, e só o topónimo non lineal O Carreiro queda como testemuño.

O Casal (de Baixo e mais de Riba)

O Casal é un dos *lugares* que forman o barrio de San Paio pero tamén ten parte no de Riomau. Ocupa as mortais ladeiras superempinadas que forman a aba de poñente do monte de Figueiró, todo cuberto de ducias de casas mestas; sobe O Casal desde a rúa Cantabria ata o camiño de Figueiró, ao sur dos depósitos de Aqualia, e divídese no Casal de Baixo, por riba da rúa Cantabria, e no Casal de Riba, na parte máis alta. A rúa oficialmente chamada *rúa do Casal* coñécese, con todo, como *o camiño da* →*Esfarrapada*, non do Casal como mal consta na placa.

► Significa ‘granxa con casa e terras ao seu redor’.

Os casais eran un típico sistema de poboamento na Galicia medieval. Pode ter tamén un sentido colectivo de ‘conxunto de casas de campo’, pero é moderno e non parece vir ao caso.

As Casas Vellas

É un lugar do Casal, situado por baixo do camiño da Romalla á altura do cornello sueste dos depósitos de Aqualia.

► Referido ás primeiras casas que se construíron nese lugar, hoxe inexistentes.

A Casqueira. A Canexa da Casqueira

A *Casqueira* é a suave pendente que hai entre a rúa Cabalaria e o principio da rúa do Rosal Florido, con varias casas. A *Canexa da Casqueira* é a ruela sen saída que parte do empalme das rúas Cabalaria con Rosal Florido e que oficialmente se chama *rúa da Canexa*, a secas.

► Referido a un antigo serradoiro de madeira que houbo no lugar, máis concretamente a un casqueiro ou *casqueira*, que era onde se *descascaban* os troncos ou rolos antes de serralos.

O Castañal. O Castañal de San Paio

Ata hai poucos anos era un *eirado* ou praciña, coas terras ao seu redor que tamén recibían o nome do Castañal de San Paio. Está exactamente arredor de empalme da rúa Cabalaria coa rúa Rosal Florido e a rúa da Canexa, subindo ao norte pola rúa da Igrexa (pero sen chegar á igrexa de San Paio nin ao colexio, que xa están no Piricoto do Pinal).

► Estes topónimos teñen que ver con antigos *soutos* ou bosques de castiñeiros.

Castiñeiras

Terras entre a Baixada ao Capitán e a parte alta da rúa Santa Cristina (ao longo de Ernesto Lecuona e cara ao sur), todo cuberto de casas.

► Forma colectiva arcaica de *castiñeiro*; o topónimo refírese, logo, a un *souto* ou bosque de castiñeiros.

Sempre se pensou que o enxebre castiñeiro foi traído a Galicia polos romanos, pero ultimamente as análises paleopolínicas parecen

indicar que xa había castiñeiros aquí antes de os romanos viren. Os nosos castiñeiros, que antigamente se deberon chamar aquí *castiñeiras* (como indica a toponimia), son a *Castanea sativa* Mill. = *Castanea vulgaris* Lam. = *Castanea vesca* Gaertn e abundaron moito antes na parroquia; hoxe só se ven uns poucos exemplares en Sabaxáns e na Bouciña (alén duns poucos nos montes de Salcides).

O Monte do Castelo / O do Castelo

Lombeiro elevado entre a rúa Paz Pardo e a autovía das Rías Baixas, onde se sitúa o colexio Montecastelo.

► Fai referencia ao topónimo *O Castelo*, que xa fica na parroquia de Bembrive.

O colexio que coroa o cimo do lugar chámase Colexio Montecastelo, tal como a rúa que dá a el se chama oficialmente *Subida a Montecastelo*, pero todo é errado, pois o lugar ninguén o coñece como Montecastelo, senón como *O Monte do Castelo* ou ben *O do Castelo* (clara elipse de *O [Monte] do Castelo*), inda nunca Montecastelo, que é forma creada e difundida polo mencionado colexio e asumida pola nomenclatura viaria oficial do Concello.

Xa na parroquia de Bembrive hai un lugar chamado O Castelo, do que o noso Monte do Castelo é continuación xeográfica monte abaixo: están contiguos, pero o primeiro é de Bembrive e o segundo de Lavadores.

O Castro. A Fonte do Castro

Está no centro da rúa Toledo, no medio do *lugar* (subaldea) da Corredoura. A *Fonte do Castro* situábase no centro dese lugar e callou recentemente como topónimo.

► De *castro* ‘altura fortificada, romana ou prerromana’.

O lugar está atravesado por un dos camiños máis antigos de Vigo que, dependendo do treito, recibe os indicativos nomes de A Brea-A

Hai outro lugar chamado *A Cavada* moi preto do anterior, pero que non ten nada que ver

A Cavada Vella é unha parte da ladeira occidental do monte de Figueiró, xusto enriba

Malia seu tamaño e fortísima personalidade, pertence tradicionalmente ao *barrio* da

Bagunda, cuxas terras centrais ocupa, co que ten a categoría de *lugar*, ou sexa, subaldea. Trátase dunha das zonas máis típicas de Lavadores e soubo conservar o seu carácter (incluso a súa relativa ruralidade) malia situarse a poucos metros da área urbana de Martínez Garrido.

► Fai referencia a hortas dedicadas ao cultivo da cebola.

A xente nativa pronuncia *A Sobuleira* ou *A Soboleira*.

Stricto sensu habería que entender *A Ceboleira* como referida a unha pequena horta adicada ao cultivo de verduras, especialmente cebolas, pois tal é o sentido común e xeral de *ceboleira* ‘pequeno cadriño de horta para botar cebolas, allos ou allos porros’. Pero topónimo tan antigo e fundamental como a nosa *Sobuleira* non parece casar ben con algo tan nimio como unha *ceboleira*, co que inescusablemente lle hai que procurar un sentido colectivo: non sería así unha soa *ceboleira* senón un conxunto de terras máis ou menos amplo dedicadas ao cultivo de cebolas ou outras hortalizas.

Centeáns

Importante lugar ao norte do Calvario, situado no primeiro treito da avenida do Aeroporto, concretamente entre o camiño da Orxa e un pouco a apoñente do cruce de Mestre Soutullo, baixando desa avenida ata o valciño por onde flúe o *regueiro de Meira*, pero sen chegar a el (porque se interpoñen As →Vesadas polo medio). Ten moitas casas e ata edificios, pero tamén varias terras de labor (case todas a monte), sobre todo cara ao valciño.

► Derivado de CENTENALES ‘campos de centeo’.

A forma actual *Centeáns* é unha variante fragosiña do xeral *Centeás*. Toda a xente pronuncia *Santiáns*, trisilábica e con disimilación da antepretónica (os castelánfalantes din *Santeanes*).

Botouse no Fragoso moito máis o centeo que o trigo (cuxo cultivo era aquí pouco menos que testemuñal), e por iso é moito maior nestas terras o número de topónimos referidos ao centeo que ao trigo.

Cerdeira

Son uns labrandíos en Sabaxáns, baixando das Cortellas, nunha zona bastante pendente onde aínda hoxe se ven algunhas froiteiras, non xa cerdeiras senón ameixeiras, pexegueiros e, sobre todo, maceiras de varias castes.

► De *cerdeira*, un dos dous nomes fragosiños actuais da *cerdeira*, do latín CER(A)SARIAM.

A xente do lugar pronuncia *Sirdeira*.

O máis probable é que se refira á *Prunus cerasus* L., que é a cerdeira doce das hortas de Lavadores, pero é tamén posible que este antigo topónimo lavadoreiro faga referencia á *Prunus avium* L. ou cerdeira brava, malia que non existen hoxe cerdeiras ventureiras en Lavadores nin os informantes máis vellos se lembran de as haber.

A Cerquiña. A Cerquiña de Riba. A Barxa da Cerquiña

É o fondo e chaira val onde a rúa Gandarón cruza o río Lagares, preto da avenida de Madrid; o lugar, que foi unha barxa moi mollada ata hai pouco, está hoxe completamente ocupado por boa parte do Polígono Industrial de Gandarón. *A Cerquiña de Riba* sitúase da mencionada ponte cara ao sur. *A Barxa da Cerquiña* ocupa a ribeira do Lagares desde esa ponte cara ao norleste.

► Diminutivo de *cerca* ‘valado que bordea e pecha un terreo’.

As Chans

É a portela, reducida pero moi chaira, que se abre entre a autovía Rande-Puxeiros e o cruzamento do camiño do Paraísal de Riba coa rúa de Figueiró. A dita portela é a divisoria natural entre o val do Fragoso propiamente dito (ou sexa, a cunca do Lagares) e a cornixa marítima de Teis; separa, como unha boca, o alto de Figueiró e os montes de Xunco Mariño. As Chans eran atravesadas polo vetusto camiño que unía Candeán con Rorís (ao sur de Teis), do cal hoxe queda moi pouco.

► Ten o significado de ‘achanzamento do terreo despois dunha costa’, máis que unha chaira propiamente dita.

O Charau

Son as encostas por baixo da →Guindeira e por riba da Rotea de Baixo, en San Paio; área humidísima pero ultrasollosa por onde baixan pequenas torrenteiras das encostas do Areeiro, do Montiño da Campa e do Monte de Figueiró, que se reúnen no Barrouco, enlágándose as ditas augas no Lavadouro do →Barrouco e aínda máis arriba en dúas presas máis, desde onde se desviaban os *peirados* ata chegaren aos regadíos da Fonte Escura (e aínda alemparte).

► De significado escuro, pero posiblemente emparentado coa vella palabra turónica *charrau* e formas afíns, viva hoxe en parte do Baixo Miño co significado de ‘terra lixeira e de mala calidade’.

Na propia parroquia de Lavadores un *charrau* (con duplo -r-) é un dos dous nomes que ten o pardal, palabra que Eladio Rodríguez, no seu Apéndice, recolleu na veciña parroquia de Sárdoma como *charrao*, de evidente motivación onomatopéica. Pero unha palabra lavadoreira viva como *charrau* ‘pardal’ non puido callar en topónimo cunha forma *charau* (con -r- simple), dada a vitalidade da palabra e a natural influencia que exercería nun eventual desvío fonético cara a *charau*, e máis aínda se, como parece, fose o alcuño dun posesor (se desta voz viñese), polo que **A Leira do Charrau* ‘a leira propiedade dun home alcumado O Charrau = O Pardal’ houbo dar **O Charrau*, pero non *O Charau* actual (compárese ademais co topónimo →O Pardal, do veciño barrio da Bouciña: elipse dun sintagma antroponomástico deornitonímico).

Como en moitos casos semellantes, convén o recurso a un feito agrario, pero neste caso a feblísima base comparativa conta coas mesmas eivas fonéticas que no caso do ornitónimo anterior: *charrao*, forma que Aníbal Otero recolleu en Guillarei (Tui) co significado de ‘terreno ligero y de mala calidad’ e que non aparece en ningún outro compendio lexicográfico, pero que ten a vantaxe de ser unha voz turística e polo tanto cun posible uso pasado en Lavadores. O mesmo lexicógrafo piquinense achega un sinónimo *charrasqueira* recollido en Louredo (de Salvaterra?) e unha forma masculina *charrasqueiro* (en

Pesqueiras, Salvaterra de Miño) que define *sub voce* ‘carrasqueira’ como ‘el terreno ligero y excesivamente permeable, que no guarda el agua’. Desde logo esta última definición –e aínda a de *charrau*– veñen moi ao caso das características físicas do Charau de Lavadores, como se viu na súa descrición máis arriba. Pero aínda existindo ese problema fonético, este podería solucionarse postulando unha variante lavado-reira con -r- simple do *charrau* tudense.

Os Choróns

Véxase *sub voce* → *A Fonte dos Choróns*.

Cipide

Localízase en Riomau, subindo ata a avenida do Aeroporto, coa que linda preto da rúa Cantabria.

► Forma moderna de *Cepide*. O seu significado refírese seguramente a un *viñal* ou viñado, literalmente un terreo plantado de cepas de viña.

Nos documentos antigos sempre aparecía como Cepide ou, sobre todo, Zepide, pero hoxe toda a xente pronuncia Sipide. Significa ‘campo cheo de cepas ou cepos, lugar abondoso en cepos ou cepas’, referido con seguridade a un *viñal* ou viñado e idéntico aos máis regulares *Cepeda* de Pazos de Borbén e do Hío (Cangas). Trataríase dun sinónimo de *cepal* ‘viña’, literalmente ‘terreo dedicado ao cultivo de cepas (de vide)’, voz e definicións recollidas só no dicionario de Eladio Rodríguez e repetidas tal cal en Franco Grande pero moi presentes toponimicamente na área da ría de Vigo.

Os Cocheiros

Son as terras que median entre Barreiro e Cambeses, circundando a zona da Feixa, xusto onde comeza a fondura que baixa ao Lagares.

► Derivado individualizador da palabra fragosiña *cocho* ‘pequeni-sima peza de labradío adicada a horta’; refírese, xa que logo, a cada un dos *cochos* que se destacan no medio de leiras de maior tamaño.

**O Cocho. O Cocho do Couto. O Cocho da Fonte.
O Cocho da Guixavar. O Cocho do Laranxo.
O Cocho do Mouregade. O Cocho de Naia.
O Cocho da Naiana. O Cocho do Pereiro.
O Cocho de Riomau. O Cocho do Senllo.
O Cocho do Senllo de Riba.**

Un Cocho sitúase na parte baixa da rúa Doutor Canoa, por baixo das →Escubas, *lugar* do Viso, *barrio* do Caride, case á beira da Travesía de Vigo e límite con Teis.

Outro *Cocho* son as terras situadas no triángulo que forman o Camiño Novo do Panasco e a rúa Santa Cristina.

E aínda hai outro *Cocho*, situado na rúa Vista do Mar, no Casal, en fronte do cornello sueste dos depósitos de Aqualia.

O Cocho do Laranxo son unhas terras entre A Gandariña e Vilar, onde se conserva aínda algunha casa vella.

O Cocho do Pereiro sitúase en Bouzaboa, cara ás casas.

O Cocho do Senllo son uns labradíos en zona baixa e mollada localizados na ponte que fai a rúa Manuel Álvarez sobre o Lagares, ao norte dela, ata a cerca da fábrica de Álvarez.

► Todos estes topónimos conteñen a palabra fragosiña *cocho* ‘pequenísima peza de labrantío adicada a horta’.

Xa advertín no primeiro volume desta colección que no Fragoso os topónimos *Cocho* teñen un sentido agrario semellante ao de horta; nada que ver con ningún lugar agochado, como aínda se adoita dicir irreflexivamente moitas veces.

A do Coello. A Coenlleira

Está no *barrio* de San Paio, na man esquerda do camiño do Areeiro, entre ese camiño e a autovía Rande-Puxeiros, coa que linda polo norte.

A Coelleira é unha pequena área nas casas do lugar do Piñeiro, non lonxe da avenida de Madrid.

► A *do Coello* refírese seguramente a un antigo poseedor destas terras a través do seu alcuño. Non se refire ao animal, pois, entre outras cousas, en todo o Fragoso aos coellos chámaselles *coenllos*, non *coellos*. A *Coenlleira* fai referencia a un lugar abundante en coellos, en caza de coellos ou un sitio con moitos tobos seus.

O tradicional alcuño *Coello* está aínda hoxe moi vivo en Lavadores, de feito unha das miñas máis valiosas informantes foi *Carmiña 'A Coello'*, de Curros, que ostenta o alcume.

A Cordeira

A Cordeira é unha zona situada no límite coa parroquia de Sárdoma, ao longo do pequeno camiño do seu mesmo nome, con algunhas casas e labradío, moi preto da avenida de Madrid e do final da rúa da Anduriña. A meirande parte do lugar está dentro de Lavadores, pero ten unha parte na de Sárdoma, onde, con todo, están case todas as casas. O Nomenclátor da Xunta dáo como núcleo de poboación, pero A Cordeira nunca foi *barrio*, nin tan sequera *lugar*, senón simplemente unha zona, por moito que hoxe estea poboada (moi escasamente, por certo).

► Topónimo enganoso, posiblemente cun sentido agrario de ‘terra serodia en frutificar’ ou mesmo aínda de ‘terra longa e estreita’.

É un topónimo medio fusco, malia á súa aparente transparencia. Se lle achegamos o sentido exposto na sinopse estaríamos perante un derivado do latín *chordus* ‘tardío en nacer, serodio’ a través do derivado adxectivo *ILLAM (TERRAM) CHORDARIAM, ou sexa, ‘a terra serodia, a que dá froito do tarde, do tardío; a terra que non é do cedo’ (compárese co topónimo →O *Serodio*, lugar nesta mesma parroquia).

Noutra orde de cousas, a relación coas *cordas*, sexa ésta a que for, non parece convincente, bardante estarmos diante dun caso como *As Cordiñas* (Aldán, Cangas), que é un polígono de leiras moi longas e estreitísimas, como cordas; ou *O Cordón* (varios en Moaña e algún tamén en Cangas), referidos a leiras con forma alongada e estreita coma un cordón. Se

así for, *A Cordeira* de Lavadores sería unha especie de adxectivo individualizador co significado de ‘leira cuxa forma tende a ser como o dunha corda: longa e estreita’, pero non pasa dunha simple posibilidade teórica indemostrable. Non se descartan, tamén non, outras posibilidades.

O Cornucho

Costa do terreo que sobe do lugar da Bouciña, con varias casas. Din que disque seica no Cornucho naceu A Bouciña, pero o certo é que, malia ter casas vellas preto e lindando, non está no 'centro' dese *barrio*.

► Referido a algo con forma apicoada, cónica, seguramente unha pedra ou un gran marco liminal, pero tamén é posible, acaso mellor, que se aplicase ese nome a un ángulo entre camiños, sendo neste último caso sinónimo de *cornello*, o cal, asemade, énos comparativamente máis pertinente.

En Lavadores hai tres palabras vivas comparables ao nome deste topónimo: os *cornuchos* das barras de pan, que son as dúas puntas dos seus extremos; os *cornuchos* do *pano da cabeza*, que son as puntas do pano que as mulleres puñan antes na cabeza, puntas que se anoaban debaixo do queixo para o pano non caer. E as *cornichas*, que son unhas ameixas de mar pequenas e brancas, semellantes ás cadeluchas pero moito máis prezadas.

A Corredoura. Os Campos da Corredoura

No PTGa recolleuse como *barrio* (=aldeia), pero en realidade foi sempre un *lugar* (=subaldeia) do *barrio* de Riomau. Ocupa unha meseta bastante elevada sobre O Calvario, entre a avenida do Aeroporto e a rúa Cantabria, todo ao longo da rúa Toledo. As casas vellas estaban cara ao final desa rúa, preto de empalmar con Cantabria. Os *Campos da Corredoura* son as terras, hoxe aínda sen urbanizar, que baixan da rúa Toledo á rúa Cantabria.

► Forma turónica e morracense do galego xeral *corredoir*a ‘camiño de carros estreito entre valos ou muros’.

A corredoira a que fai referencia o topónimo é sen dúbida a actual rúa Toledo, que ocupa o trazado do antigo camiño que baixaba de San Paio a Vigo por Riomau e O Calvario. Por el viñan a Vigo os de Candeán de Arriba e os das parroquias meridionais de Redondela (Vilar de Infesta, Caaveiro etc.). Era a vía de acceso aos importantes barrios de Pardavila e San Paio antes da construción da avenida do Aeroporto. A prolongación desa corredoira, xa na zona do Pino, recibía o nome de A Calzada, e o seu inicio no barrio de Pardavila coñécese aínda hoxe como A Brea, todo o cal delata a antigüidade deste camiño. A parte central do lugar da Corredoura, que tamén é o máis alto, chámase →O Castro.

As Cortellas

Hai en Lavadores dous lugares chamados *As Cortellas*: un está en Sabaxáns, na saída das casas vellas cara ao leste, onde desemboca o Camiño Vello, que baixa de Naia-A-Alta. O outro sitio chamado *As Cortellas* está metido nas casas da Ceboleira, hortas que chegan case ata a rúa da Pateira, que baixa polo norte.

- Referido a varios pequenos cortellos ou cortes usadas para aco-
ller o gando miúdo, como as cabras ou as ovellas.

A Costa de San Paio

É o treito central da rúa Cabalaria, antes de chegar á curva onde empalma coa rúa da Aguadiña. Trátase dunha costa moi agre.

- Neste caso *costa* refírese a un camiño en pendente, non á pendente do terreo propiamente dita.

0 Costal

Son as encostas situadas na zona alta da Gandariña, concretamente á beira da travesía da Subida a Montecastelo, travesía que se coñece tradicionalmente como *o camiño do Costal*.

- Forma adxectivo de *costa* (dun terreo), co significado de ‘lugar cheo de costas, sitio costaneiro’.

A Cotarela / A Cutirela / A Cutrela

Terras entre Vilar e A Ceboleira, a nascente da Poupá e á beira da rúa Gandarón; hoxe ten varias naves industriais pero aínda se ve algo da barxa que ocupaba ata hai pouco boa parte do lugar.

► Significa ‘pequeno outeiro, máis ou menos agudo’.

Trátase dun antigo diminutivo de *cótar* ‘outeiriño agudo’, á súa vez derivado de *coto* ‘outeiro’, vella palabra prerromana aínda viva en certas partes de Galicia e Portugal (véxase embaixo → *O Cotón*).

O Cotón

Este importante lugar está pegado a Gregorio Espino polo levante, desde o entroncamento coa rúa da Pega ata o da rúa do Xílgaro; penetra ata as rúas do Estornioño e máis a do Pardal, todo con novas edificacións, na Dobrada.

► Probablemente se refira a algún vello pé de carballo ou castiñeiro que quedou como testemuña tras ser cortado ou abatido polo vento. Non se descartan outras posibilidades.

En teoría *O Cotón* podería ser o aumentativo da común palabra *coto* ‘outeiro’, xa que hai *Cotelo*, o seu diminutivo. Pero é raro abofé, xa que o lugar é bastante chaira e sen un gran coto, un cotón, que des tacase, amén da propia rareza desa forma aumentativa. O recurso ao *cotón* como ‘pé vello de carballo ou castiñeiro’, expresado na sinopse, parécese ben máis probable.

A Coutada. A Coutada das Ánimas. A Coutada Nova

A *Coutada* é o lugar situado entre a Séptima Travesía da Rúa Numancia e a Cuarta Travesía da rúa de Estremadura, ambas incluídas, ao norte do Calvario, centro do *barrio* de Riomau. Hoxe as casas están mestas, pero antes do *boom* urbanístico había tamén algunha casa vella, pois A Coutada ocupa boa parte do que foi o centro da antiga aldea de Riomau (aínda se ven na Coutada restos de hortas, froiteiras e terras de labor a monte, con algunha casa de fasquía moi antiga, das poucas que quedan do vello Riomau).

A *Coutada das Ánimas* trátase da alta ladeira do monte de Figueiró que vai desde a sé da Asociación de Veciños de San Paio ata as casas da Ferradoura (sen incluílas): entre a rúa de Figueiró por riba e a do Casal de Arriba por baixo, na zona das →Ánimas (véxase), de quen depende toponimicamente.

► Topónimos derivados da palabra fragosiña *coutada*, que neste val ten o significado de ‘propiedade de monte’.

0 Couto

O Couto é unha zona correspondida co cornello máis occidental da parroquia e correspóndese cunha das súas áreas máis urbanizadas. Tradicionalmente era un *lugar do barrio* da Ceboleira, cuxo centro fica moi afastado do Couto, co que, unido á urbanización, esta adscrición xerárquica se estea a perder. Ocupa o territorio mediante entre Gregorio Espino e a rúa de San Roque, nunha ladeiriña hoxe case completamente urbanizada. Trátase dun pequeno anaco do histórico e amplo barrio do Couto, hoxe completamente urbanizado, repartido entre as parroquias históricas de Sárdoma, Freixeiro, Santiago de Vigo e este pequeno cornello de Lavadores.

► Porción de terra acoutada, xeralmente propiedade dun señor ou fidalgo, neste caso referida sen dúbida á gran terra cercada onde están o pazo e a capela do San Roque, que antano era moito máis grande.

Coutomariño

Coñecen así a unha zona na Ceboleira, que circunda esa subaldeia polo leste e sobe en pequena costa. Hoxe ten moitas casas.

► Posible deformación de ****Cotomeliño** ‘pequena elevación do terreo’, de *cotomelo* ‘outeiriño’.

Teoricamente podería tratarse dun *couto* (terreo pechado) propiedade de alguén apelidado *Mariño* e vir dun antigo *Couto de Mariño*, con normal perda da preposición. Pero o certo é que as cousas non son tan claras como parecen.

O Covelo

En Lavadores hai dous lugares chamados *O Covelo*: un está á par do cruzamento da Baixada á Orxa coa rúa de San Xoán do Monte, con casas e algún cultivo cara ao sur, que linda coas Carochas. A parte máis ao sur destas terras coñécese ás veces como *O Coveliño*, pero non exclusivamente, forma derivada e dependente do Covelo do que forma parte.

Outro lugar chamado *O Coveo* é unha zona chaira ao sur de Vilar, onde está o almacén de coches da Toyota e que chega polo norte ás primeiras casas de Vilar.

► Significa ‘pequeno lugar cóncavo ou fondo; un pequeno fondón do terreiro’, diminutivo do adxectivo covo ‘cóncavo, profundo’.

O Campo da Coxa

Hortas no centro da Bouciña, hoxe con algunha casa.

► Do alcuño, ou, neste caso, sobrenome, dunha posesora destas terras.

O Cristo

Lugar ao redor da rúa do Cristo, no Calvario, especialmente no seu cruzamento con Urzaiz.

► Fai referencia ao cruceiro que houbo no Calvario, e que lle deu nome tanto a este lugar como a todo o barrio do Calvario.

A Cruz Branca

Terras ao redor da rúa do seu nome, no Calvario. Forman parte da área abranguida polo topónimo → *A de Romancho*, do que se diferenciou toponimicamente cando na Cruz Branca se fixo un coñecido baile a principios de século.

► O topónimo non se refire a ningún cruceiro, senón ao nome dun antigo baile ao aire libre que había neste lugar do Calvario a principios do século XX, que, de tan popular que era, acabou callando toponimicamente.

Cubelas

É unha das ladeiras máis empinadas de Lavadores, e aínda así está chea de casas e hortas, nun lugar moi solleiro. Localízase no espazo comprendido entre a rúa da Brea (por riba) e a rúa do Tanque (por baixo).

► Ten o significado de ‘dúas ladeiras de monte que converxen formando un valciño cóncavo’, ou, máis probablemente, unha ladeira propiamente dita, sen que forme quenlla con outra.

A Carballeira do Cuco

É o popular lugar onde se asenta o mercado do Calvario, en Urzaiz, coas terras que o bordean a ambos os lados, hoxe urbanizadas.

► Topónimo anecdótico: tal como os camiños escuros e afastados adoitaban asociarse á presenza da raposa ou do lobo (cfr. *O Camiño da Raposa*), así as carballeiras mestas asociábanse aos cucos, como aves prototípicas das carballeiras.

Temos un lugar idéntico no mesmo Fragoso, falamos da *Carballeira do Cuco*, recentemente urbanizada, na parroquia de Freixeiro, que son as terras onde se asenta o policlínico Povisa e as zonas edificadas inmediatamente ao norte, na rúa Barcelona, xusto ao sur do famoso lugar da Fonte Arcada, hoxe urbano.

A Cucota

Eidos, hortas e casas no centro do *lugar* de Curros; constitúe a parte central desa subaldeia e unha das súas áreas máis características e costentas. Tras a Cucota érguense as fortes *amproas* que soben ata Ramón Nieto.

► Ten o significado de ‘parte máis alta dun lugar, curuto, cumio’.

En gran parte de Galicia chámase *cucota* ao curuto da cabeza das persoas, e, por semellanza, aos cumios dos montes, motivación (por outra parte) universal presente neste topónimo lavadoreiro tan popular. Topónimo semellante e etimoloxicamente emparentado é *O Cogoteiro*, que é unha ladeiriña do *lugar* de Vilariño, no *barrio* de Marcosende, Zamáns, moi preto do CUVI.

A *Cucota* é, loxicamente, un derivado de *Cuco*, que está presente nos tantos topónimos *A Costa do Cuco* (como a mortal costa de Coiro [Cangas] así chamada), *O Cuquelo* (diminutivo como a nosa *Cucota*) ou *O Cucorno* (que é o pico máis alto da illa de Ons), todos eles referidos a costas agres do terreo ou a puntas dun monte.

É moi posible que a etimoloxía dos topónimos *Cuco*, *Cuquelo*, *Cucorno*, *Cucota*, *Cogoteiro*, *Cogota*, *Cogote* sexa prerromana (se é que non estamos directamente –dada a súa gran variabilidade morfolóxica– diante dunha formación expresiva ou mesmo pseudo-onomatopeica), pero non se pode ir máis aló.

A do Cura. O Campo do Cura. As do Glixario. A Herdá do Abade. A Herdá do Cura

Coñécese con eses cinco nomes ao lugar onde se asenta a urbanización de Rivera Atienza, o pazo da Portela e mais a Escola Oficial de Idiomas.

► Refírese a unha das terras que formaban parte dos bens do igrexario de Lavadores, sendo, polo tanto, propiedade dos seus abades.

Curros

É un coñecido *lugar* do *barrio* de Pardavila, a nacente do seu territorio, por moito que hoxe haxa xente que o considere como *barrio* propio, porque medrou moito ultimamente. As casas, moi mestas, están ao pé da empinada ladeira que baixa da Brea e Ramón Nieto, que se abre aos seus pés unha ampla zona baixa e moi chaira que chega ata ao Lagares, onde aínda hoxe quedan varias barxas. Foi zona moi ben regada e con excelentes terras de labor, hoxe case todas a monte.

► Posiblemente se refira a varios pequenos currais para acoller o
ndo.

O máis probable é pensar que o nome desta antiga e enxebre subaldeia se refira a uns vellos currais para acoller o gando, como se dixo na sinopse, pero o certo é que é probable que tamén puidese ter a ver con calquera outro lugar cercado sobre si, como un *monte circundado* ou, sobre todo, os eidos das casas, polo que os *curros* que dan nome a esta aldea poden non seren outros que os propios eidos das súas casas, pechados sobre si.

As Curtiñas

É un sector relativamente amplo ao leste e norte de Vilar, que circunda esa subaldea. Ten varias casas novas e velhas, pero tamén unha ampla bolsa de campos de cultivo, gran parte deles a monte, cara ao valciño das Milladas. O camiño que bordea o lugar chámase oficialmente *camíño das Cortiñas*.

► Da palabra fragosiña *cortiña* 'horta, pequena peza de labradío preto da casa'.

A Curuxeira

É a pedrosa e costaneira ladeira onde se apoleiran as casas vellas do *lugar* da Brea. O sitio, bastante reducido, non chega polo norte á avenida do Aeroporto nin polo sur a Ramón Nieto, entrambas as cales rúas fica.

► Ten o significado de 'lugar costeirento e pedroso, moi enfesto', metáfora, porque as curuxas adoitan vivir e aniñar en lugares con esas características.

Custoia / Custoias

Localízase no cruzamento de Gregorio Espino con Urzaiz, e de aí cara ao sur ata acadar o entroncamento da rúa da Aguia con Doutor Carracedo, as cales non excede.

Inmediatamente ao norte, da outra banda de Urzaiz, ficaba o mítico →*Campo de Caralladas*, hoxe urbanizado pero co seu topónimo perfectamente vivo. En Custoias sitúase a igrexa de San Paulo, que se converteu recentemente en parroquia independente con xurisdición eclesiástica sobre gran parte do sur do Calvario.

Houbo outro lugar chamado *Custoia* na Cebreira, preto da igrexa parroquial de Santa Cristina, pero hoxe está perdido e os informantes non se lembran sequera de llo oíren aos seus avós; só se conserva vivo a Custoia da rúa Urzaiz, paradoxalmente malia ser zona urbana e non rural como a perdida Custoia da Cebreira (o porqué se conservou hase ver nas liñas subseguintes).

► Este topónimo ten o significado de ‘punto de vixilancia, sitio desde onde se divisa, se observa’.

Aínda a pesar da agresiva e completa urbanización do lugar, o topónimo consérvase con forza entre os nativos das zonas circundantes, xa sexa porque Custoia é un lugar amplo e tradicionalmente moi coñecido, xa sexa porque é referencialmente importante, presente no dito «de Custoia p’a abaixo, Santiagho de Vigho; de Custoia p’a arriba, Lavadores digho» ou «hasta Custoias todo é Santa Cristina» (ou sexa, ata Custoia[s] chega a parroquia de Santa Cristina de Lavadores).

Hoxe a maior parte da xente di Custoias, en plural acomodaticio a varias terras así chamadas, pero a forma tradicional Custoia aínda se escoita, aínda que pouco. Esa forma en singular é sen dúbida a etimolóxica e primixenia. Nas frases feitas que acheguei arriba a forma en singular é a única escoitada, xa que forma parte de sintagmas fosilizados e polo tanto arcaicos e independentes da evolución ulterior de Custoia.

A variante plural do topónimo é o mesmo que o nome da gran *freguesia* portuguesa de Custoias, no concello do Porto.

A presenza de *-u-* pretónico na Custoias portugués é explicable internamente atendendo á fonética lusa, pero no topónimo vigués haberíamos esperar máis ben *Costoia(s)*, como de feito aparece na maior parte da documentación e especialmente na máis antiga conservada (Ensenada), polo que a súa presenza ha deberse a un efecto disimilatorio ou, máis ben, á inflexión provocada polo segmento *-oi-*: en ningún caso se trata dun *-u-* etimolóxico por moito que o seu étimo sexa o latín *CUSTODIA-*.

Relanciño do terreiro na curva da rúa Cabalaria, cruce coa rúa da Aguadiña, en San Paio.

► Topónimo debido a situarse o *locus toponimicum* xusto despois

A Devesa do Castro. A Devesa da Val. A Devesiña

Unha *A Devesa* é unha chan na man esquerda do camiño do Areeiro, en San Paio, case á beira da autovía Rande-Puxeiros (para detalles xeográficos, importantes, véxase →*As Chans*).

Outra *A Devesa* localízase na Bagunda de Riba, pegada ás terras da Fonte da Melra e parte alta da rúa da Bagunda, ao sur da igrexa parroquial de Lavadores, que fica moi preto.

Outra ocupa un lugar bastante amplo na Dobrada, todo ao sur de Doutor Carracedo e da rúa da Aguiá, que coas dúas linda polo norte; esténdese logo ata Gregorio Espino dun lado e Doutor Toscano polo outro. No lugar onde se sitúa a sé da Asociación de Veciños A Paz, A Devesa únese co importante lugar urbano do →Carreiro, que vén ao sur.

Outra *Devesa* baixa da rúa de San Xoán do Monte cara ao valciño das Vesades e o río de Meira, pero sen acadalo.

Outra está no Calvario, entre Genaro de la Fuente e Urzaiz, a poñente da rúa Cataluña e linda co Mouregade de Riba.

Unha outra sitúase en →Subride, a poñente do lugar, cara ao regueiro que baixa a Cam-
beses, xusto no límite con San Paio de Baixo.

Tamén outra *A Devesa* na Gandariña, debaixo do →Costal ata a estrada vella de Madrid.

E outra Devesa tamén na Gandariña pero cara ao norte, lindando con Naia, barrio de Sabaxáns, preto da Carota, lugar hoxe bastante coñecido.

E aínda outra *A Devesa* máis na Gandariña, por baixo do monte da Xesteira, preto do límite con Bembrive.

E aínda hai outra *Devesa*, localizada entre a parte central do camiño da Romalla e a rúa do Casal de Arriba, que constitúe unha empinada ladeira chea hoxe de casas.

A Devesa da de Alba, nas Pontes, barrio de Sabaxáns, xunto ao río Lagares (véxase sub voce →A de Alba).

A Devesa do Castro está na rúa Toledo (véxase *sub voce* → *A Devesa do Castro*).

A Devesa da Val, en Curros (véxase *sub voce* → *A Devesa da Val*).

A Devesiña, que está no *barrio* do Caride, detrás de San Xoán do Monte e límite xa con Teis malia seren tradicionalmente terras lavadoreiras.

- Todos estes topónimos significan ‘carballeira pechada sobre si’.

A Devesa do Castro

Terras situadas ao sur da rúa Toledo, pouco antes de empalmar coa rúa Cantabria.

- Devesa 'carballeira pechada sobre si' situada no →Castro, lugar da Corredoura, rúa Toledo.

A Devesa da Val

Terras por baixo das casas de Curros, na fonda zona relativamente chaira que media entre esa subaldeia e o río Lagares, con algún cultivo e barxa; hoxe xa non hai carballedos pero si bastantes amieiros e salgueiros, que proliferaron moito ultimamente, desde que se deixaron de pastar as barxas e abandonar os cultivos.

- Moi probablemente co significado de ‘carballeira situada no fondo do val (do Lagares)’; *val* foi palabra feminina antigamente en galego.

O lugar aparece documentado desde o século dezasete, xa coa forma actual. Non creo que se trate dun ***A Devesa de Abal* ‘a devesa propiedade dun home apelidado Abal’, aínda que este apelido ten hoxe presenza en Vigo, pero moi escasa, xa que é apelido de advento moderno: a súa área de maior concentración está no Salnés.

Ha de ser o que parece: un *val*, pois esta palabra era feminina antigamente en galego: *unha val*, *dúas grandes vales*... e referirse a ese grande e profundo val que forma o Lagares xusto aos pés de Curros, onde se sitúa *A Devesa da Val*.

Non é ningunha rareza que se conserve a forma feminina de *val* fosilizada nalgúns topónimos: baste citar o coñecido apelido *Valboa*, derivado dunha das varias aldeas así chamadas ‘o val bo’. Próxima a Lavadores temos unha pequena zona entre Meira e Domaio (Moaña) cunha especial concentración do elemento *val* con xénero feminino, como indicando unha perduración aí ata datas relativamente próximas pero indeterminadas: así por exemplo *A Val da Xesteira* en Meira ou *A Val do Faro* en Domaio.

A Dobrada

Coñécese hoxe con este nome a todo o novo barrio urbano entre Gregorio Espino e Martínez Garrido, aínda que en stricto sensu e primeiramente A Dobrada é só a avenida do Alcalde Gregorio Espino. Cómpre reparar no inexplicable alifaz de dicir sempre a forma castelanoide *A Doblada* cando se escribe en galego: se se **dobran** as vimbias para axeitalas aos emparados das viñas, non se entende por que **A Dobrada** se di *A Doblada* cando se fala ou escribe en galego.

► Deriva de *Dobrada da Travesía de Vigo*, é dicir, a prolongación cara ao sur da Travesía de Vigo, que se dobrou, así, en tamaño. O topónimo ten tan só, logo, pouco máis de 25 anos.

A de Don Sobrino

É unha boa granxa, hoxe aínda sen urbanizar pero xa non cultivada, situada no fondo do valciño que separa San Xoán do Monte da zona da avenida do Aeroporto; polo lugar vén o *regueiro de Meira* e é unha zona do polígono de labradíos das Vesadas.

► Do apelido do antigo poseedor destas terras.

A do Dote

Localízase no polígono de labradíos do Sobreiro, entre ese lugar e as casas de Vilar; pola do Dote baixa o regueiro que vén de Medeiros.

► Referido a unha terra que achegou á familia do home unha muller ao casar.

Repárese na forma masculina de *dote*, propiamente galega e perfectamente conservada neste topónimo, pois na fala xeral, aos dotes matrimoniais díselles en Lavadores a *dote*, con castelanización do xénero.

A Eira

É o lugar situado do cruzamento da Travesía de Vigo con Doutor Canoa cara ao sur, no lugar do Viso, barrio do Caride; hoxe está todo completamente urbanizado.

► Referido a unha laxe para secar e mallar o cereal, que antes da apertura da Travesía de Vigo había no lugar.

A laxe en que no Viso se mallou e que deu nome a este topónimo da Eira usouse ata a década de 1960 como *escorreghadouro* polo que os meniños do Caride baixaban para enredar, polo que é moi lembrada polos informantes da zona. Hoxe nada queda: tan só edificios modernos. Mallouse centeo, pero xa a mediados do século XX este acto se facía no lugar sobre bidóns de latón, non sobre a laxe.

O Enxido

Hai tres lugares chamados *O Enxido*; un ocupa exactamente a zona central do chamado oficialmente *calexón do Viso*, con casas unifamiliares. Constituía a parte central do lugar do Viso, barrio do Caride, por baixo da Travesía de Vigo.

Outro *O Enxido* localízase no camiño de Redomeira, onde empalma co camiño da Laxe, e constitúe, polo tanto, o centro da zona vella do lugar de Redomeira, barrio de Riomau. O último lugar chamado *O Enxido* son unhas hortas e casas na parte alta da rúa Santa Cristina, moi preto do Capitán de Riba e que lindan con Castiñeiras, que quedan a nacente, e mais coa Rubiña.

► Da palabra fragosiña *enxido* ‘terreo arrimado á casa dedicado a horta e froiteiras’.

► Refírese a algo desfeito en anacos, probablemente a un lugar que se espedregou, rompéndolle as pedras que tiña no medio, ou incluso a algunha casa esbarroncada, a un pardiñeiro.

O Espaller do Galán

É o coñecido lugar situado no centro da rúa Cabalaria, en San Paio, nas fortes encostas que soben desa rúa e baixan dela, pero polo norte (riba) non chegan ao Castañal nin polo sur (embaixo) acadan Ramón Nieto.

► Ten o significado da 'parra propiedade dun home alcumado O Galán'.

En Lavadores un *espaller* (con -e- aberto) é unha parra, unha viña emparrada, en contraposición ás viñas rasas. *Galán* é un alcuño aínda hoxe moi vivo non só en Lavadores senón tamén en todo o Fragoso e no veciño Morrazo. *O Espaller do Galán* é, polo tanto, ‘a viña emparrada propiedade dun home alcumado O Galán’.

A Esqueira

Unhas terras na parte máis alta de Riomau; boa parte do lugar está aínda sen construír.

► Refírese a un chanzo do terreiro, a un degrau que separa unhas terras superiores doutras inferiores.

O Estanco de Marallas

Este coñecido e popular lugar está hoxe completamente urbanizado; sitúase no Calvario, ao sur de Urzaiz, todo ao longo da rúa Andalucía, rúa que chaman os nativos da contorna a *calle do Estanco de Marallas*.

► Refírese ao estanco que tiña no lugar a principios do século un home alcumado *Marallas*, é dicir *O Argalleiro*, *O Farulleiro*.

O Estripeiro. A Coutada do Estripeiro

É o monte que baixa do alto do Meixoeiro, na súa ladeira occidental, ata o *lugar* de Naia. O *Estripeiro* é o monte comunal e A *Coutada do Estripeiro* son as propiedades particulares de monte que están incluídas dentro do, ou lindan co, comunal do Estripeiro.

► Refírense a lugares con abundancia dun arbusto espiñento chamado *estripeiro* no Fragoso.

O Faneco. O Monte Faneco

O Faneco é o lugar situado entre a rúa Cantabria e a Primeira Travesía da Rúa Cantabria, un pouco por baixo da avenida do Aeroporto.

O Monte Faneco é un sector do Monte do →Meixoeiro, desde o IES Manuel Antonio ata o Centro Comercial Meixoeiro, que atravesa a autovía das Rías Baixas para acadar a parte alta do camiño da Naiana, que está moi preto desa autovía, paralelo.

► Posiblemente derivado do alcuño dun antigo poseedor destas terras: < **As do Faneco*. Pero a aplicación pode ser directa á terra, facendo así referencia a un terreo de mala calidade, quebrado ou cheo de pedras fendidas, menos probable que o antropónimo para o primeiro lugar pero máis probable para O Monte Faneco.

No Lavadores actual, un *faneco* é un rapaz delicado e vulnerable, e, por extensión, homosexual, aplicado xeralmente ao seu carácter e non ao seu físico; sen dúbida trátase dunha ampliación semántica de *faneco* ‘de mala calidade, roto, fendido’: *o meu fanequiño* ‘o meu bebé’, porque é moi vulnerable, é de uso aínda xeral en todo o Frago (menos en Zamáns). Todo isto non ten nada que ver, loxicamente co peixe chamado na ría de Vigo *faneca*: o cumio dun outeiro no interior da parroquia de Meira (Moaña) chamado *A Fanequeira* non ten nada que ver, loxicamente, coas fanecas, senón cun terreo cheo de pedras fendidas, rotas, igual que o *Alto da Fanica*, no Hío (Cangas). Así, *O Monte Faneco* do Meixoeiro pode ser igual á Fanequeira de Moaña e á Fanica de Cangas: un monte fendido ou quebrado, ou cheo de

pedras fendidas ou que se fenderon para espedregalo; pero tamén é posible (atendendo ao Faneco da rúa Cantabria) que sexa un antropónimo de posesor: **O Monte do Faneco* ‘o monte propiedade dun home alcumado O Faneco’, tal como O Faneco da rúa Cantabria ha ser un antigo **A do Faneco*. De feito, tanto en Lavadores como noutras zonas do Frago e mais no Morrazo *Faneco* é un alcuño moi común e vivo, cuxa semántica debeu ser a mesma que hoxe ten a palabra *faneco* nas terras fragosiñas e morraceiras: *O Faneco* = ‘o home delicado, vulnerable’ ou ben ‘o home de condición homosexual –con cariz cariñoso e non despectivo e aldraxante como poderían ser *maricallo*, *gacho*, *gachón* ou outras formas lavadoreiras’.

Como corolário a todo isto téñase en conta a existencia no Fragoso (polo menos en Lavadores, Sárdoma e Coia, onde o escoitei) dun verbo *fanecar* ou *fanicar*, que ten o significado de ‘romper algo un pouquiño’: por exemplo *fanicouse a tasa* = cando unha cunca se agreta por onde se bebe debido a caer ao chan; *non faneques o vaso* = ‘non melles o vaso’; *está fanicado / está fanecado* = ‘ten unha mela’, frases gravadas en 2006 no Casal, Lavadores.

As Farrovellas

Localízase na ladeira entre as rúas Casal de Abaixo e Cabalaria, desde a Rúa Curta, ao norte, ata o cruzamento coa Subida ao Rosal Florido.

► Probable adaptación acomodaticia do alcuño dun antigo posesor deste lugar: *As (terras) do Farrovello > As Farrovellas.

Farrovello é unha palabra que en certas partes do veciño Morrazo conta hoxe con moitísima vitalidade: trátase aí dunha persoa disfrazada no carnaval: *cando veñen os entroidos van os farrovellos polas casas* = ‘ao chegar o entroido sae a xente disfrazada para ir polas casas (a pedir doces e larpeiradas)’, frase gravada en Aldán (Cangas). Hoxe, en Lavadores á xente disfrazada no carnaval chámanlles simplemente *antruidos* ou, menos, *bascaleiros*: *antes nos antruidos viñan os antruidos a pidir* = ‘antes no entroido viña a xente disfrazada a pedir (lambetadas polas casas)’. Todo isto fai ver que o suposto alcuño lavadoreiro *Farrovello* non se refire ás xentes disfrazadas no entroido, porque é descoñecida

tal palabra, pero aínda que existise noutro e hoxe se perdesse sería raro que dese nacemento a un alcuño, pois a caracterización efémera dunha persoa disfrazada non puido dar lugar a un alcuño. Ha ser outra cousa; por exemplo en Zamáns hai un monte preto do CUVI chamado *Os Ferrovellos*, subdividido no *Ferrovello de Riba* e mais no *Ferrovello de Baixo*. Estamos, logo, ante un *Ferro Vello*, que se puido adaptar acomodaticiamamente resultando *As Farrovellas*; ese hipotético **Ferro Vello* ben puido ser un alcuño aplicado tanto a unha persoa: ‘un home que non val ren’ como ás mencionadas persoas disfrazadas ‘unhas persoas que se visten como farrapos, farrapentamente, coma se fosen ferros vellos que non valen ren’.

As Farrovellas de Lavadores han ser, logo, as terras propiedade dun home alcumado *O Farrovello* ‘o home que non val ren, ou pouca cousa’ con acomodación *ad sensum*, por moitas que sexan as dúbidas que pairan sobre a pertinencia (e propia existencia) de tal alcuño.

A Feixa. A Feixiña

A Feixa son as terras onde Severino Covas cruza o Lagares en Cambeses de Baixo (*barrio da Bouciña*). É unha profunda e estreita vagoadiña por cuxo fondo flúe o Lagares, que ao paso por este lugar recibe o nome de *Río da Feixa*, que llo dá á súa vez á ponte pola que Severino Covas cruza o río (*Ponte do Río da Feixa*); augas abaixo desa ponte fórmanse varias pequenas fervezas: a meirande e máis coñecida é a do →Pozo da Serpe.

A *Feixiña* son as terras inmediatas ao río, no centro do lugar da Feixa, de quen toman o nome.

► De *feixa*, forma fragosiña de *freixa* ‘fervenza, cadoiro, catarata’.

O topónimo toma o nome, con toda seguridade, da fervenza do →Pozo da Serpe, que deu nome incluso a terras un pouco afastadas como *A Feixa*.

(0) Fenal

Terras, hoxe bastante urbanizadas, situadas entre a fábrica de Álvarez e a rúa da Coutada Nova, no *barrio* da Bouciña. Tanto din *O Fenal* como *Fenal*.

► Topónimo referido a un lugar cheo de *feno*, unha planta ventu-
reira amante dos lugares húmidos, semellante ao esparto (pero non
xerófila coma el, senón máis ben higrófila), moi común no Fragoso
como *herba de barxa*.

Entre nós os topónimos máis semellantes son *Os Fenos* (Donón, O Hío, Cangas) que é un cantil non moi acusado que cae sobre a Costa de Soavela, cuberto dunha herba chamada aínda hoxe *feno* no Hío, que é a mesma herba que a das barxas de Lavadores e co mesmo nome. Tamén *A Fineira* (barxa ou braña moi húmida detrás da praia de Barra, entre as dunas, no Hío, Cangas), derivada de *A Feneira*, ou sexa, sitio cheo de feno, igual que *A Fieira* (<*ILLA FOENARIA), nas aforas de Santiago de Compostela, pero co *-n-* intervocálico perdido; outros topónimos tamén perden o *-n-* intervocálico, como *O Fial* (<ILLU FOENALE), *Os Feás* (<ILLOS FOENALES); outros incrustan unha nasal tras perderse o *-l-*: *Feáns* (<FOENALES), ou incluso palatalizan a tónica por influxo da pretónica: *O Fiel* (<ILLU FOENALE), co seu plural *Fiés* (A Guarda). No Fragoso temos, cando menos, *Os Fenaes* en Bembrive e *Os Fenos* en Coruxo (idéntico formalmente e seguramente de igual motivación que *Os Fenos* do Hío).

A Ferradoura. O Monte da Ferradoura

A Ferradura é a pinísima ladeira que sobe da rúa Casal de Arriba ao alto de Figueiró. O lugar está atravesado polos vertixinosos camiños (cheos de casas, malia mortais costas) chamados oficialmente *rúa Ferradura*, *Ferradura Interior*, *Vivas* e *camiño do Monte*. As vistas sobre a ría son excelentes e os que alí viven din que se «*pode apañar Moaña coa man*».

O Monte da Ferradoura está na parte máis alta dese lugar, e linda xa coa rúa de Figueiró, que corre por enriba.

► Da viva palabra fragosiña *ferradoura* ‘alboio onde se ferran os bois e mais as bestas’.

O Ferro

Zona moi pendente en Pardavila, na avenida de Ramón Nieto, xusto no cornello do cruzamento da rúa das Fontáns, ata onde chegan estas terras polo sur.

► Topónimo de ampla significación metafórica pero probablemente referido á forma particular dun terreo, como outros topónimos semellantes onde esta semántica está comprobada.

O topónimo debe ser comparado inescusablemente con outros chamados *O Ferro do Arado* (Darbo, Cangas) –de quen quizais sexa elipse–, *O Pinal de Ferriños* (Aldán, Cangas) ou con *O Botoque* (Aldán, Cangas). Non ten nada que ver, logo, con outro topónimo de Lavadores chamado →*A Ferradura* ‘alpendre para ferrar o gando’, nin con outros da contorna como *A Pedra do Ferro* (referido a un baixo submarino onde se botaba o *ferro* ou áncora), *A Ferruxiña* (do nome dunha fonte que deitaba auga rubia, como a ferruxe dos metais) ou *A Ferrán* (referido a un campo de herba de forraxe para o gando)... O noso *O Ferro* ha ser como os mencionados *Ferro do Arado* ou *O Botoque*, ou sexa, unha leira con forma de ferro de arado ou con forma de *botoque* ‘cravo das rodas dos carros’. As leiras que conforman o polígono de labradíos do Botoque teñen unha característica forma de cuña que, se se ve no mapa parcelario, semellan exactamente os botoques ou cravos das rodas dos carros: estreitos na punta e anchotes por riba: poucas veces un topónimo metafórico veu tan ao caso como *O Botoque* de Aldán. *O Ferro* de Lavadores pode ben referirse a un feito semellante, pero quizais mellor que a un *botoque* se refira a un *ferro do arado*, como o *Ferro do Arado* de Cangas, que son unhas leiras que teñen forma da rella do arado (chamada *ferro do arado* tanto no Fragoso como no Morrazo), ou sexa, unha leira cunha característica forma triangular picuda. No fondo, quizais *O Ferro* de Lavadores non sexa outra cousa que a abreviación do sintagma toponímico *O Ferro do Arado*, como nolo indica a toponomástica comparada, conservado no *Ferro do Arado* (Darbo, Cangas) e noutros *Ferro do Arado* doutros lugares moito máis afastados de Lavadores que Cangas.

Hai en Aldán (Cangas) un topónimo chamado *O Furo do Arado*, que son varias leiras que forman un abano triangular, e semellan no seu conxunto a rella dun arado: o citado lugar coñeceuse ata mediados do século XIX como *O Ferro do Arado*, como vemos nos catastros desde Ensenada e nos Amillamentos ata o de 1930, mudado despois no actual Furo do Arado por perda de consciencia motivacional e que vén ampliar a base comparativa co Ferro de Lavadores e O Ferro do Arado de Darbo.

O Ferro do Arado: leiras coa característica forma triangular da rella dun arado.

O Botoque: leiras coa forma dun *botoque* ou cravo que se puña nas rodas dos carros ferrados: ou sexa unha leira con forma de triángulo moi agudo, con punta estreitísima e base anchota, igual que un botoque.

A do Cravo do Biorto: igual que o anterior *O Botoque*, sendo *biorto* a lamia metálica das rodas dos carros.

As Figueiras. As Figueiras da Coutada

As Figueiras é o lugar situado entre o final da rúa Anduriña e Martínez Garrido, hoxe todo urbanizado. *As Figueiras da Coutada* sitúanse xusto no cruzamento da rúa Anduriña e Martínez Garrido, inmediatamente ao sur das Figueiras.

► Estes topónimos teñen que ver con lugares onde abundaban as figueiras, xa sexan as de horta como, sobre todo, as bravas.

Figueiró. O Alto de Figueiró. As Pedras de Figueiró

Figueiró é todo o grande outeiro que se ergue desde San Paio (na Chan das Ánimas) ata enlazar cos montes da Madroa ao norte, dos que o separa unha pequena valgada; o topónimo contén, logo, moitos outros microtopónimos no seu interior. As súas ladeiras son moi empinadas pero con innúmeras casas que gabea por elas ata case o curuto do monte, que aparece cuberto, hoxe, de eucalipto.

O Alto de Figueiró é a parte máis elevada dese outeiro, e forma unha pequena chansiña; un pouco por baixo desa chansiña, ao noroeste, están as *Pedras de Figueiró*, que é unha penedía digna de ver, linde antiquísimo de Lavadores con Teis.

► Forma fragosiña de *Figueiroa*, é dicir, a pequena figueira (brava).

Pronúnciano con ‘-ó’ aberto. O topónimo é antigo e no catastro do Marqués de la Ensenada (1752) aparecen tamén xa citadas as famosas Pedras de Figueiró, marco ancestral entre Teis e Lavadores.

O Folón

Área densamente poboada no *barrio* da Bouciña, detrás da fábrica de Álvarez pero ao sur do Lagares, no camiño que vai do Sello á Feixa. O topónimo é aínda hoxe moi coñecido e popular e moitos son os que reclaman a categoría de *barrio* para este territorio que historicamente non é nin sequera *lugar*.

► Un *folón* é un batán ou mazo hidráulico para axeitar os panos mediante o batido.

Os folóns non son máis que uns muíños de auga como os de moer o millo, pero que servían para bater os panos e axeitalos, actividade moi común entre nós ata finais do século dezaioito.

As Fontáns. O Regueiro das Fontáns

É o valciño que baixa da volta que Ramón Nieto fai no Alto do Seixo. Hoxe hai moitas casas, pero aínda se labran algunhas terras, malia proximidade co casco urbano vigués. No lugar hai fonte, lavadoiro e baixa un regueiro do mesmo nome que bordea O Panasco, atravesa O Sorrego e desemboca no río Lagares no *lugar* do Porbelo, onde toma o nome de *o rigueiro da Bagunda*.

► Pluralización recente de *Fontán*, que significa ‘lugar abundante en fontes, en nacedoiros de auga’ e vén do latín ILLAM (TERRAM) FONTANAM, é dicir, ‘o lugar rico en fontes’.

A Fonte

Currunchos de hortas e casiñas ao final do pequeno camiño da Vilaboa, na Ceboleira, xusto detrás das traseiras dos edificios de Martínez Garrido.

Hai outro lugar, moi popular, chamado *A Fonte*, concretamente no cruzamento da rúa Andalucía con Doutor Carracedo, no Calvario, referido sen dúbida á *fonte de Marallas*, que estaba xusto no entronque desas dúas rúas (véxase →*O Estanco de Marallas*).

E aínda outro sitio con hortas, viñas e labor que circunda as casas de Vilar polo levante.

► Nacedoiro de auga, manancial coa suficiente importancia como para callar como topónimo.

A Fonte dos Choróns

Lugar hoxe coñecido maioritariamente como **Os Choróns**.

Esta área occidental de Lavadores está hoxe completamente urbanizada, atravesada pola rúa Urzaiz, pero, con todo, o microtopónimo cobrou moitísima vida na actualidade, sendo xeralmente coñecido e incluso castelanizado como *Los Llorones*.

O lugar foi o ancestral límite entre Lavadores e a freguesía histórica de Santiago de Vigo, e ata mediados do século vinte foi tamén o límite entre os concellos de Vigo e Lavadores (existiu un marco ata hai pouco, pegado ao muro do colexio da Privada Moderna, en Urzaiz). Boa parte do lugar pertence, logo, a Santiago de Vigo, non a Lavadores. Microtoponimicamente, *Os Choróns* está encravado na área do Piñeiro, e linda cos lugares do Mouregade e Custoias ao leste (Lavadores) e Mosende e Cotomondongo de Riba ao oeste (Santiago de Vigo).

► Referido a unha boa fonte que houbo no lugar, cuxo ruído das augas ao fluír semellaría o pranto ou choro das persoas.

O topónimo é antigo: rexístrase polo menos desde 1752, cando aparece mencionado varias veces no catastro de Ensenada. Tal antigüidade impide que o topónimo faga referencia aos salgueiros choróns (*Salix babylonica* L), como se adoita crer, árbore ornamental de moi recente introdución entre nós. Con todo, a forma tradicional *Fonte dos Choróns* (da que *Os Choróns* é elipse moderna) é aclaratoria: estamos, así, diante dun caso semellante á →*Fonte (da) Chorosa*, moi preto, en Riomau, norte do Calvario, que ten o sentido de ‘fonte que parece que chora, polo ruído que fai a súa auga ao manar’.

Desbotados os salgueiros choróns e atendendo á Fonte Chorosa, está claro que na Fonte dos Choróns estamos ante a fonte das augas que emiten un ruído semellante aos prantos de moitas persoas. Esta semántica é universal nos nomes de moitas fontes, mananciais, regueiros ou mesmo fervenzas. Nada que ver, logo, coa exótica *Salix babylonica* de introdución serodia; considero que os tempos son xa chegados de esquecer esa popular asociación etimolóxica para este coñecido topónimo vigués.

A Fonte da Chorusa

Son os campos a barbeito situados ao final da rúa do Toxal (no Calvario), unha vez rematada a pista asfaltada, por baixo da rúa de Aragón, que pasa moi preto por riba, e lindando coa Guixavar polo norte e co Mouregade polo sur. Hai unha fonte, á que hoxe lle chaman *fonte do Toxal*, polo lugar e camiño onde está, pero que sen dúbida se debeu chamar antano a *fonte Chorosa*, pois o topónimo que se conservou ao seu redor coñécese desta maneira.

► Da antiga *Fonte Chorosa*, é dicir, o manantío cuxa auga emite un ruído monótono, continuo e tristeiro, como se a fonte chorase de pena.

Véxase tamén → *A Fonte dos Choróns*.

A Fonte dos Fogueteiros

Son as terras, hoxe completamente urbanizadas, ao redor do cruzamento de Doutor Carracido co camiño do Cristo, no Calvario.

► Toma o nome dun vello taller de pirotecnia que había no lugar a principios do século XX.

A Fonte dos Gatos

A *Fonte dos Gatos* é unha pequena caivanca na parte baixa de San Paio, preto da avenida do Aeroporto. Baixa un regueiro mínimo, artificial (unha presa) e, por suposto, unha fonte.

► Topónimo anecdótico, seguramente por acudirén a este lugar os gatos a beber. Se é que non estamos ante unha mudanza xocosa de ****Fonte dos Cans** ‘das canles’ por **Fonte dos Gatos**... (mudanzas semellantes déronse cando menos noutro topónimo veciño, como a **Fonte da Cadela**, no Hío, Cangas, derivación xocosa dun antigo **Fonte do Can** ‘fonte da canle’).

A Fonte da Lamballa

Terras no *lugar* de Naia, xunto á fonte homónima; ao norte da estrada de Madrid, entre o Camiño Vello de Naia e a rúa Manuel Álvarez; todo en forte pendente.

- Recibe a denominación do lugar da → *Lamballa*, onde se asenta.

A Fonte da Merla / A Fonte da Melra

Hortas e fonte na Bagunda, xusto ao sur da igrexa parroquial de Lavadores e do Parque Central de Servizos Municipais, co cal lindan; polo sur o lugar acada as casas da parte alta da rúa da Bagunda, que están á par.

- Eutopónimo referido á bucólica asociación universal das fontes cos paxaros cantores, neste caso un dos de máis melodioso canto: a merla.

A Fonte da Mirlota / A Fonte da Milrota

Son as terras situadas ao redor do cruzamento das rúas Numancia e San Xosé (no Calvario); houbo unha fonte de augas que os veciños tiñan por non moi boas; pero A Fonte da Mirlota sempre deu nome máis ben ás terras que á propia fonte, que se coñecía mormente como *a fonte de San Xosé*.

- Referido ao alcuño dunha veciña que habitaba preto da fonte hai décadas. Non é, logo, un topónimo equiparable á →*Fonte da Merla* acabado de ver.

A Fonte da Palmeira

Sitúase no centro do *barrio* de Riomau. Son as terras, en pendente, que se sitúan ao final da rúa San Xosé (no Calvario), onde empalman coas varias pequenas travesías da parte final da rúa Numancia, ata onde empeza a rúa do Toxal (que algún nativo coñece como

A Fonte da Palmeira de Riba, pero sen ser denominación xeral). Houbo unha fonte que se chamaba *a fonte de Numancia*, a cal estaba *no lugar da Fonte da Palmeira*, polo que o topónimo *A Fonte da Palmeira* ha de ser bastante antigo, malia non o vermos rexistrado en Ensenada, pois daquela (século XVIII) estas terras estaban integradas dentro do latifundio do Mouregade, e baixo tal nome constaban (só posteriormente se subdividiu e as súas pezas tomaron toponimia de seu).

► Refírese á palmeira dunha vella casa de indianos retornados; o lugar era moi abondoso nesas casas de emigrantes, a miúdo bastante ostentosas e con elementos tan exóticos naqueles anos como as palmeiras.

A Fontevella

Zona case toda sen urbanizar que se localiza a nacente do vetusto camiño da Laxe, no *lugar* de Redomeira. Ocupa parte do húmido valciño polo que flúe o *río de Meira* e está atravesado por un pequeno camiño oficialmente chamado tamén *camiño da Fontevella*.

► En referencia á vella fonte de Redomeira ou *fonte de Lavadores*, antes de que se construíse unha maior no seu actual emprazamento no lavadouro de San Xoán. A mudanza de fonte xa se debeu producir hai séculos.

A Forneira

Localízase na parte alta de Cambeses, subindo a Barreiro, nun pequeno valigato.

► De significación oscura, seguramente referido a algunha condición do terreo. A antigüidade con que se documenta este topónimo fai improbable que se refira ao alcuño dunha posesora.

O topónimo aparece con suficiente antigüidade como para desbortarmos a procedencia do alcuño dun posesor destas terras: *A (da) Forneira* ‘a da Panadeira’; ou incluso *A do Forneiro*, con adaptación *ad sensum*.

O Foro. Os Foros. O Camiño do Foro

O Foro é unha zona do barrio da Bouciña, xa case no de Sabaxáns, costaneira e lixeiramente elevada sobre Severino Cobas. O Camiño do Foro atravesa o lugar e era a antiga vía de unión da Bouciña con Sabaxáns; prolóngase cara ao sur no chamado camiño do Pombal, con quen ás veces se confunde.

Os Foros son unhas terras chás de cultivo moi fértiles que lindan coas Queirondas, ao norte do lugar da Bouzaboa, moi preto do Lagares; centro xeográfico da parroquia de Lavadores.

► Fan referencia a antigos terreos *aforados*, que son os que se toman ou dan en *foro*, un contrato xurídico polo que unha persoa cedía a outra o dominio temporal dunha terra a cambio dun pagamento anual.

A Fraga

A Fraga é a alta ladeira onde se atopa o coñecido Monte de Táboas, aba occidental do Monte de Figueiró; son as terras que soben, entón, da rúa Vista do Mar ata Figueiró, ao norte da Ferradoura, con cuxas encostas linda.

► Ten o significado de ‘terra quebrada, enfesta’, semántica amolabilísima á orografía desta fraga lavadoreira.

Repárese que nesta zona de Galicia *fraga* tivo a significación de ‘lugar quebrado, áspero’, non ‘bosque’ como se xeneralizou moito ultimamente; de feito, *fraga* só significa bosque en certas zonas do norte de Galicia.

De *fraga* deriva tamén o adxectivo *fragoso* ‘montuoso, áspero, desigual’, presente no nome do noso val. Deste xeito Val do Fragoso, que en orixe debeu ser simplemente *Val Fragoso* non significa ‘val cheo de bosques’, como alguén dixo, senón ‘val desigual, áspero’, referido á intrincada orografía deste val, atomizado en ducias de outeiros, ladeiras, valigatos, fonduras e alturas. Dese mesmo adxectivo derivan tamén no mesmo val do Fragoso os topónimos *Fragosiño* (en Sárdoma) e *Fragoselo* (en Coruxo), os dous diminutivos de *fragoso*.

A Gandaia

Terras a poñente de Subride, na parte alta do val do Regueiro de Cambeses. Son bos cultivos e algún salgueiro e carballo espaxado.

► Topónimo de significación opaca, desde logo sen relación co gando pero cunha remota posibilidade relacional cun lugar de diversión ou xogo.

Hai en Lavadores unhas palabras moi vivas que son *gandallada* ‘conxunto de xente que vai de esmorga’ e á *gandalla* ‘adverbio co significado de andar de esmorga’. O certo é que hoxe en Lavadores a xente di *ghandallada* e *ghandalla*, non *gandaia*, como é xeral no resto do galego, pero o topónimo dino sempre *A Gandaia*, polo que en Lavadores unha frase como ***Os mosos andaban á ghandalla na Ghandeia* sería absolutamente posible. Logo o topónimo *A Gandaia* e o adverbio *á gandalla* non son a mesma cousa, teñen que ser á forza algo distinto: non só a súa morfoloxía é diferente senón que a semántica de *gandalla* é incompatible con calquera motivación toponímica natural.

A motivación toponímica deste lugar é, logo, absolutamente escura.

A Gandariña. Gandarón

A Gandariña é un barrio situado no límite con Bembrive, na alta ladeira que baixa do colexio Montecastelo ao Lagares; limita con Sárdoma moi preto do Alcampo. As casas vellas están na parte alta da rúa Paz Pardo.

Gandarón é un lugar do barrio da *Gandariña* e ocupa a parte máis baixa do seu territorio: á beira do Lagares. As súas casas antigas aínda se conservan como unha especie de aldea-illa bordeada de grandes polígonos industriais, na rúa oficialmente chamada *rúa Gandariña* moi erradamente e por confusión: esa rúa e esas casas son o centro da *Gandariña*, non de *Gandarón*, aberración da que os seus veciños están moi en contra. Na *Gandariña* estaba a barxa máis grande de Lavadores, cos barxíos, lagoiñas e xunqueiras tan característicos, moi semellante ás Gándaras de Budiño (O Porriño), pero hoxe está case todo ocupado por polígonos industriais.

► Derivados de *gándara*, vella palabra co significado de terra chaira, mala, erma e con vexetación arbustiva.

Nestes dous topónimos fundamentais, *gándara* refírese ás barxas húmidas do fondo do val do Lagares, tal como as famosas Gándaras de Budiño fan referencia ás grandes barxas das ribeiras do río Louro.

O Gorgullón

■ Ten como punto central o centro de saúde de Lavadores, entre A Penís de Baixo e a igrexa de Santa Clara, e esténdese cara ao leste ata O Sancaitano.

► Ten o significado de abrolladoiro de auga, nacedoiro, fontíña.

A Granxiña

■ Terras na Gandariña, á beira da autovía de Madrid pero por baixo; no lugar existiu ata hai pouco unha carballeira de moita fama (mais non moi grandeira en tamaño): *A Carballeira da Granxiña* (e antigamente *A Devesa da Granxiña*, como se ve aínda no amillamento do século XIX: *la Dehesa de la Granxiña, a trepezal de robles y pinos de mala calidad* e en Ensenada [1752]: *Dehesa da Granjiña, terrestal de robles*).

► Pequena propiedade rústica, pechada e cos edificios propios para os labores agrícolas.

O Gueiteiro

■ Está no Casal, e ocupa o cornello que forman as rúas Casal de Abaixo e Vista do Mar.

► Probablemente referido ao alcuño dalgún poseedor destas terras; non é descartable unha motivación orográfica: unha pedra con forma de monteira.

Precisamente na illa de Ons temos o cónico e enfesto illote do Gai-teiro, cunha perfecta forma de monteira de gaiteiro.

Existe, porén, outro antropónimo xermánico con uso na Galicia

Á fin de contas, o importante é que Guidixe deriva do nome dun antigo poseedor medieval destas terras, chámese o seu antigo poseedor Witiza, Witisclou ou *Witisio.

É unha sollosa ladeiriña en San Paio, situada entre a rúa do Areeiro e a avenida do Aeroporto, un pouco antes da volta da Rotea.

Referido a unha especie de cerdeira (*Prunus cerasus* L) que produce as guindas: clase de cereixas doces moi apreciadas. Non é hoxe palabra viva en Lavadores, onde só se diferencian as «sireixas» e as «sireixas dos paxeros», as bravas ou ventureiras.

Son as terras a poñente da rúa de Aragón, pero sen chegar á Travesía de Vigo, que vai por baixo moi preto. É un importante lugar que se sitúa por riba (norte) do Toxal, desde o entronque de Aragón con Padre Celso ata preto do empalme coa rúa de Redomeira, todo cara a poñente. Conserva aínda espazos sen construír, pero nos últimos anos avanzou bastante a urbanización, que comeu moito da Guixavar.

► Antropónimo de posesor xermánico; do nome medieval de muller *Guixavara*, usadísimo en Galicia nesas datas. Estamos logo ante un antigo *(TERRAM DE) WISLAWARA > (*Terra de*) *Guixavara* > *Guixavar* ‘a propiedade dunha muller chamada Guixavara, forma protogalega do comunísimo antropónimo xermánico *Wislawara*’.

Podе parecer que o actual artigo feminino da Guixavar nos retrotraia ao antropónimo feminino do que deriva, pero é falso, xa que o citado artigo tomouno A Guixavar no último século e medio, sen dúbida secundariamente como tantos outros topónimos semellantes: non podía ser outramente, xa que o antigo antropónimo de posesor que lle deu nome ao lugar non puido callar toponimicamente con artigo, por moi feminino que fose ese nome: é o mesmo caso que *A Isamil*, aldea de Meira, Moaña, do antropónimo xermánico de posesor *Wisamiri*, *A Bagunda*, no corazón de Lavadores, do medieval *Badagunda*; ou *O Mouregade*, á beira da Guixavar, no Calvario, do antropónimo *Mauregati*: todos os tres topónimos tomaron o artigo secundaria e moi recentemente, o mesmo que A Guixavar (non hai por que andarlle á procura dos cinco pés ao gato).

A Hedreira

Coñecen así ao situado detrás do cornello norleste dos depósitos de Aqualia, ao sur do Campo Grande, na ladeira que hai entre o camiño da Romalla e rúa Vista do Mar.

► Lugar onde as hedras medran libremente, probablemente nas vellas ruínas dalgunha casa, dalgún pardiñeiro, do latín HEDERARIAM ‘sitio cheo de hedras’.

Téñase en conta que en Lavadores ás hedras chámaseles hoxe *areiras*, sendo as *hedras* as varices das pernas, polo que o topónimo *A Hedreira* é antigo. As hedras que medran en Lavadores son a *Hedera hibernica* (G. Kirchn.) Bean = *Hedera helix* auct, non L., e as súas *baghañas* maduras usábanas os rapazotes nesta parroquia para disparar cos tutelos feitos cos talos dos sabugueiros (*disparabamos baghañas d'areira cos tuteliños*).

As Huchas

Está na Gandariña, baixo unha ladeira que sobe da estrada vella de Madrid ao Costal; hoxe hai algunha casa.

► Referido a algunhas laxes encabalgadas unhas sobre as outras, que deixan abrigos ou ocos interiormente. Pode facer referencia incluso a arcas ou antas megalíticas, pero non é probable dada a situación do lugar.

O Lugar da Igreja

É o pequeno lugar que circunda a igreja paroquial de Santa Cristina, concretamente ao norte e ao leste do templo; cheio de casas.

► Por asentarse aquí a igrexa parroquial de Santa Cristina de Lavadores e mais o seu igrexario correspondente.

0 Lagar

Pequena zona baldía situada ao sur da avenida do Aeroporto, por baixo da Corredoura, é dicir, da rúa Toledo, pero non chega a acadala.

► Adega illada onde se fai o viño.

A Lagoa / As Lagoas. A Barxa das Lagoas

Cultivos e barxas xusto detrás da fábrica de Álvarez, entre o camiño do Folón e o río Lagares. A *Barxa das Lagoas* é a parte máis inmediata ao Lagares e polo tanto a máis baixa, chá e húmida.

► Teñen o significado de 'terras moi molladas, enchoupadas, a prado ou barxa'.

Os topónimos tipo *Lagoa*, moi abondosos, non adoitan facer referencia a lagoas propiamente ditas, loxicamente, senón máis ben a

terras moi húmidas; son topónimos metafóricos. Isto confírmanolo algún resto na fala viva moi significativo: por exemplo, na aldea de Bon (Beluso, Bueu), *lagoa* é un xenérico local co significado, moi vivo, de ‘prado moi húmido; campo enchoupado, mollado por natureza’; ese ha ser o significado dos topónimos Lagoa de Lavadores.

A Lagumenta

Barxa na Bouciña, no *lugar* da Coutada Nova, preto do Lagares e da fábrica de Álvarez.

► Significa 'a terra pantanosa, enchoupada, moi mollada e encharcada'.

Lamastre.me

Área de monte lixeiramente elevada sobre o Parque Comercial Meixoeiro, cuberta de eucalipto. É un aveseado moi húmido malia á pendente do terreo, ás veces moi acusada.

► Ten o significado de ‘zona chea de lama tremedoiira, movedeira; terreo lamento e inestable = unha lama que treme ao pisármola’, do latín galaico *LAMA TRÉMULA ‘sitio cheo de lama movediza’.

É o mesmo topónimo que o *Lamatreme* de Bueu e o *Lamatremia* de Marín; o seu -s- é adventicio, quizais por confusión con «estrema» 'linde, límite', pero acaso mellor por pluralización *ad sensum* do composto Lama Tremas, aínda analizable e polo tanto susceptible de pluralizarse en *Lamas Tremas(s)* acomodaticamente (varias leiras así chamadas).

Hoxe, en Lavadores, aos terreos con esas características chámaseselles *lamurradas*, e no veciño Morrazo *lamurras*, tal como na tamén veciña Louriña; ambos os dous son formas despectivas prerromanas de *lama*.

A Lamballa

Lugar moi solloso e algo costaneiro no camiño sen saída que leva o seu mesmo nome e que parte da parte alta do camiño de Sabaxáns, todo por baixo da rúa Manuel Álvarez. Hoxe hai varias casas e consérvanse boas terras de labor e algún carballo. Ten unha boa fonte.

► Certa probabilidade de se tratar do alcuño dalgún poseedor destas terras. De todos os modos o topónimo é escuro, xa que constructos como ***A Lomballa*, derivado de *lombo* dun terreo, parecen pouco probables.

O Laureiro

Son uns eidos con algunha horta no espazo que hai entre o centro do camiño da Romalla e os depósitos de Aqualia, no Casal, xunto á Madalena e Os Mentrastes.

► Forma arcaica de *loureiro*, pequena árbore de follas aromáticas.

Sorprende este *Laureiro*, forma aparentemente arcaica con conservación do ditongo latino *-au-* sen evoluir a *-ou-*. É o único *Laureiro* que rexistrei entre as dúas dúcias largas de topónimos *Loureiro* que cataloguei tanto no Fragoso coma no veciño Morrazo: trátase dun sorprendente *unicum* entre nós. Ben é certo que noutras zonas de Galicia se conservan aínda formas (alternantes ou soas) con ese ditongo arcaico, pero son casos contados (*Caurel* / *Courel*, *Auteiro*, *Aubeira* < *A Oubeira*...): *O Laureiro* en Lavadores é rechamante. E non se trata dunha pronuncia illada dun único informante, senón que as seis persoas que me deron conta do Laureiro pronunciaban desa maneira. Non se rexistra en ningún documento, porque como son mormente casas, estas constaban co nome do *barrio*, non dos eidos.

Poderíamos pensar que esta *caldeirada non ten loureiro* e entón pescudarmos a ver se non fose o conto que este noso *Laureiro* trisilábico (Lau-rei-ro) veña dunha forma cuadrisilábica (La-u-rei-ro), co que o actual ditongo *-au-* viría dun hiato *-a-u-*. Sería así un caso como o do coñecido pobo indíxena galaico dos *Seurri*, do norte do *Conventus Bracari* ou *Bracarensis*. Esta «etnia» interpretouse sempre como un bisílabo *Seu-rrí*, pero recentemente demostrouse que, pola contra, era un trisílabo *Se-ú-rrí*; Seúrri, non Seurri, por perda dunha consoante; pero tamén ben é certo que o ditongo do noso Laureiro está en posición átona, co que diverxe do caso dos *seúrros*. Todo isto implicaría que entre o *-a-* e o *-u-* do Laureiro houbese unha consoante, co que todo se enlea máis: nin xamais saberemos se *Lau-rei-ro* vén de *La-u-rei-ro*

nin enxergaremos a consoante que se houbo perder se fose cuadrilábico nin moito menos o étimo do que había vir... Val máis non diciren e observar O Laureiro como unha pronuncia arcaica que perviu ata hoxe, por moito que isto sexa tan indemostrable como o anterior.

O Lavadouro

Son as terras, bastante fondas, situadas ao redor da fonte da Romalla, no camiño do mesmo nome.

► Refírese a un antigo río de lavar que aínda hoxe existe no lugar.

A Laxe

Zona do *lugar* de Redomeira, que ocupa unha pedrosa e costaneira ladeira do terreo que baixa da avenida do Aeroporto á Fontevella, atravesada polo camiño chamado oficialmente *camiño Laxe-Redomeira*, que desemboca na rúa Redomeira na zona da Fontevella. Esa ladeira da Laxe está toda chea de casañas, moitas antigas, pois A Laxe é o centro dese mencionado *lugar* de Redomeira.

► Pedra lisa e chá, en plano máis ou menos inclinado. Neste topónimo, como noutros, parece ter un valor colectivo.

A Leira Grande. A Leira Longa. As Leiriñas

A Leira Grande é un pequeno sector de labradío na Bouciña, cara ao río Lagares pero sen acadalo.

A Leira Longa son uns labradíos entre as casas da Ceboleira e a zona urbana de Martínez Garrido, que chega polo levante á rúa da Ceboleira.

As *Leiriñas* sitúase na rúa de Aragón, na área da Guixavar (por baixo –e cara ao norte– de Redomeira), hoxe xa completamente urbanizado.

► De *leira* ‘tira estreita de labradío’.

O Campo das Leiras

Sitio costaneiro no *lugar* do Meixoeiro, na estrada vella de Madrid, pouco antes dos institutos de FP vindo de Vigo; baixa ata o regueiriño que flúe cara ao Sello, que é tes-teira con Cabral. Parece ser que, segundo a documentación, O Campo das Leiras era un lugar máis amplo antigamente, pois había terras así chamadas bastante máis a poñente do lugar hoxe así chamado.

► En referencia ao lugar onde se situaban os principais labradíos do lugar.

As Leiteiras. A Fonte da Leiteira

As *Leiteiras* son os labradíos situados na metade sur do camiño da Orxa (oficialmente *Baixada á Orxa*), a ambos os lados, moi preto da avenida do Aeroporto (con quen lindaría se non se interpuxesen polo medio As Ameixeiras e mais O Palleiro), moi preto do Calvario. A *Fonte da Leiteira* está no medio das terras das Leiteiras, pero do camiño cara ao poñente, pegado a el. Hai unha fontíña, chamada desta maneira, pero que o concello ten inventariada como *Fonte da Orxa*, que ninguén lle chama.

► Seguramente se refira a algunha das varias plantas de pasto chamadas (*herba*) *leiteira*, ditas así por deitaren látex branco ou por aumentaren a produción do leite do gando.

A par da →Orxa están estas leiriñas chamadas *As Leiteiras*. Curiosamente estes dous lugares inmediatos reciben o seu nome de botanónimos sen flexión abundancial (o plural de *As Leiteiras* é recente, como se ve na documentación, e adaptaticio a un conxunto de varias terras así chamadas). A «leiteira» ou «herba leiteira» poden ser diversas especies de plantiñas, caracterizadas quer por deitaren látex ou zume branco dos talos cando se creban, quer por aumentaren a produción láctea do gando. De entre todas as plantas posibles así chamadas, o noso topónimo pode (e ha) facer referencia acaso a algunha euforbiácea, pois as variedades de euforbias abundan nos campos fragosiños e chámanse «leiteira» en gran parte de Galicia; ou tamén, quizais mellor, a un tipo de *plantago*, herba chamada hoxe en Lavadores

«lencua d'ovella», pois esta herba, a diferenza dos varios tipos de euforbias, entraba na composición dos pastos ou prados, xunto con outras herbas preferidas do gando (en Lavadores, a *lencua d'ovella* era, xunto co *cardo manso*, a herba que mellor comían as ovellas, por exemplo –malia que o nome «lencua d'ovella» non lle vén por comérenos eses ovinos, senón pola forma lanceolada das súas follas–). Nun sentido máis amplo, As Leiteiras de Lavadores ben puideron chamarse así non por daren esa planta en concreto, senón, por posuíren terras cuxo alimento, pacido, facía que o gando dese máis e mellor leite, estivese composto de herba leiteira (varios tipos de euforbias), *lencuas d'ovella* (plantago), ou calquera outra herba de pacer.

A Levada

Vagoada por baixo da estrada de Madrid, ao longo do camiño que dá acceso á residencia de anciáns.

► Ten o significado de ‘presa que tira a auga dos ríos para conducila aos regadíos’.

A Liboreira

Sitúase por debaixo da Silvana, ao longo de Ramón Nieto, desde o cruzamento desta avenida con Tomás Elvira ata o entroncamento coa rúa chamada da Silvana.

► Pronuncia recente de *A Lebreira*. Refírese a un lugar caracterizado pola abundancia de lebres, idóneo, polo tanto, para a caza.

Lebres e coellos nunca se confundiron no Fragoso, son especies moi diferentes, como diferentes son os topónimos *A Liboreira* e *A Coelleira*. Unha *liboreira*, derivado de *leboreira*, é stricto sensu un lugar abundante en lebres; atendendo a isto, este topónimo debe facer referencia non tanto a este feito como a un sitio idóneo para a caza dese animal: outramente dificilmente callaría como topónimo, e máis sendo as lebres animais nocturnos como son.

É sabido que moitos topónimos *Liboreiro/Leboreiro/Laboreiro* poden retrotraerse a formacións prerromanas indíxenas, como indican (entre outras cousas) o feito de seren o nome de moitos castros, dos que os máis próximos a Lavadores son o Castro Laboreiro (Melgazo, Portugal) e o Castro Liboreiro (Cangas, O Morrazo). Como resulta imposible demostrar tal cousa non o imos facer para A Liboreira de Lavadores, nin moito menos;] por innúmeras razóns, ha de se tratar do que dixeran arriba, unha zona con abundante caza de lebres.

O Loureiro

Ten como punto central o cruzamento de Martínez Garrido co camiño do Sobreiro, que se estende por baixo ata a rúa da Anduriña e por riba ata a praza do Bispo Cerviño. Hoxe está completamente urbanizado, pero a intervención urbanística é moi recente.

► Sitio caracterizado pola presenza dalgún vello loureiro (arboriña de follas aromáticas) capaz de destacar o suficiente para dar nome a un lugar. Non se desbota a posibilidade de que conteña un certo matiz colectivo.

A Longarela / As Longarelas

Labradíos moi húmidos na Bouciña, por baixo de Severino Covas e bordeados polo sur polo camiño do seu mesmo nome (que na placa municipal aparece como *Baixada Longarela*).

► Seguramente topónimo referido a unha terra (ou polígono de terras) de forma o suficientemente longa como para que esa característica lles dea o nome.

O diminutivo *Longarela* parece non estar, enxergablemente, formado sobre *longo*, *longa*, senón sobre **lóngaro*, **lóngara*, formas que están presentes noutros topónimos como *Lóngaras* ou *Longras*. Son formas cun sufixo de orixe prerromana que debeu estar en uso ata bastante tarde, como mostran outras formas latinas sufixadas con *el*. *Lon-*

A Madalena

Sitúase por riba dos Mentrastes, no final do camiño da Romalla, detrás dos depósitos de Aqualia, no Casal, límite entre os *barrios* de Riouau e O Caride.

► Deriva de *As da Madalena* 'terras propiedade da capelanía viguesa de María Magdalena'.

Non consta a existencia de ningunha ermida adicada a Santa María Magdalena no lugar. Probablemente se trate dunha terra propiedade dalgunha capelanía dunha igrexa parroquial adicada a esa santa ou que cuxas rendas eran destinadas a sufragar o seu culto e mantemento; viría entón de **A da Madalena*, ou sexa, **A da Capela da Madalena*.

Malvesada

Son as terras do Caride comprendidas entre a Travesía de Vigo e a rúa de Aragón, un pouco ao norte da Guixavar, por baixo de San Xoán do Monte e dominando O Viso. Hoxe está case todo urbanizado e aínda integrado na cidade de Vigo, pero o topónimo ten moita forza aínda entre as xentes de San Xoán do Monte, O Viso e Riomau, cuxos habitantes eran os propietarios destas terras.

► Ten o significado de ‘terra mal labrada’, ou sexa, mala de labrar.

Hoxe hai algunhas persoas (e non precisamente mozas) que lle chaman *Malpasada* ao lugar, sen dúbida por etimoloxía popular: lémbrese que os labregos tenden sempre inconscientemente a buscarlles un étimo lóxico aos topónimos, achegándoos moi a miúdo a palabras máis coñecidas, o que dificulta, ás veces, a penetración no camiño que conduce ao étimo orixinario. Pero esta Malvesada, topónimo tan antigo, amplo e importante, conta con documentación antiga abonda e fiable como para afirmar (de acordo cos falantes que aínda hoxe conservan a forma Malvesada –que son os máis–) que a forma orixinaria foi Mal-Vesada, non Mal-Pasada.

A Mamoela

Zona baixa en Subride, moi húmida, preto do regueiro que baixa a Cambeses, a poñente da rúa de Subride. Antes eran prados, pero hoxe está todo moi abarxoado e comido polo mato.

► Diminutivo de *mámoa* ‘montículo que cobre os monumentos megalíticos (dolmens, arcas, antas...)’.

Os dólmenes galegos tal como hoxe os vemos, coas súas pedras núas, estaban antes cubertos por grandes montículos de terra que facían que, desde lonxe, o conxunto semellase unha pequena teta, o que en latín se coñece como *mámula* ‘tetiña’. Esa palabra *mámula* é a que deu *mámoa*, cuxo diminutivo é *mamoela* ‘a pequena mámoa’.

A Mamoela é un topónimo arqueolóxico de gran valor, xa que neste lugar non está catalogado ningún dolmen (pero o topónimo non deixa lugar á dubida da súa existencia).

María Benitas

Zona de monte nas ladeiras orientais do alto de Figueiró, sobre San Paio; son propiedades no medio do comunal.

► Do nome de posesora *María Benita*, pluralizado *ad sensum*.

O Matías

Territorio un pouco ao norte do cruzamento da rúa Estremadura coa Travesía de Vigo, no Calvario, todo pegado á Travesía polo poñente.

► Do nome dun antigo posesor destas terras.

Medeiros

Lugar, hoxe moi urbanizado, en Martínez Garrido, desde esa avenida ata o camiño do Sobreiro e Doutor Carracedo. É unha zona de casas baixas bordeada de edificios de varias alturas.

► Referido a algúns elementos da paisaxe con forma cónica.

Un *medeiro* é un derivado de *meda*, palabra aínda usada en Lavadores (onde tamén se lle chama ‘medote’) para denominar aos palloiros de herba ou de millo que se fan nas leiras tras segarse aquela e esfollarse este. Un topónimo *Medeiros* sería así o mesmo que os tantos topónimos *Os Palloiros* que hai entre nós. Pero dadas as reducidas motivacións toponímicas que adoitan dar as efémeras medas ou medeiros, quizais sexa máis probable que eses ‘medeiros’ se traten de aplicacións orográficas metafóricas: hai montes en Galicia que se chaman «da Meda» por teren forma cónica, puntiaguda, igual que unha meda; pedras do litoral chamadas *A Meda* (como a de Rodeira –Coiro, Cangas–, ou a de Monteferro –Panxón, Nigrán–) por ser de forma tamén cónica. Pero o sensato é observar que o noso *Medeiros* está en plural (o cal anula o último dito) e que, sobre todo, se atopa nun lugar chairo, sen ningún accidente orográfico con forma de meda, cónico. Ha ser, logo, como os topónimos “Os Palloiros” e referirse a campos onde se facían as medas co cereal ou coa herba de forraxe. Non creo pertinente pensar que esteamos ante un topónimo arqueolóxico, dada a morfoloxía do topónimo, a súa situación e a ausencia de datos ao respecto.

Meira. Redomeira

Redomeira é un dos *lugares* que forman o *barrio* de Riomau. Localízase xusto entre a avenida do Aeroporto e a rúa de Aragón, por cuxo espazo intermedio atravesa a chamada rúa Redomeira e se sitúan as casas (vellas e novas) deste histórico *lugar*, que queda, así, como unha aldea-illa entre esas dúas vías. Conserva bastante intacto o seu entramado, debido a que a urbanización actuou sobre as circundantes rúa de Aragón e –moito menos– a avenida do Aeroporto, ficando Redomeira a salvo de ser absorbida: conserva, polo tanto, valiosos informantes tamén, que saben dunha toponimia tan interesante e con tanto risco de desaparecer como é a da zona dos arredores de Redomeira, que se sitúa a un paso do Calvario.

Meira é o nome en conxunto de toda a zona de Redomeira e trascénda un pouco. É forma xa moi pouco usada, pois triunfou Redomeira.

► Hidrotopónimo antigo de orixe prerromana. *Redomeira* é a fusión recente de *Río de Meira*.

Estes dous toponimos están xa no tránsito entre o rural e o urbano, polo que xa case contan só coa vida que lles dá a nomenclatura viaria. Aínda así, entre os nativos é hoxe máis coñecido *Redomeira* que *Meira*, polo feito de ser Redomeira zona poboada de antigo e *Meira* unha vaga zona campestre ao seu redor, con leiras que, aínda por riba, reciben outros nomes.

Meira trátase dun antigo hidrónimo prerromano ben común en Galicia, onde temos Meira (un concello da Terra de Luaces, Lugo) ou a veciña parroquia de Meira (Moaña, Morrazo). *Meira*, derivada de *MARIA ou de *MERIA, vén dunha raíz indoeuropea moi coñecida que significa ‘auga estancada’: a Meira de Moaña houbo recibir o seu nome da enorme marisma intermareal sobre a que se asenta, ao igual que a Meira de Luaces, sobre unha barxa fluvial hiperhúmida. A nosa Meira de Lavadores ocupa un valciño moi fondo e resgardado, atravesado por un regueiro chamado precisamente «río de Meira», que forma unha barxa bastante ampla no fondo dese valciño (que separa San Xoán do Monte e Riomau) onde aínda hoxe medran as espadanas (chamadas *aspadainas* precisamente en Redomeira).

Redomeira deriva de *Río de Meira*, polo que estas terras tomaron o nome do regueiro anteriormente mencionado, a par do cal se sitúan. De *Río de Meira* pasouse a **Re-de-Meira*, cun proceso moi común observado nos tantos Redemuíño (<Río de Muíño), Redacanle (<Río da Canle) etc. E de *Redemeira* veuse a *Redomeira* por comunísima labialización do -e- ante a labial -m- (como *somana* por *semana* ou *dovesa* por *devesa* ou *A Domeira*, aldea de Saiáns, Vigo, derivado precisamente de *A de Meira*).

O Meixoeiro

É a leadeira setentrional do gran monte do Areeiro (en cuxo cimo está o Hospital do Meixoeiro); trátase dun aveseado cuberto de bosque e cortado pola autovía das rías Baixas. Pero, precisamente, o lugar do Meixoeiro propiamente dito é a parte baixa desa leadeira, concretamente no camiño chamado oficialmente *camíño do Meixoeiro*, entre a estrada vella de Madrid e a rúa Manuel Álvarez. Vese claramente que se produciu unha ampliación recente do *locus toponimicum*, concretamente desde esa zona baixa ata os institutos e o hospital.

► Topónimo de sentido enleante. Pódese tratar desde dun curral para xuntar o gando a un regueiro onde abundan as anguías ou meixóns.

Remito ao primeiro tomo desta serie (*Toponimia do Val do Fragoso, Vol. I, Coia*), onde discuto certos aspectos deste topónimo *sub voce* *O Meixoeiro*.

Mella

Terras baixas e chás ao poñente de Vilar, no *lugar* da Cordeira, preto do límite coa parroquia de Sárdoma. Son uns labradíos que circundan polo sur o polígono do Sobreiro, bastante preto da estación de autobuses.

► Topónimo de motivación escura. Quizais se trate do apelido dun antigo posesor, pero agardariamos máis ben, logo, un sintagma tipo ***A de Mella*, polo que non se pode concluír nada.

A Mellora

Localízase en Ramón Nieto, desde o cruzamento con Tomás Elvira ata as casas baratas de Pardavila, incluíndoas.

► Refírese á parte das terras que un testador deixa a algún dos seus fillos, xunto coa lexítima que tamén lles corresponde.

Os Mentrastes

Sitúase na ladeira que baixa da rúa da Romalla á rúa Vista do Mar e colle ata a metade dos depósitos de Aqualia. Linda, logo, coa Madalena e A Chan do Pontillón, por riba de San Xoán do Monte, *barrio* do Caride, xa no linde co de Riomau.

► Colectivo asufixal de *mentraste* ‘certa planta aromática’, do latín *MINTHASTER* ‘calquera planta semellante á menta’.

Chámase *mentraste* no Fragoso e en parte do Morrazo a unha planta, agresivamente aromática pero de boísimo olor: trátase da *falsa árnica*, moi común nas Rías Baixas desde hai polo menos 300 anos pero de procedencia sudafricana, traída polos mariños portugueses e que deviu venturosa moi rapidamente. Por non ser planta indíxena, conta con mancheas de denominacións, como por exemplo nunha zona tan reducida como O Morrazo: en Aldán chámasele *chopo*, en Donón *botón d'ouro*, en Coiro *gurdelobo*...

De todos os modos, os mentrastes deberon sen dúbida denominar antes a outras plantas distintas da falsa árnic, pois na maior parte de Galicia coñécese con ese nome a unha serie de plantiñas oloreiras que van desde as varias clases de mentas a diversas horteláns, pasando polas nébedas ou os poenxos.

Un colectivo de *mentraste*, desde logo non referido á falsa árnica senón seguro a un poenxo, está presente en *Mentrestido*, nome dunha freguesía de Vila Nova de Cerveira (Portugal), cunha lixeira variación da pretónica debida á inestabilidade das vogais átonas dos falares portugueses.

A Merla / A Melra

Campos no Sobreiro, a medio camiño entre Vilar e a zona urbana de Martínez Garrido, á beira do antigo camiño que une As Curtiñas coa Cordeira.

► Posiblemente se trate dun topónimo anecdótico ou bucólico referido á merla (ave), pero toponimicamente é máis probable que sexa un alcuño dun posesor (*A [Leira] do Merlo > A Merla) ou pose-sora (*A [Leira] da Merla > A Merla).

O Melixoso

Húmida zona ribeirega á beira do Lagares un pouco ao norte do *lugar* das Pontes, entre Severino Covas e o río.

► Topónimo opaco, seguramente afectado por algunha dilación vocálica (ou mesmo consonántica) que o obscureceu, difícil de detectar.

As Milladas

As Milladas é un importante lugar xunto á Ceboleira, barrio da Bagunda. Está atravesado pola avenida de Martínez Garrido: a un lado desta rúa está case todo urbanizado, e a outro aínda queda algo de campo, aínda que está xa case todo cheo de casas.

► Posiblemente referido a unhas terras de condición granulenta, salferidas de seixos.

A forma *Milladas* é, evidentemente, un participio feminino plural, pero a súa requerible forma verbal infinitiva (o verbo ***millar*) é inexistent e dificilmente xustificable fitonimicamente. Hai, con todo, un adxectivo *millado* cun sentido xenérico de «que contén millo ou algo semellante aos grans de millo», como por exemplo o *pan millado* (o feito de centeo con algo de millo) ou un *porco millado* (o que ten unha enfermidade que produce unhas *baxoucas* na pel moi semellantes aos grans do millo miúdo), literalmente un *porco cuberto de grans como os do millo [miúdo]*.

Como en moitos topónimos participiais, debemos partir dun primitivo sintagma con *Terra, Leira, vel alii*; as nosas Milladas poderían vir, xa que logo, dun antigo ***As Terras Milladas* e entender a súa semántica atendendo ao que se expuxo anteriormente: poderían ser unhas terras botadas de millo miúdo, pero non é nada probable esta formación con nomes de cereais. Débese tratar de condicións físicas do terreo, como unha terra ruín por estar salferida de pequenos seixos ou con moitos leivóns; ou mesmo unha terra cuberta de pedras que lle dan unha aparencia granulenta ou *ovelluda*.

Existe en galego unha palabra *mealla*, migalla do pan ou anaco pequeno doutras cousas, miga. Esta vella palabra deixou por exemplo o topónimo portugués *Mealhada* < MED(I)ALIATA (*freguesia* de Viana do Castelo). Puidese ser, xa que logo, que un antigo As Mealladas, pronunciado seguramente As Mialladas, acabase transformándose en As Milladas por influxo de millo ou simple coalescencia vocálica. A semántica, curiosamente, non diferiría moito da expresada máis arriba para Terra Millada. Pero non temos proba documental algunha que certifique esta última proposta, a cal no fondo pode ser un simple espellismo, atendendo tamén á gran verosimilitude da primeira proposta e ao pouco económico da segunda.

A Millarada

A Millarada está na parte alta de Cambeses, dando face un pouco a Barreiro, que o circunda por Poñente, e á Balanciña, que fica ao norte.

► Posiblemente faga referencia, con valor colectivo, a algún campo onde se botaba a *millarada* ou millo de forraxe.

A *Millarada* é aínda analizable desde a fala lavadoreira: nesta parroquia a *millarada* é o millo que se bota como forraxe: cultívase moi mesto para que non medre en exceso e apáñase novo (*millarada de ferraña*) para lle dar a planta enteira e tenra ao gando. Esta interesante palabra é unha forma abundancial de *míllara*, que antigamente significou «terra sementada de millo miúdo» e hoxe tamén calquera cousa semellante aos grans dese millo, como as ovas do marisco, por exemplo aquí na ría de Vigo (*as míllaras das nécoras*). Esa forraxe ou ferraña houbóse chamar así atendendo a que é un millo que se sementa moi mesto (o *millo de meste* de Cangas). Vese como houbo varios sutís transvasamentos semánticos e morfolóxicos. De todos os modos, como se dixo, tanto a palabra *millarada* como o obxecto ao que nomea (millo de forraxe que se bota mesto) están ben vivos no Frago-so, polo que é topónimo transparente, pero cos matices expostos).

Millóns

É un lugarelllo situado na parte alta da rúa Cantabria, por onde entraba o vello camiño que da Brea viña á Corredoura que pasa por Pardavila.

► Acaso referido a unha mouteira ou un gran marco liminal, pluralizado *ad sensum*.

A orixe deste topónimo fragosoño non ten nada que ver co millo, malia o parecer. Este lugar, moi importante noutrora, aparecía sempre, antes do século XIX, como *Mollóns* (así no catastro de Ensenada, compendiado en 1752). Estamos ante a mesma palatalización da pretónica diante de palatal que se observa no coñecido topónimo cangués do

Millón (Liméns, O Hío), documentado sempre como *Mollón* ata datas recentes). Estamos, logo, ante un «mollón», que é unha marca liminal demarcatriz entre terreos; marca aquí de importancia debido ao seu callamento como topónimo: en Lavadores, hoxe, diferéncianse os *marcos á pedra* ‘unhas pedriñas chantadas no chan que dividen propiedades’, os *marcos de mouta* ou *marcos de toutiseira* ‘marcos determinados por montes de terra naturais, por valos, por amoreamentos...’; a algún destes feitos fará referencia *Millóns*.

A Mina

Lugar en fortísima pendente que cae da avenida do Aeroporto á rúa de Redomeira; trátase, polo tanto, do gran barranco que, como chanzo, se ergue sobre as casas de Redomeira separándoas da avenida do Aeroporto.

- Refírese a unha mina de auga.

A Miñoteira

Valciño na parte alta do regueiro de Cambeses, en San Paio de Baixo, con moito labor e aínda bastantes carballos e salgueiros.

Hai outro sitio chamado *A Miñoteira*, no fondo de Sabaxáns, preto do Lagares e do límite da Bagunda, con bastantes carballos tamén.

- Sitio onde hai *miñotos* ou *miñatos*, certa ave de rapina semellante aos falcóns.

Os *miñotos*, chamados máis comunmente *miñatos*, son unhas aves de rapina moi comúns, falconiformes (ou sexa, da mesma familia que os falcóns). Aínda hoxe, tanto como cambiou a paisaxe lavadoreira, se poden ver miñatos no Fragoso, onde xa non se lles chama *miñatos* nin *miñotos*, senón *busacos*. De feito, o único significado vivo que hoxe ten *miñoto* en Lavadores é o de ‘persoa parva, que case non sabe falar ou que tatexa’: *ese neno é un miñoto: ten seis anos e inda non espeliu*.

Pola súa parte, o vello topónimo Miragaia ten presenza toponímica

sempre facilmente conciliables: sen dúbida o topónimo máis coñecido é a importantísima *freguesia* urbana de Miragaia, no Porto (Portugal), chamada así por estar xusto en fronte, río Douro por medio, da freguesía de Gaia, cabeceira do concello de Vilanova de Gaia. Tamén temos a coñecida *Canexa de Miragaia*, na cidade de Vigo: unha ruela entre a rúa do Areal e Rosalía de Castro, con excelentes vistas desde A Guía de Teis ata A Laxe de Vigo, Morrazo de fronte e ría de por medio. Pero estraña atopármonos cun microtopónimo Miragaia en Cangas, debido fundamentalmente á súa situación topográfica e ao baleiro motivacional: a Miragaia canguesa é un baixío con varias *fanequeiras* inclusas situado a máis de 20 metros de profundidade, no fondo da ría de Vigo, a máis dun quilómetro ao sur do cabo de Balea (Darbo, Cangas); o topónimo neste caso ha ser moi antigo e ter unha motivación directa: un baixo sobre o cal os barcos divisan excelentes e amplas paisaxes, aínda que resulte un tanto estraño. Tamén en Teis hai outra Miragaia, na zona do Toural e paradoxalmente non moi lonxe do máis coñecido lugar de Vista Alegre, aínda que non houbo –neste último topónimo– modernización toponímica algunha, pois Miragaia e Vista Alegre, aínda que próximos, son lugares distintos: a súa similitude semántica é un feito revelador.

En resumo, a información documental indícanos que o vello Miragaia ('a vista alegre') se mudou en Miranaia impulsado pola natural situación de dominio visual de Miragaia sobre Naia e unha vez que Miragaia deixou de ser entendida (analizable), bardante, claro está, que todo fose ao revés e un Miranaia antigo se mudase naquelas épocas en Miragaia por confusión con topónimos do mesmo tipo, confusión que non se acabaría xeneralizando; pero isto último non é nada crible.

A Molinera

É un pequeno lugar cheo de casas nunha pronunciada encosta do terreo que sobe por detrás de Proyecto Hombre, preto de Ramón Nieto, desde As Lotas ás casas vellas da Brea. O camiño que sobe polo lugar coñécese oficialmente como *camíño Brea Muiñeira*, querendo dicir *Brea – Muiñeira*, con guión que separe estes dous lugares distintos. Cumpriría emendar a placa, polo tanto, e poñer só *camíño da Muiñeira* (se non queremos conservar a forma popular castelanizada) ou ben *camíño da Brea – A Muiñeira*, pero con guión indispensable.

► Referido a un dos vellos muíños eléctricos que se instalaron no segundo cuarto do século XX en moitos lugares de Galicia, coñecidos sempre como *molineras* e que, dada a súa rareza e funcionalidade, acabaron por callar moitos deles como topónimos.

Os Montes

É un lugar, moi costento e cheo de casas, na avenida do Aeroporto, limitado por riba pola Subida ás Ánimas.

► Refírese ás encostas do terreo que caen sobre o lugar desde San Paio.

0 Montillón

Unhas pouquiñas terras sobre as casas da Bouciña, en costa e con varias viñas.

► De *montillón* ‘montículo, pequena elevación do terreo’.

O Mouregade

Importante lugar no Calvario, situado a ambos os lados da rúa Asturias, desde o cruce coa rúa Numancia ao leste ata a Travesía de Vigo ao oeste, no corazón do antigo *barrio* de Riomaú, de quen era un *lugar*; polo sur chega e supera Jenaro de la Fuente, cuxa metade occidental ocupan as chamadas *Chans do Mouregade*, ás que tamén oín chamar *O Mouregade de Riba*.

► Derivado de (TERRA) MAUREGATI 'a terra propiedade dun home chamado Mauregatus', con artigo adventicio tomado moi recentemente.

A forma xenitiva *Mauregati* deu tamén os varios topónimos *Morgade* que hai por Galicia adiante. En *Morgade* perdeuse a vogal pretónica, no noso *Mouregade* de Lavadores mantívose, tal como o ditongo, polo que é un topónimo máis conservador que aqueloutro.

O Muíño Vello / Muíño Vello

Fondo valigato no medio de Cambeses, ao sur de Ramón Nieto, por onde baixa en pendente o *regueiro de Cambeses*. No lugar hai varios muíños (o dos Carreiras, o de Marcelina, o do Tolín, o de Indalesia, o do Conanco...) moi próximos uns dos outros, e ten tres ou catro presas que levan a auga do mencionado regueiro a eses muíños.

► Referido a algún dos varios muíños que hai no lugar, o máis antigo deles ou que deixou de moer en proveito doutro novo.

Os Nabases de Barreiro

É a vizosa ladeira que cae da rúa de Subride ao regueiro de Cambeses; ata a década de 1960 os cultivos distribuíanse en socalcos moi característicos.

► Pluralización recente de *Nabás* (xa plural á súa vez), que significa ‘terras para botar nabos’ ou ‘terras botadas de nabos’.

Naia. Naia-A-Alta

Lugar ou subaldea do *barrio* de Sabaxáns que baixa da estrada vella de Madrid ao Sarabio e ás Cortellas. As casas ocupan un pequeno pero destacado lombeiro de abas moi pinas que baixa a un fondo valigato ao norte e outro tal ao sur. Malia medrar moito a edificación, aínda é Naia unha das zonas que mellor conserva as esencias rurais de Lavadores. É unha área sollosa (malia ser un avesedo que mira ao norte) e ben regada, con hortas e moitas viñas e froiteiras.

Naia-A-Alta é un sector do *lugar* de Naia que quedou por riba da estrada vella de Madrid, case ata tocar a autovía das Rías Baixas, nunha zona máis empinada se cabe que a parte baixa ou principal de Naia. Ten varias casas, algunhas das cales vellas, e moito monte de eucalipto. Conta cunha importante poboación de persoas de etnia xitana que, malia viviren aquí desde hai varias xeracións moitos deles e ocupar casas moi antigas, ignoran ata o nome do *barrio* ao que pertence *Naia*, o da parroquia a que pertencen e o das propias terras que cultivan (ás que chaman xenericamente *las huertecillas*), polo que non me valeron como informantes. Tan extremo é o desarraigo voluntario desas xentes (chegáronme a gritar *¡galleguista!* moi despectivamente cando lles fixen saber que onde vivían

se chama *Naia-A-Alta* e mentres me sinalaban, con mirada torva, un vello xitano con cara incomprensiblemente ameazante, con sombreiro gacho e bastón máis longo ca el, sentado na soleira dunha casa -despois souben que rexeitaban o galego porque o senten alleo á súa cultura e cada feito ou nome que se afaste do castelán estándar era visto por eles como unha agresión á súa cultura, lingua e mesmo etnicidade, malia viviren en Naia-A-Alta desde hai máis de 80 anos-). Pensei: «á fin de contas, Naia-A-Alta é hoxe isto, para ben ou para mal» e baixei a Curros a entrevistar á vella Carmiña A Coella, que me atendeu ben e comprendeu tal situación como unha experta antropóloga especialista en contactos étnicos: «hainos que van ás mosas e hainos que esperan que as mosas vaian a eles; e tamén os hai que entran e quen non se deixa entrar», concluíu sabiamente mentres esperaba, impaciente, que chegase o ruidoso camiión do butano, deixando aberta a interpretación do sintagma tal como deixan as persoas de grande intelixencia.

► Covariante fonética de NAVIA. Forma de orixe prerromana, con significado indeterminado, moi probablemente ‘valciño entre montes’ ou simplemente ‘val estreito ou cóncavo’.

Formalmente *Naia* é un valónimo (nome de val ou de concavidade do terreo), cuxo valor nolo confirma a súa covariante fonética *Navia* (en orixe tamén un valónimo pero que acabou moitas veces dando nome a ríos que flúen encaixados por vales estreitos).

Navia é de orixe prerromana. Vén dunha raíz moi estendida que deixou os nomes das naus (barcos) en varias linguas, entre elas o latín e mais o grego. Esa primixenia raíz, que foi moi ben estudada, en orixe significou «concaidade, val fondo entre dúas vertentes altas» e, por asociación, nau, barco, porque nada hai máis cóncavo e semellante a un val fondo entre montes altos que o interior dun barco. Isto é un feito universal. Por iso temos vales e ríos chamados *Dorna* pero tamén a palabra *dorna* ‘barquiño’ ou *dorneiro* ‘artesa’; *Arteixo* e palabras como *artesa*; *Barcia* e *Barcala* e palabras como *barco*; *Río Bazo* e *bacía* ‘palangana’... entre outros moitos exemplos semellantes. Todas son palabras prerromanas que tomaron o nome de realidades orográficas cóncavas, encaixadas, no caso dos topónimos, e de recipientes ou barcos no caso do léxico, porque goza este léxico das mesmas características daquelas realidades naturais.

A primitiva forma *Navia*, presente en topónimos como o río Navia ou mesmo a parroquia fragosiña homónima, pasou a *Naia* quizais xa

en datas moi recuadas. Trátase dunha evolución fonética non xeral pero natural e moi ben representada entre nós. A situación do *lugar* de Naia, nun destacado lombeiro entre dous profundos valigatos de rechamante concavidade, fai que a semántica do seu étimo (e seguramente tamén o seu significado verdadeiro) case moi ben coas características físicas do lugar, acaso cun primitivo matiz colectivo referido aos dous valciños mencionados.

A Naiana. O Monte da Naiana

Coñecen así á ladeira que baixa do instituto Manuel Antonio ao cruce do camiño da Noiana coa estrada vella de Madrid. Hoxe ten moitas casas, pero ata hai poucas décadas era un xestal. O mencionado camiño da *Noiana* é un flagrante erro co que se oficializou o que toda a xente nativa coñece como *camíño da Naiana*.

O Monte da Naiana é o pequeno eucaliptal que hai detrás do instituto, na parte máis alta do lugar.

► Probablemente se trate dun mero derivado situacional de Naia, aldea preto da que se asenta A Naiana. Non se desbota que sexa, en última instancia, o xentilicio dunha antiga posesora destas terras.

A forma toponímica máis próxima que coñezo da Naiana son os famosos *Campos da Naana*, en Bon (Beluso, Bueu, Morrazo). A citada forma morracense é morfoloxicamente estraña, pero a súa terminación deláttaa como un posible xentilicio –ao sumo un alcuño sen valor de procedencia–. Pero, o hiato -aa- é de moi difícil ascensión. Se partimos deste topónimo de Bueu, a Naiana lavadoreira sería o natural froito da introdución dun -i- antihiático –tal que *fágaia!* por «fágaa!» ou *el dáias* [as moedas] por «el dáas»–. Alternativamente, *Naana* podería tratarse dunha ultracorrección de *Naiana*, ao pensarse que o -i- era antihiático. En todo o caso, como A Naiana está metida á beira do lugar de Naia, debe compadecerse formacionalmente con ela [os nomes de aldeas adoitan repetirse dentro do seu radio de aplicación toponímica directa, dando lugar especialmente a diminutivos: así o centro da Espedrigada (en Coia) chámase *A Esprigadiña*, o centro de Miranda (Coiro, Cangas) coñécese como *Mirandiña*; Darbo (<DÁRAVO, Cangas), *Daravelo*; A

Un xentilicio *Naiana* ‘a de Naia’ non tería sentido toponímico dentro dun lugar inmediato da que recibe o localicio; polo tanto só queda libre a vía dun adxectivo antigo, o cal esixe unha formación sincrónica (ou case sincrónica) con Naia e a asunción da súa antigüidade, en todo o caso non probada nin confirmada pola terminación –que non é antiga, pois o lugar sería entón **A Naián–. Nacerían así NAVIA (> Naia) e *TERRA NAVIANA (> (*Terra) Naiana) ‘a terra que está en Naia’ ou ‘a terra coas mesmas características orográficas que unha **navia ou que NAVIA > Naia’. Sexa como for, a dependencia e relación da Naiana con Naia debe darse por segura, aínda que o detalle se enxergue fusco. Desde logo a terminación do microtopónimo delata modernidade formacional, polo que moito do dito atrás nada achegaría.

Pequeno lugar na Cabalaria, desa rúa cara ao sur, en San Paio; eran hortas e viñas, pero de 40 anos para acá hai casas.

A da Néboda está en San Paio, mais en Sabaxáns, tamén en Lavadores pero afastado de San Paio, gravei este dito: *Néboda e hortelán, halas ter sempre na man*, en que se ve claramente que ambas son plantas medicinais e, sobre todo, que as dúas se asocian, e non por outra cousa que por cheiraren parecido, é dicir, por seren herbas de cheiro semellante á menta, clasificación moi castiza e popular na ría de Vigo, en que se inclúen, alén da néboda e da hortelán tamén o poexo (*punxo* en Lavadores), os mentrastes, o *toronxil* (*truxil* en Lavadores e *toronxil* no Morrazo), a *milisa* (que é unha especie de *toronxil* bravo)... A néboda trátase da tan típica *Satureja ascendens* (Jordan)

K. Maly = *Calamintha glandulosa* (Req.) Benth. = *Calamintha nepeta* (L.) Savi subsp. *nepeta* = *Calamintha sylvatica* Bromf. subsp. *ascendens* (Jordan) P. W. Ball. = *Clinopodium beticum* (Boiss. & Reut.) Merino = *Clinopodium nepeta* sensu Merino.

As poliñas de *néboda* aínda hoxe se usan en Lavadores para botar a cocer coas castañas para as aromatizar, mesturadas cos *anises* (flores do fiúncho) ou soas; en Lavadores hai quen lles bota ás castañas só *anises*, só *néboda*, ambas as dúas herbas ou incluso follas de loureiro, soas ou mesturadas coas dúas herbas anteriores. Con todo, o nome da *néboda* vaise perdendo á medida que os lavadoreiros van sendo cada vez máis alleos á terra onde se asentan.

A de Neira

É o lugar onde se atopa a igrexa dos picos (Inmaculada Concepción de María), entre a parte baixa da rúa Toledo, Benito Castro Nogueira e o empalme da avenida do Aeroporto, Aragón e Genaro de la Fuente, incluíndo o IB Castelao. Ocupa parte da Candeia, que é o topónimo máis grande que o integra.

► Do nome dun dos últimos posesores destas terras: o filántropo soberino Don Antonio López de Neira.

O Nogueiral

Terras de labradío en Sabaxáns, debaixo do *lugar* de Naia, cara ao Lagares, pero bastante altas con respecto a ese río, ou sexa, sube cara á estrada vella de Madrid, que non chega a tocar.

► Posiblemente bosque de nogueiras, árboles que producen las nueces.

O topónimo, que non se rexistra documentado ata finais do século XIX, parece moderno, se atendemos a que os colectivos de nogueira adoitan aparecer na nosa toponimia baixo formas antigas como *Noceo*, *Nogueirido* etc.

De todos os xeitos, un **bosque** de nogueiras é algo ben raro nestas latitudes, onde escaseaban incluso os exemplares illados, o cal inspira moita desconfianza. Desconfianza que se acentúa se pensamos no topónimo *O Longueiral*, Coiro, na veciña Cangas, que ata ben entrado o século XX aparecía rexistrado na documentación cunha forma vacilante *Ningueiral*, *Nongueiral* ou *Nogueiral*, evidentes intentos de facer comprensible o xa opaco Longueiral. Con isto quérese dicir, sempre atendendo á rareza dun bosque de nogueiras en Lavadores, que non vaia ser que o noso Nogueiral lavadoreiro sexa unha deformación aclaratoria dun vello topónimo *O Longueiral* ‘o conxunto de terras alongadas’, como no frustrado intento de Cangas, pero todo isto é inconcluínente mentres non apareza documentación antiga que nolo corrobore.

O Olmo

É unha zona de monte en San Paio, na man esquerda da parte máis alta do camiño do Paraisal de Riba, preto do seu cruzamento coa rúa de Figueiró.

► Pola presenza no lugar dalgún grande olmo, árbore de porte maxestuosa que deu lugar, pola súa visibilidade e perdurabilidade, a moitos topónimos.

A Orxa / As Orxas

A Orxa, dito As Orxas moi a miúdo por pluralización acomodaticia, son os campos (con algunha casa) situados a ambos os lados do camiño que oficialmente se chama *Baixada á Orxa* pero que a xente do lugar chama a secas o *camiño da Orxa* (pois non *baixa* á Orxa, senón que *atravessa* A Orxa). É un sitio moi húmido e fondoneiro situado ao norte da avenida do Aeroporto e por baixo da rúa Cantabria, pero sen chegar a ningunha desas dúas rúas, que fican pretoño ambas.

► A Orxa fai referencia a uns campos con xoio ou *cizaña*, malas herbas, logo seguramente a uns barbeitos ou, mellor, a uns campos ermos sen cultivar.

Na Orxa, estamos ante un deses colectivos fitonímicos cuxa forma abundancial non toma morfoloxía derivativa senón que esta é a mesma que a do substantivo: con outras palabras, a mesma formación indica o nome da planta e mais o seu colectivo. Son topónimos como *Tromentelo* (Coiro, Cangas), *Ximalveira* (Darbo, Cangas), *A Maruxa* –de *muruxa* ‘unha certa herba comestible’– (Beluso, Bueu). É como se a un topónimo referido a un antigo campo de trigo se lle chamase *O Trigo* en vez de *O Trigal*. Estes curiosos tipos toponímicos danse especialmente con botanónimos ou nomes de herbas ou plantiñas (como os mencionados *Tromentelo*, ou *Ximalveira*, *A Maruxa*, ou outros como *A Cebadilla*, *Fabaloa* [=altramuz], *Cova da Solda*... todos no Morrazo). Ao seren herbas ou plantiñas teñen de por si xa un certo valor colectivo implícito: cando dicimos *cebadilla* non nos estamos referindo case nunca a unha soa planta de cebadilla, senón a un sitio cheo dela ou con varios pés desa planta, e o mesmo se diga de *Fabaloa* e, desde logo, da *Orxa* e seguramente tamén das →*Leiteiras*.

A herba á que se refire este topónimo é a *orxa*, que é unha planta gramínea venturiera de nome científico *Lolium temulentum* e tamén chamada *xoio*, *cizaña* ou herba *tarela*; ás veces pode converterse nunha auténtica praga, xa que adoita medrar entre o trigo e o orxo. Precisamente recibe o seu nome «orxa» polo feito de se dar en terras botadas do cereal chamado orxo. Como outras plantas de azoute, non só medra entre os cereais, senón que prolifera abofé tamén nos campos a barbeito, nas restrebas, ou incluso en terras xa non cultivadas desde hai moito, como testemuños ventureros de antigos labradíos.

O noso topónimo significaría simplemente un campo (a barbeito ou non) onde medra moita orxa; ou incluso unhas terras de cereal moi propensas ás malas herbas como ela.

Pacheco de Baixo. Pacheco de Riba

Pacheco de Baixo está en San Paio, no camiño que baixa a Salcides, e ocupa toda a ladeira do monte case ata o alto de Figueiró.

Pacheco de Riba está ao noroeste de Pacheco de Baixo, xa no alto de Figueiró, concretamente onda a portalada da coñecida mansión chamada *La Cumbre*.

► Posiblemente do alcuño dun dos vellos posesores de toda ou parte deste lugar, *Pacheco*, moi común nestas terras fragosiñas (e tamén no veciño Morrazo, onde o alcuño *Pacheco* abunda sobremaneira). Pero a elevada presenza de topónimos tipo *Pacheco* en case toda Galicia ponnos en garda sobre esta última e aparentemente certa interpretación: seguramente sexa outra cousa.

O alcume *Pacheco*, tan usado en terras fragosiñas e morraceiras, ten o significado de ‘persoa aparvadiña, de pouca personalidade, que sofre por todo, que todo lle doe, que se amouca por nada...’; esta semántica de *Pacheco* está contida hoxe en Lavadores no adxectivo *xirido*, que significa todo o anterior: es *un xirido* ‘todo che doe, sofres por todo, amóucaste sempre’, *prefièrre millor a aghua oxighenada ó alcohol porque é un xirido e pensa que ll’ha picar menos a aghua oxighenada có alcohol...* (frases gravadas no Casal-San Paio, Lavadores).

O Palleiro

É o pequeno lugar situado entre a Baixada á Orxa, a avenida do Aeroporto e a rúa Cantabria.

► Probablemente se refira aos típicos *palleiros* ou montes de palla en forma cónica, pero seguramente haxa algún matiz semántico que xustifique a súa aparente rareza motivacional.

O Panasco

Zona feracísima na fonda pero curta vagoadiña do Regueiro das Fontáns, con algunha casa, por onde pasa o camiño chamado oficialmente “Camiño Novo do Panasco”, ao norte da rúa Santa Cristina.

► Seguramente teña o significado de campo de herba, pasteiro.

A Paradela

Pequeno lugar metido nas casas de Naia (barrio de Sabaxáns), con hortas e algunha viña.

► De complexa motivación semántica, pero neste caso concreto é probable que se refira a unha pequena pausa do terreo despois das encostas.

O Pardal

No camiño do Folón, na súa parte de poñente, no *barrio* da Bouciña.

► Seguramente referido ao alcuño dun posesor destas terras: **A do Pardal*.

Véxase → *O Charau* para máis detalles.

Pardalaxe

Son as terras (chairas na parte baixa e moi empinadas na alta) entre a estrada vella de Madrid e a autovía de Madrid (N-120), a nacente da Costa do Castelo (oficialmente “subida a Montecastelo”) e ao norte da rúa Paz Pardo: cultivos na parte baixa e monte na alta.

► Deriva de *Pedra da Laxe*, forma tautolóxica presente en moitos outros topónimos semellantes da contorna.

Para detalles morfolóxicos e compositivos véxase →*Pardavila*.

Pardavila

É un dos principais *barrios* de Lavadores, malia que cunha extensión territorial bastante reducida con respecto a outros. Ocupa toda a parte baixa meridional do costeiro monte de San Paio e baixa da avenida do Aeroporto, onde, por riba do *lugar* da Brea, linda co *barrio* de San Paio, ata as zonas chairas ao norte do Porbelo por baixo do Capitán. Linda por poñente coas Fontáns, onde xa empeza o Vigo urbano, e está atravesado centralmente pola avenida de Ramón Nieto antes de chegar ao Alto do Seixo, ou sexa, moi preto de Vigo. Está a medrar moito ultimamente, debido ás grandes urbanizacións recentemente construídas arredor de Ramón Nieto. O centro enxebre de Pardavila é →O Saramago, onde están case todas as súas casas vellas. Todo o lugar é unha agre ladeira que mira ao sur, moi empinada e moi sollosa.

► Proven de *Pedra da Vila*, forma que aínda se empregou ata ben entrado o século XVIII.

Ata o século XVIII este lugar chamábase *Pedra da Vila*, pero xa a mediados dese século *Pedra da Vila* era unha forma minoritaria con respecto a *Pardavila*, que se abriu paso rapidamente e quedou o *Pedra da Vila* do catastro de Ensenada (1752) como unha forma seguramente xa arcaica nesa época.

O paso de Pedra da Vila a Pardavila debeuse producir, logo, a comezos do século XVIII, ou polo menos así nolo indica a documentación. Despois de finais do XVIII desaparece para sempre da escrita a forma histórica *Pedra da Vila*.

O elemento *Pedra* como primeiro compoñente de sintagmas toponímicos con preposición *de* tornouse moi inestable nos microtopónimos galegos e a miúdo sofre fondas alteracións, mormente debidas á haploloxia provocada pola preposición. Precisamente, sen saírmos de Lavadores temos →*Pardalaxe*, no *barrio* da Gandariña, pero neste caso o paso de *Pedra da Laxe* a *Pardalaxe* non se consumou ata ben entrado o século XX, cando aínda se dicía *Pedralaxe*, forma post-haplolóxica e pre-metatética intermedia entre o *Pedra da Laxe* do catastro de Ensenada e o *Pardalaxe* actual.

Pardavila non se trata, xa que logo, dunha antiga e nunca documentada ***Porta da Vila*, como ten elucubrado (e difundido) alguén. A documentación e comparación con outros casos é definitivamente concluínte. Que haxa algún *Pardavila* que derivase de *Porta da Vila* non implica que a nosa Pardavila de Lavadores teña que vir dese étimo: é un argumento pueril ou, como diría Chao Rego, prelóxico.

O Pardiñeiro

Localízase no *lugar* do Piñeiro (por iso tamén se lle chama *O Pardiñeiro do Piñeiro*), xa subindo cara a Naia.

► Ten o significado de ‘casa esbarroncada, caída, en ruínas’.

Hai xente do Piñeiro que lle chama *O Parriñeiro* ao *Pardiñeiro*, pero é unha pronuncia modernísima (nunca rexistrada documentalmente) e non xeral entre os informantes. En todo o caso, non afecta a etimoloxía do topónimo.

A Pateira

É o *lugar* que baixa da urbanización de Rivera Atienza á rúa da Bagunda, todo ao sur da rúa da Pateira, ao norte da Ceboleira. Hoxe está completamente cheo de casas unifamiliares, pero ata hai ben pouco eran viñas e labores.

► Topónimo de semántica fusca: pode facer referencia a algún pequeno campo de herba, a unha capoeira ou mesmo a algún lugar encharcado, mais todas estas, e outras, explicacións son difíciles de probar e incluso de asumir sen reticencias.

Pazós

Coñecen así á ladeira que da avenida do Aeroporto sobe cara á rúa Cabalaria (que non acadada), en San Paio, límite con Pardavila. Atravessa a mencionada avenida e chega ata preto do cruce da rúa da Brea coa de Pardavila.

► Pluralización moi recente do sintagma *A de Pazó*, adaptado *ad sensum*, do apelido dun antigo poseedor de parte destas terras.

O topónimo refírese á burguesa familia viguesa dos Pazó, que tiña moitas terras en Pardavila e entre elas esta, que posteriormente se dividiu quedando o nome para cada unha das novas subdivisións, pluralizándose o topónimo *ad sensum* consecuentemente e posteriormente á medida que se ían construíndo innúmeras vivendas unifamiliares nas citadas subdivisións.

Pé do Monte

É a parte baixa da ladeira oriental do Monte de Figueiró; hoxe conta con moitas novas vivendas unifamiliares na súa parte baixa, nunha faixa moi costaneira paralela á rúa Vista do Mar, que vai por embaixo. O lugar chega polo sur ata o empalme do camiño do Casal de Arriba co camiño do Monte. Recentemente o Concello bautizou felizmente o camiño que pasa polo lugar como *rúa Pé do Monte*, ficando así constancia do antiqüísimo microtopónimo.

► Ten o significado de ‘base do monte, terra situada inmediatamente debaixo da ladeira que sobe ao alto dun monte; o lugar que está á beira da ladeira dun monte’.

Pé do Olmo

Pequeno sector de terras na Bouciña, subindo a Cambeses e lindando co río polo sur.

► Ten o significado de lugar situado á beira dun olmo ‘certa árbore propia de sitios húmidos’, ou un lugar localizado xunto a un antigo topónimo chamado *O Olmo*, aínda que é máis probable a primeira posibilidade.

A Pedra da Pomba / A Pé da Pomba

Pequena área no alto do barrio da Gandariña, límite con Bembrive. Antigamente era un piñeiral.

► Seguramente referido á forma dalgunha pedra dese monte, pero non se descartan outras motivacións indeterminadas.

O topónimo secundario *A Pé da Pomba*, co que coñecen algúns a Pedra da Pomba, é debido a unha haplloxía: o topónimo orixinario é sen dúbida *A Pedra da Pomba*, como amosa a documentación durante séculos.

A Pedra do Toutizo

É unha pequena zona chea de casas en torno ao cruzamento da estrada do Lameiro coa de Bembrive, detrás da primeira volta da avenida de Madrid, barrio da Gandariña. É a parte máis ao sur da parroquia de Lavadores, e no lugar xúntanse as freguesías de Bembrive, Sárdoma e Lavadores.

► Referido ao lugar do Toutizo, xa na parroquia de Bembrive: a *pedra* en cuestión está dentro de Lavadores, pero toma o nome do devandito lugar beneviverense, que fica á súa beira.

As Pelicanas

Ladeira no Casal de Baixo, con varias casas, entre a rúa Cantabria e a rúa Casal de Abaixo, pero sen chegar polo sur á avenida do Aeroporto; ao norte linda coa Fonte do Picho.

► Deriva de *A das Pelicanas*, adaptado *ad sensum*, do alcuño de posesor *Pelicán*, *Pelicana*, moi común no Fragoso aínda hoxe.

O Penedo do Estripeiro

Empinada ladeira na parte máis alta de Naia, xa case no alto do Meixoeiro. Hai moitos penedos graníticos na parte alta desa pina aba, pero hoxe o topónimo refírese a toda a devandita ladeira do monte, non a ningún penedo en concreto.

► Un penedo é unha pena, unha rocha grande. *Estripeiro* refírese ao inmediato lugar do →*Estripeiro* e fai referencia a un arbusto espiñento moi común nos montes do Fragoso.

Os Penedos

É unha encosta moi costaneira que sobe desde o comezo do camiño da Aguadiña e a avenida do Aeroporto, pola costa que gabea tortuosamente ao camiño das Ánimas, en San Paio.

► De *penedo*, pena ou rocha grande.

A Penís de Baixo

A *Penís de Baixo* é unha zona da parte máis oriental de Lavadores, ao norte de Ramón Nieto e detrás das casas baratas de Álvarez, todo ao longo da rúa *Penís de Abaixo*, que marca o límite coa parroquia de Cabral, onde se sitúa *A Penís* propiamente dita.

► Derivado do celtismo baixolatino PINNITIA ‘sitio cheo de penas, penedos, penascos’. De aí saiu *Peniza*, que deu *Peniz* (=Penís, polo seseo inherente ao galego fragosiño).

O actual artigo feminino ainda delata que *Penís* é unha antiga *Penisa*, *Peniza*.

A Pereira

Hortas na Gandariña, todo por riba da Barronda, cara a Naia.

► Acaso faga referencia a un lugar pedroso, pero tamén pode ser un sitio caracterizado pola presenza dunha vella pereira brava caracterizadora de todo o lugar.

O Pereiro

Na Brea; son as terras, costaneiras en extremo, que baixan á Santeira. Hortas e casas.

► Dada a natureza do lugar, pedrosísima, é probable que este O Pereiro faga referencia a un sito pedregoso, cheo de pedras; a relación co fitónimo *pereiro* ‘pereira brava’ non é, aínda así, desbotable en absoluto e aínda, acaso, preferible.

A Peta

Son unhas terras nas casas da Bouciña, parte baixa, perto do Serodio e mais da Longarela, por riba do Lagares.

► Ten o significado de ‘pena, penedo, rocha’; trátase do antecedente simple do común *petón* ‘penedo submarino’, moi usado na ría de Vigo.

Dino con -e- pechado. Non é coñecida en Lavadores hoxe a palabra *peta*, pero éo abofé o seu derivado *petón* ‘rocha submarina’ e, sobre todo, *petouto*, que nesta parroquia é un boliño de fariña triga ou milla que se bota(ba) a cocer no caldo e que noutras parroquias de Vigo se coñece como *ratos encouros*, ou sexa ‘ratos espidos, ratos sen roupa’. Todo ten o sentido de ‘cousa avultada, destacada, sexa un

penedo, unha rocha submarina ou un boliño de pan', como tamén son os *petelos* que deron nome á veciña parroquia de Petelos, en Mos.

O Picho. A Fonte do Picho

Ten como punto central a sede da asociación de veciños Agarimo de San Xoán do Monte; polo norte chega aos depósitos de Aqualia e polo sur ao Lavadouro da Pelicana, todo ao longo da rúa Cantabria; ocupa, xa que logo, o centro do Casal de Baixo, no linde entre os *barrios* de San Paio e do Caride.

► De *picho* ‘cano por onde sae a auga da fonte’. Trátase, polo tanto, dunha metonimia que fai referencia á fonte que aínda hoxe existe no lugar.

Topónimo de idéntica motivación que *fonte dos Tornos* ou *fonte do Cano*, tan comúns na ría de Vigo.

O Pinal. O Pinal de Lavadores. O Pinal dos Xeveiros

O Pinal sitúase no centro da rúa Cabalaria, no medio da costa (non debe confundirse co Pinal Pequeno do Casal, máis abaixo e hoxe perdido na fala viva).

O Pinal dos Xeveiros é a parte máis alta de San Paio, ocupado en gran parte polo colleo Eduardo Pondal e de aí un pouco cara ao norte; hoxe todo cuberto de casas e sen rastro de vexetación *déndrica*.

O *Pinal de Lavadores* son as terras, hoxe completamente urbanizadas, ocupadas pola estación de autobuses e que se estenden ao norte ata abranguer a inmediata rúa da Gaivota e o colexio público da Dobrada, onde estaba o *valado* que separaba o lugar de Figueiras do lugar do Pinal de Lavadores.

► Bosque de piñeiros e posteriormente (en Lavadores) calquera arboredo menos unha carballeira ou un souto (por exemplo *un pinal de eucaliptos*).

O Pinalonco

Está na ladeira occidental do monte de Figueiró, e cae sobre as rúas de Pé do Monte e Vista do Mar, antes do límite con Teis.

► Fusión recente de Pinal Longo, como se chamou ata mediados do século XIX.

O Piñeiro. A Lata do Piñeiro

En Lavadores hai tres sitios chamados *O Piñeiro*. Un está nunha zona hoxe totalmente urbanizada: no triángulo que forman Gregorio Espino e a Travesía de Vigo ao empalmaren en Urzaiz, subindo desde esa última rúa ata á de San Roque e a chamada Couto Piñeiro, que recibe o nome deste lugar do Piñeiro.

Outro *Piñeiro* está no camiño do Areeiro, en San Paio, pouco antes de chegar á ponte que atravesa a autovía Rande-Puxeiros, pero na man dereita dese camiño, pois na esquerda está A Devesa.

O outro *Piñeiro* está moi afastado destes: trátase dun *lugar* do *barrio* da Gandariña, á beira do Lagares, todo por baixo da rúa Gandarón. A *Lata do Piñeiro* circunda o *lugar* do Piñeiro da Gandariña polo sur e son un conxunto de labradíos con parte de barxa (hoxe con casas e, sobre todo, naves industriais).

► Seguramente referido a algún gran piñeiro illado, pero existen outras posibilidades imposibles de probar.

O Piote

É unha área de monte por riba da Gandariña, en forte pendente, a par do monte do Costal.

► Probablemente referido a algunha pequena pía ou lavadoiro pétreo de pequenas dimensións.

O máis natural parece ser o expresado na sinopse: unha pía ou lavadoiro, pero, así e todo, existe unha certa probabilidade de que sexa un topónimo metafórico referido a unha pedra piramidal ou elevación do

terreo de forma cónica, dada a gran vitalidade da palabra *piote* no val do Fragoso, onde hoxe significa ‘curuto dunha bola de pan’. Non convén dicir máis.

O Piricoto do Pinal / O Pircoto do Pinal

É o lugar do barrio de San Paio onde se asentan a nova igrexa de San Paio e mais o colexio do mesmo nome, xusto ao final da rúa da Igrexa, no cimo dun destacado outeiro entre O Rosal Florido e o norte da Cabalaria: trátase do cumio do Monte de San Paio, ficando inmediatamente ao sur do famoso →Pinal dos Xeveiros.

- De *piricoto* ‘curuto dun monte, cima aguda dun outeiro’.

A do Platero

Terras en Pardavila hoxe completamente ocupadas pola nova urbanización da rúa Franco Fontes, que linda con Ramón Nieto, dentro da área de →Miranaia.

- Do alcuño dun antigo poseedor destas terras.

O Pombal

Un lugar chamado *O Pombal*, seguramente o máis coñecido, é un pedroso escarpe no Calvario, elevado sobre o cruzamento de Ramón Nieto con Urzaiz e Jenaro de la Fuente, por onde sobe a estreita canella oficialmente chamado *camiño do Pombal*. Queda aínda algunha casa vella e campos sen construír.

Outro *O Pombal* sitúase no corazón de Sabaxáns, nunha pequena ladeira, con algunha casa, á beira do Foro.

- En referencia a algunha antiga construción para acoller as pombas.

As Pontes. O R o das Pontes

É un lugar no fondo do val do Lagaes, todo á súa beira e aos dous lados, xusto por onde atravesa a chamada rúa de Naia, entre os barrios da Bagunda e Sabaxáns. Ten moitas

casas, varias delas vellas, que se sitúan mormente ao sur da ponte. O río Lagares recibe aquí o nome de *río das Pontes* e existe unha boa fonte: a das *Pontes*, cuxas augas tiraban, seica, o *incanido* dos meniños afectados de tal mortífero mal.

► Refírense a varios pasais ou pontellas que había antes neste punto do río Lagares, non a pontes propiamente ditas.

O Pontillón

No lugar hoxe ocupado polos depósitos de Aqualia, no Casal. Non debe confundirse co *Portillón*, que está un pouco máis arriba, na ladeira de Figueiró.

► De *Pontellón*, despectivo de *pontella*, pequena ponte.

Os *pontillóns* adoitaban ser pequenas pontiñas feitas dunha ou dúas laxes atravesadas nun regueiro para cruzalo.

A Porta da Campa. O Montiño da Campa

Ten como punto central o cruzamento da rúa do Areeiro co camiño que baixa ao Paraisal de Riba, en San Paio; de aí baixa case ata a avenida do Aeroporto na volta da Rotea. O *Montiño da Campa* está do outro lado da rúa do Areeiro, gabeando pola ladeira que sobe ao alto de Figueiró.

► De *campa*, que posiblemente teña o significado de campo natural de herba; pero pode igualmente referirse a algún vello sartego medieval na pedra (como os que tanto abundan na contorna), pero son moitas as razóns que nos permiten desbotar esta última posibilidade hipotética só recollida polos nosos lexicógrafos.

A Portela

É a ampla e coñecida meseta onde remata O Calvario vindo de Vigo: o lugar que baixa da unión de Urzaiz con Martínez Garrido cara ao sur, a ambos os lados desa avenida dese cruce ata o pazo de Rivera Atienza (chamado aquí Pazo da Portela). Ocupa, polo tanto, unha área altamente urbanizada, con torres de vivendas. Unha transitada rúa urbana que

une Urzaiz con Martínez Garrido leva aínda o nome oficial de Rúa Portela, rúa completamente urbanizada xa desde mediados do século vinte e que conservou o topónimo malia estar nunha zona periférica do espazo abranguido polo topónimo A Portela.

► Paso entre montes ou entre dous outeiros, ou, como aquí, unha simple divisoria de augas e vertentes no alto dunhas encostas.

O topónimo reíre-se á meseta citada na sinopse, na que a parte alta de Martínez Garrido segue exactamente a divisoria axial das augas vertentes: o terreo baixa ao leste moito e ao oeste un pouco menos, tendo o lugar un destacado aspecto de *portela*.

O Portelo

Pequeno lugar nas casas da Bouciña, con hortas, subindo cara a Cambeses de Baixo.

► Paso aberto nun muro para entraren as persoas e mais o gando nas labours e nos eidos.

0 Portillón

É a empinadísima ladeira circunscrita polas rúas Casal de Arriba, Ferradoura Interior e Rúa do Monte, na aba de poñente do monte de Figueiró. Polo Portillón sobe unha pina canella con varias ducias de escaleiras e casas a ambos os lados.

► Posiblemente derivado dun hipotético *portello*, *portella*, diminutivo de *porta*; tería unha semántica idéntica a $\rightarrow O$ *Portelo* e unha morfoloxía como a de $\rightarrow O$ *Pontillón*.

Portocarreiro. Portopiñeiro. Portovello

Portocarreiro está no lugar de Gandarón (barrio da Gandariña), onde a rúa do seu nome (Gandarón) empalma coa avenida de Madrid, pero tócaa pouco, pois beira o Lagares ata a ponte de Vilar. Foi sempre o límite con Sárdoma, xa que había aquí un marco.

Portopiñeiro está tamén na rúa de Gandarón, pero ao norte, todo á beira do Lagares, e hoxe está cuberto de naves industriais do Polígono Industrial de Gandarón.

Portovello linda con Portopiñeiro, augas arriba do Lagares, entre os *barrios* da Gandraña e A Bagunda.

► Son topónimos derivados da forma lavadoreira *porto*, que significa ‘paso por onde se atravesa un río’, que no resto do val do Fragoso se coñece, actualmente, como *pasadouro*.

Porto de Curros

É a empinada ladeira que baixa das Escolas Nieto á rúa de Curros, pero sen a acadar, pois Porto de Curros fica arriba, tocando as mencionadas escolas e aínda excedéndoas cara ás Lotas e á Muiñeira.

► Referido a un paso sobre o *regueiro de Cambeses*, no lugar de Curros, do cal toma o nome.

O Porbelo

Subaldea que ocupa unha área fonda, baixa e chá á beira do Lagares, a ambos os lados de Severino Cobas, xunto á ponte de Sabaxáns, entre Pardavila e A Bagunda. Era unha zona chea de barxas pero con algún cultivo e algunha casa, pero hoxe está case todo o lugar ocupado por naves industriais.

Recentemente o Concello bautizou oficialmente un camiño en Curros como do Porbelo, equivocadisimamente, pois ese lugar non o coñecen, nin se coñeceu nunca, como O Porbelo, lugar que fica a máis dun quilómetro de distancia cara ao suroeste. É unha evidente equivocación que cumpriría emendar.

► Antropónimo de posesor destas terras; vén de *Pero Belo*, forma arcaica do nome *Pedro* e mais o apelido *Belo*. O lugar chamouse *Pero-belo* ata ben entrado o século XVIII.

Aínda no século XVIII se chamou *Pero Belo* ou *Perobelo* este lugar, mais convivindo xa coa actual forma *Porbelo* (de *Pero Belo* pasouse a

Per Belo* [Perbelo*] e de aí a *Porbelo* por labialización do -e- pretónico ante o grupo alveolar-labial [rβ].

Pero é unha forma galega arcaica do nome persoal *Pedro*. Está presente, por exemplo, en *Pero Meogo*, nome dun dos nosos trovadores medievais. De *Pero* derivan precisamente os diminutivos *Perucho* ‘Pedriño’ e *Perello*, aplicado especialmente ao Demo e en Lavadores ademais (coma no Porriño e en Cangas polo menos) aos nenos moi malos e fedellos: o cantar tan coñecido en todo o Fragoso e parte do Morrazo co que se amoestaba (e ameazaba) os nenos malos era precisamente

*Xan perello, Xan perello,
unha noite durmiu no cortello;
veu un rato, veu un rato,
e rilloulle a punta do sapato.*

onde *Xan perello* é a forma de lles chamar aos nenos malos, como se dixésemos «Xan diaño» ou «Xan do Demo» (a ameaza radica en mandar o neno durmir ao cortello se se porta mal, onde inevitablemente os ratos lle habían roer os zapatos, daquela tan valiosos, para maior escarnecemento).

O apelido *Belo* ten o significado de ‘fermoso’, aínda que o substantivo *belo* nunca fose moi popular nas linguas hispánicas (véxase para isto o top. →*Adebelida*).

Outro topónimo próximo formado por *Pero* + *apelido* témolo en *Pertoucido*, o cal aparece como *Pero Toucido* aínda no século XVIII, que é unha carballeira en Aldán (Cangas) e unha *tomada* no Hío (Cangas), cuxos antigos donos deberon ser uns tales *Pero Toucido* (Toucido foi un apelido moi común en todo o Morrazo occidental, especialmente en Aldán, aínda que hoxe ten moi pouca presenza).

A Poupa

Son unhas das principais terras de labor de Vilar, *barrio* da Bagunda, localizadas ao norte desa subaldea de Vilar, entre a parte norte da prolongación do camiño da Fonte ata a rúa Gandarón.

► É un derivado de *pousella*, forma da que naceu o verbo *pouse-llar* / *pousillar* e de aí o seu participio *pousillada* ou *apousillada*. *Pousella* é o diminutivo antigo de *pousa* (véxase → *A Pousa*).

O Pouso

Sitúase no centro da área lavadoreira do Sello (ou sexa, no *lugar* do Sello, non no *barrio* do Sello –este último é de Cabral, o primeiro é de Lavadores–), con casas e hortas.

► Pousadoiro, lugar do camiño onde se para para pousar a carga e o peso que se leva ao lombo ou na cabeza.

As Pozas. O Toxal das Pozas

As Pozas é o lugar atravesado pola rúa Sagunto, no Calvario, desde o seu cruzamento con Palencia ata o empalme con Valladolid, acadando Martínez Garrido polo levante e a parte de atrás das casas de Doutor Carracedo por poñente.

O Toxal das Pozas (que se refire ao topónimo *As Pozas* anterior) está entre a rúa Soria e a rúa Burgos, collendo o cornello da rúa Segovia. Hoxe está todo urbanizado, pero os nativos da rural Ceboleira, que fica a escasos 100 metros, conservan moi ben esa toponimia. Hai outro sitio chamado *As Pozas*, que son unhas terras baixas entre Curros e Sabaxáns, onda o Lagares, con barxas e salgueiral.

► Pequeno charco de auga, permanente ou, as máis veces, efémero.

O Pozo de Barbón

É o territorio comprendido entre as rúas Doutor Antón Beiras, Travesía de Vigo e Numancia. Polo lugar corría o límite entre as parroquias de Lavadores e Santiago de Vigo.

► Referido a unha presa de regar (chamados *pozos* en Lavadores) situada á beira dunha gran propiedade do coñecido filántropo García Barbón.

A citada presa ou *pozo* acabou por dar nome, recentemente, iso si, a todo ese terreo do Barbón, que antigamente se chamaba *O Castañal*.

**A Presa. A Presa do Charco. A Presa da Devesa.
A Presa do Lago. A Presa de Pardavila**

En Lavadores hai tres lugares chamados *A Presa*: un é o territorio situado no Viso, por baixo (ou sexa, cara ao oeste) da Travesía de Vigo, pouco antes do entronque coa rúa Numancia, que queda ao sur, interpoñéndose polo medio A de Carnero. Aínda hoxe queda no lugar unha vivenda unifamiliar con algo de labor completamente bordeada polos altos edificios.

Outro lugar chamado *A Presa* sitúase ao norte da rúa da Aguadiña, en San Paio, que constitúe un minúsculo valciño case chairo no medio das fortes encostas que caracterizan o barrio de San Paio. Polo lugar, que son regadíos, baixa un regueiro dos que se desvían dúas pequenas presas de regar.

A outra *Presa* é o lugar situado entre a rúa da Anduriña e a avenida de Martínez Garrido, na súa parte baixa, que circunda por nacente a estación de autobuses. É a vella testeira entre Lavadores e Sárdoma e existiu aquí un marco ata hai poucos anos: o *marco das Figueiras*, que tamén marcou ata os anos de 1940 o límite entre os concellos de Lavadores e Vigo.

Hai ademais tres topónimos sintagmáticos con presa: *A Presa do Charco*, que é o lugar, aínda hoxe cultivado, pero tamén con algunha casa, situado en fronte do cornello sueste dos depósitos de Aqualia: entre a rúa Vista do Mar e a da Romalla, polo tanto.

A Presa da Devesa sitúase na Gandariña, na parte alta da rúa Paz Pardo, preto do colexio Montecastelo; é unha ladeira.

A Presa do Lago está en San Paio, xusto na chan ou portela que se abre a levante do cruzamento da rúa de Figueiró co camiño de Salcides, co que linda.

A Presa de Pardavila sitúase no cruce da rúa da Brea coa rúa de Pardavila, e de aí cara ao oeste ata a Travesía de Pardavila. Zona en pendente pero moi húmida.

► Da palabra lavadoreira *presa* ‘canle para conducir a auga para a rega’, aínda que en certos *barrios* de Lavadores sexa o encoriño que almacena a auga, non a presa que sae del.

A Queimada

Sitúase en Pardavila e linda con Ramón Nieto polo norte; baixa desde esa avenida ata o camiño que vai a Curros. Antes eran sobre todo viñas, pero hoxe está todo cuberto de casas.

As Queirondas. O Amãl das Queirondas.

1

O

Pe

Queirondas con absoluta normalidade fonética (e só fonética), este só podería ser o latín *ILLAS (TERRAS) CARIBUNDAS, que daría *As Queirondas* (ou tamén o latín *ILLAM (FONTEM) QUERIBUNDAM, que se verá abaixo). As obxeccións á pertinencia desta reconstrución hanse ver a seguir.

O sufixo latino *-bundus* está presente entre nós en topónimos como *A Touronda*, *As Tourondas* (do latín *[TERRAS] TAURIBUNDAS ‘terras coa fertilidade dun touro’) e seguramente tamén no topónimo lavadoreiro *A →Barronda* (do latín *[TERRAM] VERREBUNDAM ‘terra fértil coma un verraco’). Atendendo a esta exigüísima pero indicadora base comparativa, o normal sería esperarmonos nas Queirondas un étimo cuxa raíz remita a un animal prototipicamente fértil mediante o cal se establecese a comparación dunhas terras tamén moi feraces. Pero alemparte sería absolutamente lóxico que a comparación fose non cun animal fértil senón con algo que tamén remita á fertilidade. Pero parece ser que estamos precisamente ante todo o contrario, ante unhas terras que fan podreecer a produción debido á súa excesiva humidade do chan. Por iso optamos, ante a ausencia de animais reducibles a *Queir-*, por reconstruír *[TERRAS] CARIBUNDAS, xa que precisamente o latín CARIES significa ‘podremia da madeira, dos vexetais, das canas, ou, posteriormente, de calquera outra cousa’, cunha carga semántica moi *ad hoc* referida á gran e constante humidade das barxentas terras das Queirondas, que fai podreecer boa parte dos froitos que dan estas terras. Así do verbo latino *carire* ‘podreecer’ saíría naturalmente o verbal **caribundus*, **caribunda*. Desde logo é abraiante o ben que cadra esta forma latina, sabidos como son os presupostos requiribles que se acaban de dicir. O problema radica en que nin o latín *caries* nin moito menos o seu hipotético (pero posible) derivado **caribundus* parece que teñan presenza tanto no galego coma na súa (micro)toponimia. Sería un *casus* illado pero posible.

Hai unha palabra moi viva, *cairo*, de diversos significados; pero é raro (se non imposible) que unha forma romance como esa puidese tomar un sufixo *-ondo*, *-onda*, que lle dese quen sabe que matices. Non é tal sufixo unha forma viva en galego nin parece que o fose nunca, pero así e todo habemos expor os significados que *cairo* ten hoxe en Lavadores, xa que unha forma sufixada ***cairondo*, ***caironda* ben puido dar *As Queirondas*, foneticamente falando, por iso o expomos, para esgotar todas as posibilidades, por moi inasumibles que sexan, como o é esta.

En Lavadores un *cairo* son tres cousas hoxe: 1) un pito ou pola con poucas plumas; de aí ‘parecer un pito do cairo’, dito de moito uso aínda en Lavadores, aplicado ás persoas que están molladas, enchou-padiñas: ‘pareses un pito do cairo, ¡vai secarte!’. 2) Dente canino dos animais (aos das persoas chámaseselles hoxe en Lavadores *illós*; por exemplo ‘o can chantóucheme os cairos’, pero ‘miña filliña chantoulle os illós a seu irmán no braso’. 3) Chuvasco, balón repentino, forte e breve, de chuvia (‘corriamos porque viña un cairo e tiñamos que nos emparar da chuvia’). Ningunha destas tres acepcións vivísimas lavado-reiras son moi pertinentes toponimicamente (salvo quizais a segunda, por motivación orográfica [como o cónico *illote do Cairo* da illa de Ons, de perfecta forma de dente canino], pero desbotable dada a orografía das Queirondas e a forma plural coa que aparece). Ademais, como insinuei arriba, non parece probable que palabras tan enxebres como esas puidesen ser flexionadas cun sufixo do que non hai ningunha pegada en Galicia aplicado a formas vivas actuais ou máis ou menos recentes.

Pero, alemparte todo o anterior, existe un moi suxestivo adxectivo latino *queribunda* ‘chorosa’ que daría perfectamente ****Queironda**, despois pluralizado *ad sensum* en *As Queirondas*. O latín *queribundus* (en feminino *queribunda*) é un enxebre adxectivo co significado de ‘choroso, praxideiro, chorandeiro’, e como varias palabras desta semántica acabaron dando nome a fontes cuxo son lembraba o pranto ou o choro (como se as fontes chorasen), é altamente suxestivo que unha forma ***ILLAM (FONTEM) QUERIBUNDAM** dese nome a un manantío co mesmo significado que *A Fonte (da) Chorosa* que hai no Calvario e que acabaría nomeando as terras ao seu redor (igualiño que a Fonte Chorosa mencionada, que hoxe son unhas terras e non unha fonte). Con todo, e isto é sumamente importante, non parece que ficasen derivados romances do adxectivo latino *queribundus*; o cal, no fondo, pouco di, xa que moitos étimos latinos non deixaron derivados nas modernas linguas romances, malia que está probado que se usaron en protorromance: que unha palabra non se use non implica que non se usase en épocas recuadas e deixase pegadas toponímicas. Pero, aínda así, a improbabilidade é alta, por máis que sexa suxestivo todo o anterior.

Nada se pode concluír sobre *As Queirondas* sen caer na especulación.

A Rata

É un pequeno polígono de labradíos ao noroeste de Vilar, a medio camiño das casas das Curtiñas e da avenida de Madrid. Pola Rata, que é zona moi baixa, corre o pequeno regueiro que baixa do Sobreiro á Cordeira.

- Seguramente do alcuño dun posesor ou posesora destas terras:
*A da Rata (ou *A do Rato, adaptado *ad sensum*).

Redomeira

Véxase *sub voce* → **Meira**.

O Regato

Son unhas poucas terras de labor no valciño que hai ao sur de San Xoán do Monte, entre os importantes labradíos das Vesadas e os campos da Fonte da Leiteira. Polo lugar flúe o *regueiro de Meira*.

- Regueiro de auga de curto curso, referido sen dúbida ao *regueiro de Meira*, que baixa polo Regato.

O Regodagua

É unha ladeira moi costaneira no centro de Pardavila, cuberta de casas pero tamén con hortas e froiteiras. Localízase entre Hipólito de Sá e a Travesía de Pardavila.

- Topónimo descriptivo, referido a un regueiro (*Rego de Agua*).

A Regueira

Son unhas terras que hai na costa por baixo do Folón, na Gandariña.

- Ten o significado de ‘zona costaneira por onde baixa un regueiro de auga’ ou incluso ese mesmo *regueiro* propiamente dito.

O Regueiro

Terras en Sabaxáns, por riba da Bouzaboa, no camiño dos Carballeiros; baixa un pequeno regueiriño e hai un bo manancial de auga chamada *a fonte do Regueiro*.

- Pequeno arroio de auga, vella palabra galega de orixe prerromana.

O Regueiro de Cambeses

Chámase así ao fértil valciño onde estaba o cuartel de Barreiro, ata o camiño da Balanciña polo norte e cruza Ramón Nieto, o río Lagares polo sur. Evidentemente este amplo topónimo contén outros microtopónimos dentro do seu territorio.

O regueiro que baixa polo lugar (e que lle dá nome) tamén se lle chama Regueiro de Cambeses.

- O lugar toma o nome do regueiro que atravessa o *lugar* de Cambeses e forma un destacado val.

0 Reguengo / A Reguenga

É a suave ladeira que vai do colexio Pombal á rúa Cantabria (no Calvario, que baixa do Alto do Seixo: desde a Corredoura do Pombal ao Campo do Xeveiro).

- Ten o significado de 'terra de xurisdición real, propiedade da coroa, do rei'.

O Resío

Terras na parte baixa da Bagunda, moi preto do Lagares, xunto á Torre; hoxe está todo moi urbanizado, con algunha casa e sobre todo naves industriais.

- Referido ao sobrance ou sobexo dunha terra que queda ao longo do muro que a pecha.

O significado xeral expresado na sinopse puido ampliarse a ‘faixa de terreo que bordea algúns terreos’ ou incluso ‘anaco de terreo

pechado unido á casa', que ha ser quizais, por máis moderno, o que teña este Resío da Bagunda, pegado ás casas.

Xa se comentou no primeiro tomo desta serie como o gran *barrio* do Resío de Coia se vén escribindo desde hai moito tempo como *Rocío*, pensando que, o aínda hoxe vivo entre os nativos, *O Resío* era unha mala pronuncia, falsidade que habería que emendar canto antes.

As Restebas

Terras por baixo do final da rúa Cantabria, xusto ao sur da súa confluencia coas rúas San Xoán do Monte e Vista do Mar, no linde entre os *barrios* do Caride e Riomau.

► Topónimo seguramente referido a algún tipo de rotación de cultivos: un barbeito.

É un colectivo de *resteba* que, entre outras cousas, é unha terra que está de rastrollo e polo tanto tamén un campo de cereal despois de se ceifar. Estas situacións, efémeras temporalmente, non puideron dar lugar a topónimos calladoiros, polo que hai que botar man do sentido permanente ou semipermanente de *rastrolleira* ou *pallarega* (sen que *pallarega* se refira obrigatoriamente ao trigo). As Restebiñas non serían así outra cousa que «as pequenas rastrolleiras; os sitios que están permanentemente a rastrollo». Lémbrese que nada calla como topónimo se non é un feito máis ou menos permanente (a non ser, claro está, os topónimos anecdóticos, o que non é o caso). Hoxe en Lavadores ás rastrolleiras chámaselles *restolleiras*, sen *-r* e con *-e* (a ausencia de *-r* é moi propia do Fragoso, onde se di *rastelar* en vez de ‘rastrelar’ ou *comer á rastela* ‘comer no chan’).

Pero, bardante todo, hai que notar o significado que tiña *resteba* na zona de Pontevedra no século XVIII: en efecto, o padre Sarmiento anotou *resteva* como sinónimo de terra a barbeito bianual; así nolo describe: «En Pontevedra, después de haber cogido el trigo ó centeno, se ara y se siembra ó maíz ó mijo menudo ó panizo u otro fruto, en la misma tierra.» Esta definición do frade bieito ha ser a máis próxima (por xeografía e por pertinencia) ao sentido orixinario das Restebas lavadoreiras: uns barbeitos.

A Revolta

Terras de labor pegadas ás casas da Gandariña, cara a poñente.

► Pode referirse a unha volta destacada dun camiño ou incluso a un monte que se pon a cultivar tras rozalo.

Os topónimos tipo *Revolta* son moi abundantes entre nós. Poden facer referencia a dúas motivacións semánticas totalmente distintas: unha volta dun camiño ou un campo que se comeza a cultivar tras rozar o monte; con todo isto, a elección dunha ou doutra nunca será decisiva.

A Ría

Lugar bastante amplo e poboado no centro do *lugar* de cambeses, por onde corre a rúa chamada oficialmente *Baixada á Ría* (que non baixa **á** Ría, senón que baixa **da** Ría). Hai moitas casas e incluso varios muíños (un deles con vivenda); bordeando o lugar por poñente baixa con bastante pendente o regueiro de Cambeses.

► Seguramente se trate dun feminino de *río* con valor aumentativo (regueiro impetuoso, de augas crecidas ou algo semellante).

Lémbrese que o regueiro de Cambeses baixa moi pendente neste lugar e bruaba cando había enchente, polo que o feminino con valor aumentativo está plenamente xustificado.

0 Rial

Zona baixa e moi chaira no Polígono Industrial de Gandarón, á beira do Lagares. Da antiga barxa que era o lugar fica só unha estreita e prolongada fileira de salgueiros á beira do río; todo o resto son naves industriais.

► Significa ‘terra que está á beira do río’, do sintagma adxectivo latino (LOCUS) *RIVALEM* ‘o sitio que está xunto ao río’.

Rioma⁵

É un dos *barrios* históricos máis importantes de Lavadores: a el pertence tecnicamente O Calvario, que non foi máis que un pequeno lugarelllo de Riomau ata a súa explosión demográfica. As casas vellas de Riomau, que eran moitas, situábanse sobre todo entre as rúas Numançia e Estremadura, ao norte do Calvario, onde aínda quedan bastantes. A rúa Estremadura coñeceu oficialmente como *calle Río Mao* ata ben pasado o ecuador do século vinte, cando se lle cambiou o nome polo de Estremadura; con isto, o nome deste histórico barrio non consta oficialmente como nome de rúa, co que corre un severo risco de se perder, tal como está avanzando a urbanización.

► Deriva de Rivu-Malum 'o río malo', seguramente por ser difícil de atravesar ou por causar rebordamentos frecuentes.

As de Ríos / Os Asderrios

É un lugar na avenida do Aeroporto, entre o camiño oficialmente chamado Laxe-Redomeira e o cruce con Mestre Soutullo.

► Vén do apelido dun antigo posesor destas terras: *As (terras) de (un home apelidado) Ríos.*

A Romalla

É o valciño que, no Casal, se abre entre o camiño da Romalla e a rúa do Casal de Arriba. Está cheo de hortas e casas e ten fonte e lavadoiro no fondo.

► Evolución recente do antigo *A Ramalla*, co significado colectivo de ‘espesura, selva, zona con mesta vexetación’.

Trátase dun antigo *A Ramalla*, co primeiro -a- labializado en /o/ por efecto da nasal que o segue (como *somana* en vez de ‘semana’ ou *dovessa* en vez de ‘devesa’; tamén como noutros topónimos de Lavadores,

⁵ Os nativos pronuncian *Rimau* ou, sobre todo, *Remau*; oficialmente aínda *Rio-mao*, pero coa nova norma ortográfica debería ser *Riomau*, tal como optei por escribir.

como *Redomeira*, de 'Redemeira < Río de Meira', ou *O Porbelo*, de 'Perbelo < Pero Belo', que tamén sufriron unha labialización). O topónimo está, logo, emparentado con outros como *A Ramallosa*.

A de Romancho

Zona, hoxe urbana, no Calvario, ao sur de Urzaiz, entre as rúas do Cristo e Badajoz; ten como punto central a rúa da Cruz Branca.

► Recibe o nome dun coñecido antigo posesor destas terras: Don Román Murtegui, cuxo diminutivo popular era (*O*) *Romancho* (seguramente de *Romantxu*, pois era biscaíño, aínda que ignoro o lugar exacto da súa procedencia).

A Rotea. A Rotea de Baixo. A Rotea de Riba

A Rotea é unha zona moi coñecida do norte de Lavadores, entre San Paio e Subride. Correspóndese cun profundo valciño froito da confluencia dos enfestos montes de Figueiró e do Xunco Mariño, este último xa en Candeán. Está atravesado pola avenida do Aeroporto que fai no lugar a famosísima *volta da Rotea*. Polo lugar baixa o corguento regueiro que se chamará *Regueiro de Cambeses* augas abaixo.

Da avenida do Aeroporto cara ao norte coñécese como *A Rotea de Riba*, e desa avenida cara ao sur *A Rotea de Baixo*. O lugar ten, polo tanto, amplas zonas de monte na parte alta e moitas terras de bos regadíos na baixa; hoxe tamén hai bastantes casas.

► Ten o significado de ‘terras que se comezan a labrar despois de terse rozado e queimado o monte’.

Ignoramos como chamarían no Fragoso do século XVIII ás queimas periódicas do monte para poñelo a cultivar durante un ano, pero os datos máis próximos a Lavadores que dese século nos reporta o catastro de Ensenada son o verbo *estibadar*, ou sexa ‘facer estibadas’, que ten o mesmo significado que o expresado na sinopse. O feito é que nesas datas aínda existía no val do Fragoso de xeito residual ese arcaico sistema de explotación agrícola.

En xeral nesa época facíanse *roz*as, *estibadas* ou *roteas* en case en toda a montaña occidental luguesa e ourensá, nas montañas da Mariña lucense e norte da Coruña, en zonas da Costa da Morte e, de xeito moi residual ou esporádico, noutros puntos do país, sendo moi raro este sistema arcaico na zona costeira das Rías Baixas. Así e todo, en pleno século XVIII aínda se facían rozas en dúas parroquias do val do Fragoso, concretamente en Candeán e en Cabral (lindantes con Lavadores), onde os montes se rozaban cada vinte anos, queimándose logo a cobertura vexetal e cultivándose unha colleita de cereal fertilizada coas cinsas desa queima, como ben indica o catastro de Ensenada, onde se lle chama *romper* ao acto de deforestar o monte queimándoo para cultivalo de trigo:

El mismo ferrado de los [montes] abiertos comunes de primera calidad se pueden romper de veinte a veinte años en los términos de las feligresías de Santa Mariña de Cabral y San Christóval de Candeán, sembrados [después] de trigo, que regulan el producto de quatro ferrados.

Ou sexa, que en Cabral e Candeán *rompíanse* os montes comunais cada vinte anos para botar unha colleita de trigo. Isto eran as *roteas*.

Isto demostra un singular primitivismo nesas dúas parroquias interiores do Fragoso, malia que o millo (altamente rendible) estaba nelas introducido nesa época e formando parte xa da propia rotación de cultivos.

Sexa como for, o certo é que debeu haber un tempo no que ese sistema se coñeceu como *roteas* en Lavadores, o que deu nome ao noso topónimo.

A Rubiña

Terras na parte baixa do Capitán, entre a Baixada a ese lugar e a Travesía de Santa Cristina, ao norte de Severino Covas pero sen acadar esa rúa, no linde de Pardavila coa Bagunda.

► Diminutivo de *rubia*, color, aplicado a unha indeterminada condición do terreo, probablemente ás *terras rubias* ou barrentas, por oposición ás *terras negras*; pero a motivación deste topónimo está lonxe de ser clara.

Os Ruzos

Ladeira por debaixo da Brea, ao sur da rúa dese nome, pero que non chega a acadar a avenida de Ramón Nieto.

► Deriva do alcuño do posesor ou posesores destas terras: Os *Ruzos* é un alcuño familiar moi vivo en Lavadores, xa desde bastante antigo.

Sabaxáns. A Ponte de Sabaxáns

Sabaxáns é un dos máis importantes *barrios* de Lavadores, tamén o que mellor conserva a súa esencia rural e a súa galeguidade lingüística, incluso entre os nenos (os cales aínda sesean e gheadan). Baixa do monte do Meixoeiro ao río Lagares, e linda ao norte co *barrio* da Bouciña e ao sur co da Gandariña. Son feraces e sollosísimas encostas a levante e barxas e terras chairas ribeiras a poñente. Pertence ao *barrio* de Sabaxáns o *lugar* de Naia.

A Ponte de Sabaxáns é a fondura onde Severino Covas atravesa o Lagares, entre os barrios de Sabaxáns e A Bagunda. Hoxe todo está con naves industriais.

► É o antropónimo medieval dun antigo posesor do lugar: podería ser unha *(TERRA) SABAIANIS, xermánico, ou mesmo unha *(TERRA) SEBASTIANIS, grecolatino, pero ningún dos dous nomes persoais é seguro nin completamente convincente, especialmente o último.

É difícil observar Sabaxáns baixo outro lente que non sexa o da antroponimia medieval de posesor. Pero dos dous étimos que resultarían convincentes, **a)** un adoece de regularidade fonética e **b)** outro ten a eiva de ser un constructo hipotético. Como dicía o outro, a regularidade fonética é sagrada e ineludible (salvo que as analoxías e outros factores de detalle xustifiquen a irregularidade).

Resulta que o caso a) non só implicaría irregularidade fonética, senón que esta nin sequera se pode xustificar analoxicamente. Falo do étimo *(TERRA) SABASTIANIS⁶ ‘as terras dun home chamado Sebastianis’. Este tipiquísimo sintagma toponímico houbo dar ***Sabacháns* (cando

⁶ Forma rexistrada xa na baixa latinidade no canto de Sebastianis.

non simplemente ***Sabastiáns* ou *Sebastiáns*). O paso de ***Sabacháns* a *Sabaxáns*, aparentemente fácil, non é talmente: non hai ningún factor externo que puidese facer pasar **Sabacháns* a *Sabaxáns*.

A evolución do caso b) é foneticamente impecable, pero implica reconstruírmos un étimo **(TERRA) SABAIANIS* ‘as terras dun home chamado Sabaianis’, que non está documentado en ningures, malia ser ben certo que os seus dous compoñentes, tan típicos da antroponimia xermánica, ben puideron dar nacemento a un antropónimo coma ese.

O Salgueiral

En Lavadores hai dous lugares chamados *O Salgueiral*: Unha pequena porción de campos na Bouciña. Tamén uns labradíos con casas na rúa de Subride, man esquerda, por riba do Sobreiral, con cuxos eidos linda polo sur.

► Sitio cheo de salgueiros; os salgueirais delatan sempre un lugar moi húmido, a miúdo á beira de ríos.

O Salto do Rego

Terras baixas na zona de Portocarreiro, na Gandariña, xusto onde a avenida de Madrid atravesa o río Lagares. Polo lugar vén a testeira entre Lavadores e Sárdoma.

► Referido a unha pequena ferverza que unha presa que viña de Sárdoma facía ao confluír co río Lagares.

San Paio. San Paio de Baixo

San Paio é un dos *barrios* máis característicos e populosos de Lavadores, independizado eclesiasticamente hai cinco décadas, pero fortemente lavadoreiro no sentimento aínda (non en van o nome oficial da neoparroquia é San Paio de Lavadores). Entre a avenida do Aeroporto e a rúa Cantabria, ocupa un destacadísimo outeiro todo cuberto de casas moi mestas, visible desde case calquera punto do Fragoso e desde calquera parte das ribeiras meridionais do Morrazo.

San Paio de Abaixo é parte baixa da ladeira oriental dese grande outeiro, ou sexa, desde a avenida do Aeroporto ata o fondo do val alto do regueiro de Cambeses. Ten varias casas que constitúen un dos *lugares* do *barrio* de San Paio.

► Do haxiónimo San Paio, latín SANCT' PELAGIUM.

A actual igrexa de San Paio é moi moderna (da década dos cincuenta do século vinte), pero o topónimo San Paio pérdese na escuridade dos tempos, sen que poidamos albiscar a que puido facer referencia ese nome de santo (acaso a algunha vella ermida desaparecida hai xa moito).

O Sancaitano

É o lugar situado ao leste da sede da Asociación de Veciños Álvarez, entre Ramón Nieto e a rúa San Caetano. Esta rúa San Caetano marca o límite ancestral entre Lavadores e Cabral.

► Fusión do haxiotopónimo *San Caetano* (que se mantén no nome oficial da rúa), tomado dunha ermida que existiu no lugar ata principios do século xx, consagrada a San Caetano.

A Santeira

Pendente e sollosísima ladeira chea de hortas, viñas, casas e froiteiras na case mediterránea ladeira meridional do monte de San Paio, entre o camiño da Brea por riba e a nova urbanización de Cambeses por baixo. Polo lugar atravesa un tortuoso camiño que leva o nome oficial de *rúa Xanteira*, cun X- que non pinta nada.

► Topónimo escuro; existe a posibilidade teórica de que proveña dun antigo *A Centeeira* ‘campo de centeo’, imposible de probar. Non se desbota tampouco que sexa un alcuño de poseedor *A da Santeira*.

O topónimo, hoxe bastante coñecido, non aparece rexistrado nin no catastro de Ensenada nin nos amillamentos do século XIX e

principios do xx, co que é imposible saber se se trata da evolución dun antigo *A Centeeira*, con seseo e evolución semellante a *Santiás*, no Hío, Cangas, rexistrado ata mediados do xx como *Centiás* ou *Centiás*. Tamén o →*Centeáns* do Calvario é pronunciado polos nativos como *Santiáns*, como quedou dito no apartado correspondente, co que non fai falla saír de Lavadores para xustificar un posible paso de *A Centeeira* a *A Santeira*, pero non o poderemos confirmar ata que non apareza documentado como *A Centeeira*.

O Sarabio / O Saraibo

É unha zona pendente que baixa dos empinados avessos de Naia ata o norte do lugar do Piñeiro, xa na avenida Alcalde de Lavadores. Ten bastantes casas, pero aínda se conservan varias manchas de carballeira, das poucas que inda fican en Lavadores.

► Posiblemente derivado dunha forma adxectiva de *sarabia* ‘agua conxelada que cae do ceo en forma de pedriñas’, aplicado a un terreo que contén moitas pedras soltas.

Un *terreo sarabio* sería aquel con moitas pedras soltas na terra, por comparación co pedrazo que guindan as nubes nas sarabiadas.

O Saramago. O Saramago de Riba

O Saramago é un coñecido lugar que ocupa boa parte do centro de Pardavila, nunha sollosa e empinada ladeira completamente cuberta de casas; sobe desde a Travesía de Pardavila ata a avenida do Aeroporto. O Saramago de Riba é a parte máis alta do lugar, a linder xa coa avenida do Aeroporto.

► É probable que se trate do alcuño dun antigo posesor destas terras: *A do Saramago* ou *A de Saramago* (os saramagos son herbas amargas por excelencia e as persoas así alcuñadas son ‘xentes agres [de carácter]’); pero non se pode desbotar a referencia directa á mala herba chamada *saramago*, unha crucífera moi abundante nos campos de Lavadores, por moito que *O Saramago* careza de flexión abundancial e sexa tan *ad hoc* para un alcume de posesor.

Aínda que a herba chamada saramago poida facer referencia ao *Sisymbrium officinale* (L.) Scop. ou mesmo ao *Sisymbrium austriacum* Jacq. subsp. *chrysanthum* (Jord.) Roy & Foucaud, o certo é que en Lavadores o máis probable é que esteamos ante o máis común dos saramagos, ou sexa, o *Raphanus raphanistrum* L. subsp. *raphanistrum* = *Raphanus microcarpus* (Lange) Willk. = *Raphanus raphanistrum* L. subsp. *microcarpus* (Lange) Thell., que é a herba, cunha raíz moi gorda e amarga, que en Lavadores se coñece hoxe⁷ como *levestro* ou *levestro bravo* e xa non como *saramago*.

A Sartán / A Sertán / Sartáns / Sertáns

Son as terras situadas da Bagunda cara a levante, que suben cara a Naia pero por baixo das agres encostas sobre as que se asenta ese *lugar* de Naia.

► Ten o significado de ‘terreo baixéal –pouco fondo–, pouco produtivo e de mala calidade’; trátase dun antigo adxectivo substantivizado.

Na Sertán comezaban as barxas da Bagunda, polo que, malia non seren terras completamente abarxoadas, si comezaban a selo e eran de moi mala calidade por exceso de humidade e chan *baixéal* (pouco profundo). Aínda así cultivábanse en parte. O seu nome, moi común na toponimia galego-portuguesa, fai boa referencia a esas condicións edafolóxicas (que tiveron elocuente reflexo na flora que nesas zonas medraba e que quizais foi o que acabou por dar nome ao topónimo).

O Secadouro

En Lavadores hai dous lugares chamados *O Secadouro*: un é o cornello que forma a rúa Aragón co camiño de Redomeira, na saída norte dese camiño.

Támén hai outro lugar chamado *O Secadouro*, situado á man esquerda da rúa Casal de Abaixo, ao sur da →Fonte do Picho, coa que entesta.

⁷ Formas recollidas en Sabaxáns e na Gandariña, e posiblemente coñecidas tamén noutras aldeas de Lavadores (pero en Pardavila, onde está o topónimo O Sarago, non se coñece hoxe esa planta).

► Refírese a algunha construción ou alboio onde se puñan a secar quen sabe que cousas: castañas ou mesmo bacallau (na →Bouciña, por exemplo, traballou ata hai moi poucos anos un vello secadoiro de bacallau)...

No veciño concello de Cangas hai un topónimo *O Secador*, pero refírese a un antigo secadoiro de redes, polo que *O Secadouro* de Lavadores non ha ter, en principio, nada que ver con ese topónimo morraceiro, pois non fica constancia de tal actividade nin o lugar, lonxe do mar, é propicio para tal mester: houbéronse secar outras cousas neses *secadouros* e non precisamente as artes.

Poderíamos dicir, dada a ausencia documental, que *O Secadouro* é topónimo moi moderno, pero o seu sufixo sen castelanizar en *-or* delátalo como relativamente antigo, aínda que nada se pode afirmar.

O Seixo. Os Seixos. O Alto do Seixo

O Seixo é o lugar situado no comezo de Ramón Nieto, desde o empalme con Urzaiz ata o cruzamento con Cantabria. *O Alto do Seixo* é a parte máis próxima a Urzaiz e, polo tanto, a máis alta; tamén a máis coñecida por ser un importante lugar de paso. Máis ca un *alto* trátase dunha *portela*.

Hai outro lugar chamado *O Seixo*, situado no Piñeiro, pegado ao río Lagares e preto da rúa Gandarón, que foi zona de barxa ata hai pouco.

Os *Seixos* ocupan ambos os lados da rúa dos Seixos, que une a rúa do Areeiro coa Subida ás Animas. É unha zona de ladeira bastante costaneira, en San Paio.

► Todos os topónimos referidos á pedra de cuarzo, moi rechamante pola súa cor e moi malquerida polos labradores, pois as terras con moitos seixos na terra son moi malas de labrar. A forma en singular, posiblemente un topónimo bastante antigo, pode facer referencia directa a unha gran pedra, a un penedo, non aos seixos de cuarzo nin ás terras seixentas.

A Senra

É o lugar que se eleva sobre →A Candea: desde o cruzamento de Cronista Espinosa coa avenida do Aeroporto ascende ata Benito Castro Nogueira e a rúa Toledo, e acada a parte sudoriental do Alto da →Calveira, todo ao norte do Calvario.

► Forma de orixe prerromana co significado xeral de ‘campo de cereal’.

Trátase dunha variante de *serna* e *seara* e as tres derivan dunha mesma forma prerromana SENARA, con diferente acentuación: unha acentuación prerromana SÉNARA que deu a nosa *Senra* e mais *serna*, e outra con acentuación latinizada SENÁRA que deu *seara*. Tanto *senra*, *serna* como *seara*, vellas palabras galegas con moi pouco uso nos nosos días, teñen significados moi semellantes; concretamente, o significado máis xeral dunha *senra* é o dunha herdade, xeralmente de cultivo de cereal. As tres formas son topónimos moi abondosos en toda Galicia, o que indica o gran uso que tiveron no pasado, así como a importancia das actividades ás que daban nome.

O Sequelo

É o territorio, hoxe moi urbanizado, situado no corazón de Pardavila, na volta do mesmo nome que fai no lugar a avenida de Ramón Nieto.

► Ten o significado xeral de ‘terra que tende a ser seca’, que require, polo tanto, de moita rega se se quer que produza.

Trátase dun diminutivo antigo do adxectivo *seco*, aplicado a un terreo. É moi posible que, con todo, *sequelo* fose, cando se usou, unha forma lexicalizada plenamente, non unha ‘pequena terra seca’ con sentido diminutivo.

O Serodio

Son unhas terras de labor xunto ao lagares, no corazón do barrio da Bouciña, á beira dos Cocheiros.

► Adxectivo substantivizado aplicado a un terreo que bota froito tardiamente, cultivándose tamén máis tarde que os outros, xeralmente debido a ser máis húmido.

Silombo / Solombo

■ Zona bastante difusa que desde o cruzamento da avenida do Aeroporto con Cantabria sobe pola recostenta ladeira do Casal ata a rúa do Casal de Abaixo.

► Co sentido de ‘lugar situado debaixo do *lombo*’, ou sexa, ‘debaixo da costa dun terreo’.

A Silvana. A Costiña da Silvana

■ A *Silvana* é un importante lugar por baixo da avenida do Aeroporto, desde ela ata a rúa Silvana (a cal excede un chisquiño polo sur) abranguendo tamén as casas da Primeira Travesía da Silvana e de Hipólito de Sá, un pouco.

O oficialmente chamado *camiño de Tomás Elvira* (que baixa da rúa Silvana a Ramón Nieto) coñécese tradicionalmente como *A Costiña da Silvana*, que sobe pinísima ata o *Entroncamento de Pardavila*.

► De significado escuro, quizais se trate dun alcuño de posesor. Non aparece en ningún documento. O cultismo *silvano*, *silvana* ‘relativo aos bosques’ non creo que penetrase nunca na fala popular dos nosos labregos. Pode ser posible entendelo como o nome (ou incluso o alcuño) dun posesor ou posesora destas terras, pero hai reticencias. Non se rexistra nos *amillamentos* decimonónicos, nas fichas catastrais do século vinte, nos sinodais tudenses dos séculos XVI e XVII nin no catastro de Ensenada (1752), pero, malia iso, o topónimo é moi coñecido e popular actualmente, en contraste co sequele documental mencionado.

O Sistro / Os Sistros

■ Este importante lugar sitúase en Cambeses de Riba, *barrio* da Bousiña, xusto onde se localiza a urbanización recentemente construída no lugar e que ostenta o nome de *Cambeses*, no fondo do val do Regueiro de Cambeses, por baixo da Santeira e do Menxego. Adóitase pluralizar en Os Sistros, para se referiren os paisanos a todas as terras no seu conxunto. A nomenclatura viaria municipal está profundamente errada, pois

oficializou o lugar, moi malamente, como *Sixtos* (de feito as placas rezan *Rúa Sixtos* e non se entende ese -x- medial), erro aberrante que cumpriría emendar canto antes (o topónimo ten artigo, -r- despois de -t- e non conta cun -x- que non pinta nada; ademais a forma plural é secundaria e debida ao feito que expuxemos enriba).

► Topónimo moi problemático e en última instancia escuro. Existen, así e todo, indicios dunha posible pero indemostrable orixe prerromana (non do topónimo en si, senón da palabra da que deriva).

O primeiro problema que xorde (e non é pouco) é se os topónimos *Sistro* / *Xistro* e os máis comúns *Sisto* son a mesma cousa; diversos factores parecen indicar que si, e que *Sistro* é unha reinterpretación de *Sisto* (quizais por analoxía con terminacións como a de *castro*; desde logo o que non houbo é unha repercusión de líquidas –xa quixeramos que fose así de fácil–, porque non hai líquidas que «repercutir»). Neste punto cómpre observar que hai máis dunha ducia de topónimos maiores en Galicia chamados (O) *Sisto*, pero só un O *Sistro*, que está localizado precisamente no termo de Vigo, concretamente na parroquia de Oia. Logo hai dous O *Xistro*, un en Coiro (Cangas) e outro en Salcedo (Pontevedra), pero O *Xistro* de Cangas é un hipergaleguismo que triunfou na escrita e así se normativizou, pero en todos os documentos ata mediados do xx aparecía *Sistro*, e na fala viva actual non se di outra cousa que O *Sistro*; quizais pasase o mesmo en Salcedo. Na toponimia menor hai aínda dous O *Sistro* máis, ambos tamén no Morrazo, un no Hío (Cangas) e outro en Cela (Bueu). Isto contrasta cos centos de microtopónimos *Sisto* rexistrados en toda Galicia e a escaseza dos *Sistro*, concentrados rechamantemente só no Morrazo e no Fragoso, como se nestas dúas comarcas históricas reinase o -r- fronte á súa ausencia no resto de Galicia. Hai outros microtopónimos *Xistro*, cos seus colectivos Os *Xistros* e *Xistral*, concentrados sobre todo en Lugo pero tamén en zonas da Coruña e Ourense. Estes hanse referir a algunha planta umbelífera montesa, a *xistra*, como delata o feito de poderen flexionarse abundancialmente e o seu propio nome.

O pouco que se falou de topónimos coma estes non ten asidoiros: centrándonos na forma *Sisto*, de ningunha maneira podería vir do tecnicismo xeolóxico *schistum*, certo tipo de rocha metamórfica, por moito que en portugués se diga *xisto* (forma tamén técnica nesa lingua

–a popular é *pedra lousinha*– e que foi tomada da pronunciación francesa de *schiste* ‘id.’).

O recurso ao fitónimo do que falamos arriba é só aplicable aos casos Xistro, non a Sisto como ás veces se ten feito. Isto podería levarnos a pensar que *Sistro* sexa unha contaminación de *xistra* ‘certa planta’ con topónimos do tipo *Sisto*, o que aclararía moito o noso topónimo O Sistro. Pero non podemos afirmalo, sobre todo pola ausencia da palabra *xistra* nestas latitudes, a rareza aquí das plantas montesías ás que nomea e a razoable desconfianza que inspiran os cruzamentos ou influencias entre palabras (recurso do que se abusou abondo). Malia todo, non podemos deixar de notar a forma masculina de *Xistro*, fronte ao feminino da palabra *xistra*, o cal é certamente grave (salvo que se queira supoñer que tamén *xistro* foi palabra viva como *xistra*). Non podemos deixar pasar tampouco a despalatalización que se houbo producir, asunto grave tamén.

Como poderemos nós aspirar a aclarar o sentido do Sistro de Lavadores?: échenos imposible e val máis pecharmos o zapón e conformarmos co que se acaba de dicir.

O Sobreiral. O Sobreiro. O Sobreiro-no-Rego. Subride

O Sobreiral está baixando de Sabaxáns á Bouciña, elevado sobre o lugar.

O Sobreiro é un lugar do barrio da Bagunda, por riba da Ceboleira, malia que hoxe está tan urbanizado que hai quen o considere barrio propio, como por exemplo o Nomenclátor da Xunta. Ocupa o espazo entre a rúa da Anduriña e a rúa do Merlo, polo que está atravesado lonxitudinalmente por Martínez Garrido e a rúa do Xílgaro. Conserva unha ruela que aínda leva o nome oficial de rúa do Sobreiro.

O *Sobreiro-no-Rego* é o lugar, moi urbanizado xa, situado por baixo do Sobreiro, xunto á rúa da Anduriña.

Subride é unha grande e coñecida subaldea do norte da parroquia, no val alto do *regueiro de Cambeses*, ao longo da longa rúa homónima. Está compartido coa parroquia de Candeán, cuxo límite corre pola citada rúa en boa parte.

► Topónimos referidos ás sobreiras (árbores das que se extrae o *cor-tizo*), dous deles abundanciais.

Poucas sobreiras se ven hoxe en Lavadores, malia que noutras parroquias do Fragoso, aínda que nada abundantes, é máis patente a súa presenza. Hainas –seica, non as vin pero déronme citas precisas– na ladeira do monte do Meixoeiro (e iso malia mirar ao norte, pois é sabido que as sobreiras prefiren as abas orientadas ao sur e a ladeira lavadoreira do Meixoeiro é, pola contra, un grande aveseado; pero aínda así, aí, habelas dísqueche as hai). Debe habelas tamén noutras partes da parroquia, pero certamente pouquiñas.

Como a sobreira é hoxe moi escasa entre nós, perdeuse en Lavadores o dendrónimo *sobreira* e hoxe os paisanos que coñecen esa árbore chámanlle *cortiseiros*, pola cortiza que caracteriza a súa casca e o aproveitamento que dela se tiraba (por exemplo para as pequenas boias das artes de pesca).

O Sobreiral é un colectivo de *sobreira*. Tamén é un colectivo *Subride*, derivado de *Sobreda* ou de *Sobredo* ‘sobreiral, bosque de sobreiras’; produciuse unha evolución irregular, pero moi presente na nosa toponimia, semellante á da *punta de Subrido* (Cangas), só que no *Subride* de Lavadores produciuse a relaxación do -a (ou do -o) en -e, algo que tamén é bastante común.

O Sobreiro non é máis que unha variante morfolóxica de sobreira.

A de Sobrino

Coñecido lugar que ocupa o triángulo que forman a avenida do Aeroporto e as rúas do Casal de Abaixo e Cabalaria.

► Fai referencia a un antigo posesor destas terras, seguramente o mesmo terratenente que deu nome a → *A de Don Sobrino*, no Caride, visto máis arriba.

As Solovadas

Terras baixas ao sur da fábrica de Álvarez (pero do outro lado da rúa Manuel Álvarez), a ambos os lados do río Lagares, ao sur da ponte daquela rúa sobre ese río e, polo tanto, facendo límite coa parroquia de Cabral.

► É a pluralización recente do antigo topónimo *A So-Levada*, que neste caso ten o significado de ‘debaixo dun lugar chamado A Levada’, sendo *levada* unha canle de auga.

É a pluralización recente do antigo topónimo *A So-Levada*, con común bemolización da pretónica ante consoante labial que fixo pasar **As Solevadas* a *As Solovadas*. Trátase, xa que logo, dun significado «a de debaixo da levada» < *SUB LEVATA-, pero téñase en conta o seguinte factor de importancia: o antigo *A So-Levada* prende o nome das terras inferiores a el, é dicir, A Levada ou As Levadas (ambas as dúas formas documéntanse no catastro de Ensenada), hoxe perdidas. Unha «levada» é unha canle que se saca dun río ou regueiro para levar as augas á rega ou a moeren muíños. As Solovadas poderían significar, polo tanto, «as terras que están debaixo da canle», pero, como acabamos de ver, o seu significado é máis ben ‘as terras que están debaixo do lugar chamado *A(s) Levada(s)*, pois a súa condición de inferioridade é referida a un topónimo *A(s) Levada(s)* e non a unha *levada* = canle, en sentido físico.

O Sorrego

Sector de labradíos ao norte da rúa Santa Cristina (coa que linda polo sur), no fondo do valciño onde conflúen as ladeiras que baixan de Martínez Garrido e Ramón Nieto; polo Sorrego baixa o pequeno *Regueiro das Fontás*, que vén do Alto do Seixo atravesando polas →Fontás.

► Co significado de ‘o lugar situado por baixo dun rego de auga’, rego que se trata sen dúbida do *regueiro das Fontás*, que é a parte alta do *río da Bagunda*.

O Souto

No centro de Subride, límite coa parroquia de Candean, en torno ao cruzamento da rúa Subride co camiño dos Pardiñeiros.

► Ten o significado xeral de ‘bosque de castiñeiros’.

sobreira ou corticeiro? Por iso, cando apareza un microtopónimo *Sobreira* sen artigo convén desconfiarmos e observar se o seu *locus toponimicum* é unha zona de horta sobre os inmediatos eidos dunha aldea, por exemplo, o que pode anular a referencia á citada árbore.

Sumaseiras

Terras en pendente entre o camiño do Tixolo e a autovía das Rías Baixas, con hortas aínda e tamén varias casas novas, na parte máis alta do barrio de Sabaxáns.

► Vén de *Su Maceiras*, ou sexa, un sitio situado debaixo das maceiras ou situado debaixo dun lugar chamado ***As Maceiras*.

No veciño concello de Bueu hai un lugar chamado tamén *Sumaseiras* /*Sumaceiras*, ‘as terras debaixo das maceiras ou dun lugar chamado ***As Maceiras*’, na aldea de Meiro, co que as Sumaseiras lavadoreiras non están illadas.

Sumós

Son unhas terras na parte baixa do *lugar* do Couto, situadas no ángulo agudo circunscrito polas rúas Escultor Nogueira, Milladas e Martínez Garrido, á par do ambulatorio da Dobrada; polo norte abrangue a rúa da Perdiz e o entroncamento da rúa do Reixeñor coa rúa da Aguia. As encostas que antes caracterizaban o lugar difumináronse moito tras as recentes urbanizacións, pois houbo moito desmonte.

► Vén do antigo *Sumoas*, ou sexa, ‘o lugar situado debaixo das moas’ (*Su Moas*), un sitio por baixo dunhas *moas* ou grandes pedras redondeadas.

O topónimo dino con tónica aberta. En Lavadores, como en todo o Val do Frago e gran parte do sur da provincia de Pontevedra, incluído o xemelgo Morrazo, dise *a mó* en vez de *moa*, igual que *a correó* en vez de *corroea* ou *correola*, *a teiró do arado* en vez de *teiroa*, *a filló* en vez de *filloa*, *a lañó* ‘unha laña pequena onde se pesca’, *a birvó* (de

*bisvó, con rotacismo exclusivo = *a bisavoa*) etc.

As *mós* ou moas son esas características pedras graníticas que, coma cons, se erguen illadas entre moitas terras de labor desta zona. Tamén os mesmos cons que están en zonas máis de serra. É o mesmo concepto que deu nome á veciña parroquia e concello de Mos, de idéntica motivación e resultado fonético.

Surribas

É o lugar situado entre as rúas de Burgos e de Segovia, que linda coas Pozas e co Toxal das Pozas, no Calvario, ao sur de Urzaiz; chega ata a parte de atrás das casas de Logroño e acada un pouco Martínez Garrido.

► Ten o sentido de ‘lugar situado por baixo dunhas ribadas ou pequenas elevacións que xeralmente separan dous terreos, un máis alto e outro máis baixo que está debaixo da ribada separatoria’.

É un dos dous topónimos referidos locacionalmente ás *ribas* referidas na sinopse: uns refírense ás terras que lles están debaixo, como o noso *Surribas*, e outros ás terras que lles están enriba, como *Sobrerribas*, non rexistrado en Lavadores pero presentes noutras zonas moi próximas, como Moaña.

O Monte de Táboas

Trátase da alta e costaneira ladeira occidental do monte de Figueiró desde as casas da Ferradura ata case onde pasan os cables de alta tensión no límite con Teis.

► Monte que foi, enteiro ou en parte, propiedade dun posesor apelidado *Táboas*.

Ignoro quen foi o tal Táboas, pero o certo é que hai unha presiña de microtopónimos no val do Fragoso chamados ben *A de Táboas* ou ben precisamente *O Monte de Táboas*, de entre os cales quizais o máis coñecido sexa o *Monte de Táboas*, en Zamáns, pegado ao CUVI polo sueste. En todo o caso, é seguro que estamos ante o apelido dun posesor (e

importante, vistas as moitas pegadas que deixou na toponimia viguesa).

O Tanque. O Tanque de Pardavila

Hai en Lavadores dous lagres chamados *O Tanque*: un está en Pardavila, ao longo do camiño que leva ao sur do pequeno camiño do Tanque (ao norte é Cubelas), chegando case ata Ramón Nieto, que pasa por baixo moi preto.

O outro sitio chamado *O Tanque* localízase no cruzamento da Baixada á Orxa coa rúa Cantabria e debe ser o máis antigo, pois é o único dos dous lugares *O Tanque* que aparece no catastro de Ensenada.

► Topónimos seguramente referidos a algún estanque de auga para a rega (confirmado noutros topónimos idénticos).

Existen microtopónimos *O Tanque* en zonas onde esa palabra está viva, por exemplo na parroquia de Aldán (Cangas); nesa freguesía morraiceira ten precisamente o significado de ‘estanque para encorar a auga para a rega’, e ese é o sentido que seguramente terán tamén os *Tanques* de Lavadores. Se fosen máis modernos poderíanse referir a algún depósito de auga, pero non se pode determinar con seguridade; en todo caso, *O Tanque* da Orxa aparecía rexistrado xa no catastro de Ensenada (1752).

As Telleiras

É unha zona de barxa moi baixa e chaira á beira do Lagares, entre o camiño do Recordo, Severino Covas e a Ponte de Sabaxáns. A pesar de que aínda queda algunha barxa, hoxe As Telleiras está case todo cuberto de naves industriais.

► De antigas fábricas de tellas, cos seus fornos e dependencias, que proliferaron antano no Fragoso.

Ao longo de todo o curso do Lagares hai varios microtopónimos referidos ás *telleiras*, desde Lavadores a Navia, o que revela a antiga importancia que tiveron noutroira estas instalacións que aproveitaban as terras barrentas do val do Fragoso.

Estes lugares protoindustriais deron lugar no Fragoso a dous tipos de topónimos: *A(s) Telleiras(s)* e *O(s) Forno(s)*, referidos estes últimos aos

fornos onde se cocían as tellas nas telleiras.

O Tixolo

Sector de ladeira por baixo da estrada vella de Madrid, desde a volta do Pinal á rúa Manuel Álvarez, hoxe completamente cuberto de casas, pero ata hai pouco non había case ningunha. Polo lugar baixa un camiño bautizado felizmente polo Concello como *camión do Tixofo*.

► Forma de difícil motivación toponímica, pero é posible que se trate dun topónimo metafórico, aplicado a algunha pedra furada ou cunha pía erosiva natural, pois os tixolos típicos de asar castañas eran unhas tixolas co cu furado para que lles entre o lume. Outramente, existe unha posibilidade teórica de estarmos diante dun antigo *O Toxolo*, pero non parece probable.

É sabido que en moitos topónimos, ante consoante palatal, a vogal anterior pode mudar en -i- por influencia desa consoante palatal. Son casos como *Tixosa* (que vén de *Toxosa* 'lugar con moitos toxos') ou *Tixoa* (que vén de *Toxoa*, diminutivo do río *Toxa*, por situarse esa aldea silledense no curso alto dese río, que recibiu, como en tantísimos ríos, unha denominación diminutiva). Por iso mesmo (e por moitísimos exemplos similares) non sería raro que *O Tixelo* de Lavadores derivase dun antigo ***Toxolo*. O problema non está na fonética senón que radica na propia morfoloxía do topónimo, cun sufixo estraño en toponimia e totalmente discordante cun pretendido fitónimo como *toxó*. Pero aínda así hai un paralelo semántico salientable: *O Toxón*, en Coiro, Cangas; ambos serían así aumentativos (ou despectivos) de *toxó*, quizais referidos aos grandes toxos arnais que acadan facilmente os dous metros de altura e que tanto abundan nos nosos montes. Aínda así, considero que *O Toxón* de Cangas ben pode ser outra cousa, co que se esvaería o único *asidoiro* comparativo do Tixelo < ***Toxolo*; pero o principal problema é esa forma tan renxellosa: ***Toxolo*. Máis ben parece que, prudentemente, non haxa ningún gran toxo agochado no Tixelo.

Sonche ben máis abundantes a pedras furadas, as laxes con pías e coviñas, das que en Lavadores hai ducias. E como se dá a circunstancia de que as vellas e populares tixelas ou *tixelos* para asar as castañas

tiñan o cu furado, estas eran moi semellantes a esas pedras con pías erosivas. Trataríase así dun normal topónimo metafórico como tantos outros que así hai, tal é o caso das varias *Pedra da Ola*, por seren pedras con pías erosivas semellantes ás olas do caldo.

Aínda así, non podo concluír nada, pois ningún dos dous feitos se pode probar e O Tixelo, que é topónimo moi moderno (ausente dos documentos ata datas moi recentes), pode ter calquera outra significación indeterminada e indeterminable.

As Tomadas

As Tomadas está hoxe densamente urbanizado, con torres de edificios. Sitúase no lugar onde se asenta a novísima igrexa parroquial de Nosa Señora da Paz, detrás da estación de autobuses, concretamente no gran cornello de punta roma que fan Gregorio Espino e Martínez Garrido antes de se uniren, e chega polo norte ata a rúa do Estornión, que é onde empezan O Cotón, O Carreiro e mais Medeiros.

► Da vella palabra fragosiña *tomada* ‘propiedade de monte que se gañou ao comunal’.

0 Tornaguas

Zona case chaira no fondo da Bagunda, perto do Porbelo, por onde baixa o regueiro que vén das Fontás e do Panasco.

► De *torna augas* ‘lugar por onde se desvía a auga dunha canle para a levar aos regadíos ou aos muíños’.

O verbo *tornar* conserva neste topónimo o sentido de ‘desviar’, malia que hoxe en día en Lavadores *tornar* úsase só en casos como *tornar os cans* ‘escorrentar os cans, facer que fuxan’, *tornar as crabas* ‘facer que saian dun sitio cultivado para que non coman o sementado’, *tornar as galiñas* ‘botalas fóra dun sitio onde se meteron a escaravellar’... e casos semellantes, sempre con animais (frases gravadas en Guidixe –rúa Cantabria–). Pero as augas fluentes tamén eran susceptibles de seren

Moi preto e tamén na beira do Lagares hai outro lugar chamado así mesmo *O Tornaguas*, situado en San Tomé de Freixeiro, na zona da Pontenova (O Tornaguas da Bagunda e mais o da Pontenova fan referencia ao mesmo feito descrito).

100%

100

1

1

▶

Cómpre dicir que os toxais que ocupaban propiedades de monte

cercadas, ou sexa, as típicas *coutadas* fragosiñas, eran os únicos dos que se tiraba un proveito (cuadrienal, sextenal ou octenal) regulado, como amosa con detalle o catastro de Ensenada (século XVIII):

*[un] ferrado (...) de monte de los zerrados de particulares, primera calidad, en los términos de la villa de Vigo y [las] referidas feligresías de su jurisdicción consideran puede producir de quatro a quatro años tres carros de **toxo**, el de segunda [calidad] de seis a seis [años] dos [carros] y el de tercera de ocho a ocho, uno.*

Como se ve, o toxo cortábase de oito en oito anos, de seis en seis ou de catro en catro anos dependendo da calidade do terreo, segundo lle for, calidade da que dependía tamén a cantidade producida.

As Vesades

As Vesades son a parte central, e máis fonda, do valciño que separa San Xoán do Monte da zona da avenida do Aeroporto, concretamente ao final da Primeira Travesía da Rúa Padre Celso, que sobe de Aragón. Aínda hoxe está todo sen construír, con prados e moitos campos de labor, hoxe case todos a monte. Polo lugar baixa o *regueiro de Meira*, que augas abaixo toma o nome de *Río Barreiro* e desemboca, hoxe soterrado, no Areal de Vigo, rotonda de Isaac Peral, no lugar hoxe urbano coñecido como *A Aguada*.

► O topónimo ten o significado xeral de ‘labradíos, terras aradas’, forma relaxada de *As Vesadas*.

Estamos perante un derivado participial do vello verbo *vesar* ‘arar’, con orixe última no latín *VERSARE* ‘darlle a volta (á terra)’, que colle de modo natural o significado de ‘arar’, porque arar non é máis que lle dar a volta á terra. *As Vesades* (forma relaxada de *As Vesadas*) fan referencia, logo, a unhas antigas terras que se labraron para poñelas a cultivar.

A Vilboa

Pequeno lugar que aínda hoxe conserva varias casiñas vellas e hortas paralelo a Martínez Garrido, xusto ao sur do empalme desa avenida co camiño da Cebolera. Forma parte

da zona central e antiga do *lugar* da Ceboleira.

► A motivación do seu nome radica na produtividade das terras onde se asenta, a presenza abundante de auga e outros factores.

Cómpre observar a presenza do artigo, algo moi pouco habitual, pois o máis normal é que os topónimos *Vilaboa* vaian sen el. Polo tanto a súa presenza ha ser recente: non esquezamos que as varias veces que aparecía documentado no século XVIII nunca aparecía con artigo. Debeuno tomar moi recentemente debido a unha acomodación referencial directa, como tantas veces se dá en moitos microtopónimos.

**Vilar. Vilar de Baixo. Vilar O Grande.
Vilar O Pequeno**

Vilar é un dos núcleos máis característicos de Lavadores e tamén un dos que mellor conservou ata hoxe a súa esencia rural (polo menos aparentemente), malia estar situado á beira mesma dos polígonos industriais da avenida de Madrid e de Gandarón. Ten unha moi típica trama de aldea con praza central e camiños centrífugos, cunha zona construída moi ben delimitada. malia ser unha aldea grandota (361 habitantes en 2009 segundo o INE) e tan diferenciada, pertenceu tradicionalmente ao *barrio* da Bagunda, do cal era un *lugar*.

Vilar de Baixo é a zona das casas da aldea que están no cruzamento do camiño da Fonte coa rúa Gandarón.

Vilar O Grande son unhas poucas hortas pegadas ás casas que hai á man dereita do camiño da Fonte. Nas aforas da aldea de Vilar cara ao sueste.

Vilar O Pequeno está na man esquerda do camiño da Fonte: un par de campos e algunha casa. Nas aforas da aldea de Vilar cara ao sueste.

► Vilar ten o significado antigo de zona rural poboada, conxunto de quintas, eidos, casas, máis ou menos grande.

Vilaverde

É a parte alta de San Paio, desde un pouco por detrás da igrexa ata o comezo da ladeira

que sobe ao alto de Figueiró, en torno ao empalme co camiño do Areiro.

► Ostenta ese nome seguramente por situarse nunha zona de pasteiros, que lles conferían verdor ás contornas do asentamento humano.

A Viña Vella

Unhas terras na Bouciña, por baixo das casas. Hoxe non hai viñas no lugar, senón labradíos, case todos a monte.

► Viña ou viñado que quedou improdutivo ou que se viu desprazada en importancia por outras viñas novas que se plantaron nos seus arredores.

O Viso

Un dos tres *lugares do barrio* do Caride. É unha das zonas da vella parroquia de Lavadores que máis fonda e rapidamente se transformou: hoxe a maior parte do territorio do Viso é unha das zonas de Vigo cun urbanismo máis denso e caótico, pois ocupa toda a Travesía de Vigo desde o cruce con Doutor Canoa ao norte ata o de Numancia ao sur, acadando as vías do tren na Ponte de San Lourenzo. Pero, como é sabido, a urbanización (e propia apertura) da Travesía de Vigo foi moi recente, polo que fica aínda moi viva a lembranza toponímica do lugar; ademais, queda unha pequena illa ruraloide, sen urbanizar, e precisamente no que outrora foi o centro da aldeíña do Viso: son as terras ao redor do vello camiño que oficialmente se chama *calexón do Viso* (como reza a placa), tanto á dereita como á esquerda da Travesía, onde quedan media ducia de casinhas unifamiliares cos seus eidos antigos, bordeadas das traseiras dos altísimos edificios da Travesía de Vigo, polo que o lugar, moi degradado, produce unha fonda sensación de claustrofobia, sendo, con todo, importante por constituír o último resto do que foi o *lugar* do Viso e por contar con nativos moi valiosos por saberen moito da toponimia dunha zona tan urbanizada como é a da parte central desta rúa, cuxa paisaxe tradicional mudou súbita pero moi recentemente. O mencionado *calexón do Viso* (que os seus moradores nativos chaman simplemente *o camiño do Viso* –por excelencia–) está xusto por baixo da Travesía de Vigo, a pouquísimos metros dela e moi preto, ao sur, de Doutor Canoa.

O Viso foi sempre unha zona extrema e moi periférica da parroquia de Lavadores, que

facia linde coas parroquias de Teis e Santiago de Vigo; grande e coñecido era o marco divisorio que na parte baixa do lugar existiu ata hai pouco, xa constatado no catastro de Ensenada (1752): ... *marco que dicen del Viso* e que os informantes que o coñeceron chamaban *o marco de Santa Cristina*, debido a que nel comezaban as terras parroquiais de Santa Cristina de Lavadores, case á beira da Ponte de San Lourenzo.

► Lugar máis ou menos elevado desde onde se esculcan ou divisan amplas vistas.

Os topónimos *O Viso*, son bastante comúns entre nós e derivan dunha vella palabra co sentido de ‘lugar desde onde se esculcan amplas vistas’. O certo é que hoxe vistas hai poucas, pois os altos edificios da Travesía de Vigo tapan calquera visión; con todo, ata a urbanización desa vía, víase en todo o seu esplendor a ría de Vigo, desde A Guía ao Castro, coa península do Morrazo en fronte.

O Xaboneiro

Lugar sen urbanizar na parte norte da rúa Redomeira, antes de empalmar con Aragón. Polo lugar baixa o regueiro de Meira e á beira está a chamada *fonte de Lavadores*, co seu lavadoiro.

► Acaso se trate do alcuño (nome de oficio) dalgún antigo posesor destas terras; pero é posible incluso unha motivación aplicada a unha calidade do terreo.

Este topónimo pode resultar enganoso: un xaboeiro é quen vende ou fai xabón; este topónimo sería, polo tanto, un derivado do alcuño dun posesor: a terra do Xaboneiro, pero pairan enormes sombras de desconfianza sobre isto, xa que este alcuño é inaudito entre nós e ese oficio aínda máis. Ademais a vivaz palabra *xabroeiro*, aplicada a terreos cheos de xabre ou xabrentos, coñécese precisamente tamén como *xaboeiro*, por perda do -r- tras labial ou, mellor, por común adaptación cando *xabrón* ‘xabón’ pasou a dicirse *xabón*; así, en congruentísimo paralelismo con *xabrón* > *xabón* pasouse en boa parte de Galicia de *xabroeiro* a *xaboeiro* e, aínda cunha derradeira adaptación, ao noso *Xaboneiro*; e pode ser o significado do topónimo lavadoreiro: un lugar

xabrento, unha terra composta de ou predominante en xabre... un xabroeiro. Pero, como todo resulta unha mera especulación difícil de probar, é máis seguro pousar o fol no alcuño de poseedor.

Xan Domingos

Sector pequeno de labradíos por baixo de Curros, pero sen chegar ao río Lagares, que flúe máis ao sur.

► Deformación moi recente de *Xan Domingues* (=Xan Domínguez), que se ve na documentación. Trátase, logo, dunhas terras pertencentes a un antigo propietario chamado Xan Domínguez.

O lugar aparece nos amillaramentos decimonónicos (únicos onde se rexistra) sempre como *Xan Domínguez* (só unha vez *Chan Domínguez*, por confusión de palatais propia da época), que ao ser pronunciado co típico seseo lavadoreiro fixo que a confusión de *Domingues* con *Domingos* fose fácil, habida conta que o nome persoal *Domingos* puido ser aínda empregado nesas datas (especialmente como alcuño), co cal se puido confundir.

Dados os datos documentais anteriores, non creo que sexa a evolución aclaratoria dun antigo *San Domingos* (tampouco no lugar se documentou nunca ningunha ermida con tal advocación); sería, se así for, un caso semellante aos dous *Xan Carneiro* do Hío (Cangas), derivados de *San Carneiro*, forma popular de San Cosme, onde *San* se asociou ao antropónimo *Xan*, interpretándose o haxiónimo como antropónimo; non é o caso en Lavadores, vista a forma documental da que deriva: *Xan Domingues*.

A Xesteira / A Devesa da Xesteira

Pequena área de monte na Gandariña, que sobe en forte costa á autovía de Madrid, ao sueste de Pardalaxe. É o lugar onde se asenta o colexio Montecastelo.

► Colectivo de xesta, arbusto leguminoso moi común no Fragoso.

Así como as *carballeiras* son lugares con moitos carballos, as *xesteiras* sono de xestas; por moito que *xesteira* sexa simplemente un pé de xesta, esta significación básica non pode dar lugar a un topónimo, pero si o colectivo *xesteira*, que malia ser homónima ten o sentido colectivo de ‘lugar con moitas xestas’.

As *xestas* aínda se chamaban *xiestas* no val do Fragoso no século XVIII, tal como aínda hoxe en Portugal (*giesta*); hoxe todo o mundo que naceuse en Lavadores di xa *xesta*.

O Xuncal. A Xunqueira

O *Xuncal* son unhas terras ao sur de Ramón Nieto (avenida coa que lindan polo norte), no corazón de Pardavila, hoxe con moitas casas.

A *Xunqueira* é unha zona de hortas e froiteiras na Gandariña, ao sur da rúa Paz Pardo, por riba da estrada vella de Madrid.

► De sitios moi mollados (e ata enchoupados) onde medran diversas especies de xunco.

O lugar da *Xunqueira* da Gandariña non é ningún xuncal hoxe en día: máis ben son hortas moi produtivas e densamente cultivadas aínda hoxe. Hai, iso si, unha fonte co seu lavadoiro que seica foi construído sobre unha antiga poza bastante ampla, que debeu ser a que deu nome ao topónimo.

O *Xuncal* de Pardavila está tan transformado hoxe que se fai imposible determinar de que realidade tomou o nome, pero dígase que a presenza de diversos tipos de xuncos nestas terras non implica que haxa ningunha lagoa ou río, pois estes medran en calquera parte húmida (aínda que non estea enchoupada): calquera campo húmido que se deixe de pastar ou de cultivar pode converterse facilmente nun xuncalliño.

Nas zonas húmidas de Lavadores medran varias especies de xuncos bastante semellantes e con eles esfregábanse antes as *ispullas* (verru-gas) co fin de as curar, pois presupónselles aos xuncos propiedades cauterizantes.

Abundan en Lavadores varias especies do xénero *Luzula*, *Juncus* e *Scirpoides*, especialmente o case ubicuo *Juncus bulbosus* L. = *Juncus supinus* Moench. e mais o arquicoñecido xunco churreiro [*Scirpoides holoschoenus* (L.) Soják = *Scirpus holoschoenus* L. = *Holoschoenus vulgaris* Link], que son os xuncos máis presentes nas barxas desta parroquia fragosiña e ata nas máis pequenas pozas ou mesmo terras húmidas de toda a freguesía.

3 Apéndice fotográfico



Foto 01: Típica e omnipresente vista do Lavadores actual: o contraste entre a edificación en altura, a transición de vivendas unifamiliares e o campo sen urbanizar. Ao fondo, torres de vivendas na Portela e na Herdá do Abade; embaixo delas, vivendas unifamiliares nas Fontáns; en primeiro plano, leiras no Panasco e no Sorrego.



Foto 02: Sinal indicativo que aínda hoxe nos lembra que estas áreas urbanizadas de Vigo forman parte de Lavadores, parroquia cuxa principal característica xeográfica é o contraste entre a súa área rural e a súa área urbana, como esta da fotografía, situada no lugar da Portela, cruce de Martínez Garrido con Urzaiz.



Foto 03: Antigo secadoiro de bacallau na Ría de Baixo, *barrio* da Bouciña. Esta antiga casona industrial (que antano foi fábrica de papel) sitúase á beira da ferverza da Poza da Serpe, nunha das zonas máis baixas e profundas de Lavadores, por onde baixa en ferverza o río Lagares. Ao fondo vese o amplo val de Curros, a Devesa da Val e mais a urbanizada parte baixa da ladeira de Pardavila; no fondo en todo aprécianse as novas torres de edificios nas Fontás e na Portela, tras onde se destaca a vertical silueta do Hospital Xeral.



Foto 04: Zona central da aldeia da Bagunda, onde se sitúa a igrexa parroquial de Santa Cristina de Lavadores desde o século XIII. Á dereita da igrexa vense as casas da subaldeia da Ceboleira, que ocupa parte do antigo *igrexario* dos abades de Lavadores. Ao fondo destacan os míticos montes do Maíxo e Peneites, que separan o Val do Frasco do Val Miñor: aquí de Peneites é Vigo; alén de Peneites, Nigrán. Obsérvanse os canzorros románicos conservados por ducias baixo o tellado da igrexa.



Foto 05: A rúa do Cristo, no corazón do Calvario, nas fortes encostas que baixan aos inmediatos lugares do Toxal das Pozas e Medeiros de Riba, unha das zonas máis céntricas de Lavadores. Ao fondo destácase, imponente, o pico da Serra do Galiñeiro coa parroquia de Valadares aos seus pés, pico que dominaría todo o Calvario se non fose polas actuais construcións en altura.



Foto 06: A subaldea do Porbelo vista desde As Telleiras e O Ruizo; ao fondo a parte baixa da aldea da Gandariña, coas súas características naves industriais e elevadísima densidade de poboación que se perde no horizonte.



Foto 07: Barrios de Sabaxáns e a parte sur da Bouciña vistos desde O Capitán; densamente poboados, ocupan a ladeira setentrional do alto do Meixoeiro: as casas aséntanse na parte alta, mentres que na baixa estaban os cultivos, que baixan cara ao río Lagares no fondo do val, aínda que, como se aprecia na foto, hoxe a área cultivada está xa moi urbanizada.



Foto 08: O centro xeográfico da parroquia de Lavadores correspóndese coa parte baixa da enorme aldea de Sabaxáns. Na foto aprécianse os eidos máis baixos de Sabaxáns e as terras de labor inmediatas ao río Lagares. Toda esta zona constitúe un dos lugares mellor conservados de Lavadores, onde a paisaxe rural tradicional está hoxe case inalterada malia situarse a escasos tres quilómetros do centro de Vigo.



Foto 09: O profundo val do Lagares visto desde Sabaxáns, corazón absoluto da parroquia de Lavadores. Ao fondo, de dereita a esquerda, vese o lugar de Curros e os barrios de Pardavila e A Bagunda. Obsérvase como toda esta zona (os máis féraces labradíos de Lavadores ata hai pouco) está hoxe ocupada por unha mesta breña de salgueiros, amieiros, sabugueiros e canas, como se a selva primixenia volvese a ocupar os lugares que durante séculos foron cultivados: é o froito do abandono do agro.



Foto 10: Zona central da parroquia de Lavadores desde o camiño que sobe á Bouzaboa, en Sabaxáns. Ao fondo destácase o barrio de Pardavila coas súas novas edificacións en altura e, sobre el, o barrio de San Paio, que ocupa todo o outeiro que baixa de Figueiró e que domina todo o val.



Foto 11: Vista xeral da parroquia de Lavadores; en primeiro plano o *barrio* da Bagunda coas súas vivendas unifamiliares; ao fondo edificios no Sobreiro, Medeiros, A Vilaboa e As Milladas; tras eles torres de vivendas en Custeias e O Couto de Baixo. A transición e contraste entre a edificación en altura, vivenda unifamiliar e campos de cultivo é moi típica da paisaxe rururbana de Lavadores.



Foto 13: O Regueiro de Cambeses, un profundo e estreito val sobre O Muíño Vello. Hoxe está moi urbanizado pero aínda se conservan moitas das súas típicas hortas.



Foto 14: O importante lugar de Malvesada (ao sul do lugar do Viso, bairro do Caride), hoxe completamente urbanizado, é unha das zonas máis orientais da parroquia de Lavadores. En primeiro plano a Travesía de Vigo, que circunda Malvesada polo oeste.



Foto 15: O cruceiro central dos tres que compuñan o viacrucis do Calvario, barrio ao cal dá nome. Hoxe consérvase engastrado na igrexa parroquial de Santa Cristina, a onde se trasladou desde O Calvario cando a principios do século vinte O Reuto da Ceboleira o botou abaixo nunha noite de esmorga.



Foto 16: O lugar do Mouregade, hoxe case absorbido polos altos edificios da Travesía de Vigo, pero que aínda conserva certas áreas case intactas: en primeiro plano O Canaval; ao fondo A Coutada (do Mouregade).



Foto 17: Vista do Calvario, o primeiro lugar que se urbanizou de Lavadores. Pertence tradicionalmente ao bairro de Riomau.



Foto 18: O amplo lugar de Custóias, ao sul do Calvário, é unha das zonas de Lavadores á vez máis enxebres e históricas e á vez máis urbanizadas, cunha considerable perda do sentimento de pertenza.



Foto 19: Zona central da Bagunda.



● 203

Bibliografía

- 205

- DAUZAT, A.; DESLANDES, G. e ROSTAING, CH. *Dictionnaire étymologique des noms de rivières et de montagnes en France*. París: Klincksieck, 1978.
- ROSTAING, CH. *Dictionnaire étymologique des noms de lieux en France*. París: Librairie Guénégaud, 1984.
- ESPINOSA RODRÍGUEZ, J. *Tierra de Frago*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses, 2003 (rep. facsimilar da ed. de 1949).
- FERNANDES, A. de ALMEIDA. *Toponímia Portuguesa*. Arouca: Associação para a Defesa da Cultura Arouquense, 1999.
- FERNÁNDEZ DE VIANA, J. I. e GONZÁLEZ BALASCH, M.^a T. *El monasterio de San Juan de Caaveiro / Tumbo*. A Coruña: Deputación Provincial, 1999.
- GARCÍA ARIAS, X. LL. *Pueblos asturianos. El porqué de sus nombres*. Gijón: Alborá Llibros, 2000.
- GIRÁLDEZ RIVERO, X. *O antigo concello de Lavadores: unha aproximación histórica*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 2007.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X. M. *Teis: memoria histórica dunha parroquia do litoral (Vigo / Lavadores): das orixes á posguerra*. Vigo: Asociación Veciñal de Teis, 2003.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J. M. *O nacemento dun barrio: O Calvario (Lavadores), 1900-1940*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses, 2004.
- HOZ, J.J. de. «Hidronimia antigua europea en la Península Ibérica». *Emerita* 31, 1963, pp. 227-242.
- KAJANTO, I. *The latin cognomina*. Roma: G. Bretschneider Editore, 1982.
- LUCAS ÁLVAREZ, M. *El Tumbo de San Julián de Samos (Siglos VIII – XII)*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia, 1986.
- *San Paio de Antealtares, Soandres y Toques: Tres monasterios medievales gallegos*. Sada: Edicións do Castro, 2001.
- MACHADO, J. P. *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte, 1984.
- MAIA, C. de AZEVEDO, *História do Galego-Português*. Coimbra: INIC, 1986.
- MORTEAGUDO, L. «Hidronimia Gallega». *Anuario Brigantino* 22, 1999, pp. 255-310.
- MORALEJO, J. J. *Callaica Nomina*. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2008.
- NAVAZA, G. *Fitotoponimia galega*. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006.
- PALLARES, M.^a C. e PORTELA, E. *El bajo valle del Miño en los siglos XII y XIII*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1971.

- PIEL, J. M. e KREMER, D. *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Winter, 1975.
- PIEL, J. *Estudos de Lingüística Histórica Galego-Portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1989.
- POKORNY, J. *Indogermanisches Etymologisches Woerterbuch*. Bern und Stuttgart: Francke Verlag, 1982.
- PRÓSPER, B. M.^a. *Lenguas y religiones prerromanas del Occidente de la Península Ibérica*. Salamanca: Universidad de Salamanca, 2002.
- RECUERO ASTRAY, M.; ROMERO PORTILLA, P. e RODRÍGUEZ PRIETO, M.^a Á. *Documentos medievales del Reino de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2000-2002.
- RIVAS QUINTAS, E. «Algúns topónimos arredor de Vigo». *Senara* 2, 1980, pp. 25-40.
- *Toponimia de Marín*. Santiago de Compostela, 1982 (Verba, anexo 18).
- *Lingua galega, nivéis primitivos*. Santiago de Compostela: Laiovento, 1994.
- SANTAMARINA, A. (ed.). *Diccionario de diccionarios*. A Coruña, 2000 (soporte electrónico: CD-ROM).
- SARMIENTO, FR. M. *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* (ed. de J. L. Pensado). Salamanca: Universidad de Salamanca, 1973.
- SESTAY MARTÍNEZ, I. *Toponimia do Val do Fragoso, t. 1: Coia*. Vigo: Universidade de Vigo, 2008.
- TABOADA Y LEAL, N. *Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores*. Vigo: Departamento de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo, 1998 (ed. facsimilar).
- VILLAR LIÉBANA, F. *Estudios de celtibérico y toponimia prerromana*. Salamanca: Universidad de Salamanca, 1995.

Índice

1. LIMIAR	5
2. TOPONIMIA DE LAVADORES	19
Adebelida	29
A Aguadiña. O río Lavadouro da Aguadiña	30
A de Alba. A Devesa da de Alba	31
O Alto	32
As Ameixeiras	32
A Americana	33
O Amñal. Amindos	34
As Ánimas / As Ánimas de San Paio. As Ánimas de Riba	35
O Areeiro	35
A Atalaia	36
O Bacelo	36
A Bagunda	37
A Baixa	39
A Balanciña	39
Barreiro. O Barreiro	40
A Barronda. A Barronda Grande. A Barronda de Riba	41
O Barrouco. O Río Barrouco	43
A Barxa. A Barxa do Blanco. A Barxa de Gandarón	44
Barxalonga. Barxarredonda	45
A de Bernaldo	46
A do Bispo. As do Bispo. Os Adobispos	46
A Bodega Vella. A Dega Vella	46
A Boticaria	47

A Bouciña. A Bouzaboa	47
Brancamartíns	48
A Brea. O Penedo da Brea	49
O Cabrafigo	50
As Canas	50
A Cabaceira	51
A Cabalaria	51
O Calvario	52
A Calveira. O Alto da Calveira	54
Cambeses	55
O Camiño Alto	56
O Camiño de Baixo	56
O Camiño Vello	56
Campelos	57
O Campo do Bras	57
O Campo de Caralladas	57
O Campo de Ferreiro	58
O Campo Grande	58
Os Campos da Señorita	59
O Campo do Xeveiro	59
O Canaval ou O Canaval de Meira	60
A Candea. O Candieiro	60
A Canexa do Catalán. A Presa do Catalán. Os do Catalán	60
A Canteira	61
A Canterilla / A Cantrilla	61
O Cañoto	62
O Capitán (de Baixo e mais de Riba). A Costa do Capitán	62
A Carballeira. As Carballeiras. Carballeiros	62
O Cardoso. O Cuarteirón do Cardoso. A Fonte do Cardoso	63
O Caride	64
A de Carnero	64
As Carochas	64
A Carota	65
O Carreiro	66
O Casal (de Baixo e mais de Riba)	66
As Casas Vellas	66
A Casqueira. A Canexa da Casqueira	67
O Castañal. O Castañal de San Paio	67

Castiñeiras	67
O Monte do Castelo / O do Castelo	68
O Castro. A Fonte do Castro	68
Os Catro Camiños	69
A Cavada. A Cavada Vella	69
A Ceboleira	69
Centeáns	70
Cerdeira	70
A Cerquiña. A Cerquiña de Riba. A Barxa da Cerquiña	70
As Chans	71
O Charau	72
Os Choróns	73
Cipide	73
Os Cocheiros	73
O Cocho. O Cocho do Couto. O Cocho da Fonte. O Cocho da Guixavar. O Cocho do Laranxo. O Cocho do Mouregade. O Cocho de Naia. O Cocho da Naiana. O Cocho do Pereiro. O Cocho de Riomau. O Cocho do Senllo. O Cocho do Senllo de Riba	74
A do Coello. A Coenlleira	74
A Cordeira	75
O Cornucho	76
A Corredoura. Os Campos da Corredoura	76
As Cortellas	77
A Costa de San Paio	77
O Costal	77
A Cortela / A Cutirela / A Cutrela	78
O Cotón	78
A Coutada. A Coutada das Ánimas. A Coutada Nova	78
O Couto	79
Coutomariño	79
O Coveiro	80
O Campo da Coxa	80
O Cristo	80
A Cruz Branca	80
Cubelas	81
A Carballeira do Cuco	81
A Cucota	81

A do Cura. O Campo do Cura. As do Glixario. A Herdá do Abade.	
A Herdá do Cura	82
Curros	82
As Curtiñas	83
A Curuxeira	83
Custoia / Custoias	83
O Descanso	85
A Devesa. A Devesa da de Alba. A Devesa do Castro. A Devesa da Val. A Devesiña	86
A Devesa do Castro	86
A Devesa da Val	86
A Dobrada	87
A de Don Sobrino	87
A do Dote	87
A Eira	88
O Enxido	88
A Escorregada / A Carregada	89
As Escubas	89
A Esfarrapada. A Costa da Esfarrapada	89
O Espaller do Galán	90
A Esqueira	90
O Estanco de Marallas	90
O Estripeiro. A Coutada do Estripeiro	91
O Faneco. O Monte Faneco	91
As Farrovellas	92
A Feixa. A Feixiña	93
(O) Fenal	93
A Ferradura. O Monte da Ferradura	94
O Ferro	94
As Figueiras. As Figueiras da Coutada	96
Figueiró. O Alto de Figueiró. As Pedras de Figueiró	96
O Folón	97
As Fontáns. O Regueiro das Fontáns	97
A Fonte	97
A Fonte dos Choróns	98
A Fonte da Chorusa	99
A Fonte dos Fogueteiros	99
A Fonte dos Gatos	99

A Fonte da Lamballa	100
A Fonte da Merla / A Fonte da Melra	100
A Fonte da Mirlota / A Fonte da Milrota	100
A Fonte da Palmeira	100
A Fontevella	101
A Forneira	101
O Foro. Os Foros. O Camiño do Foro	102
A Fraga	102
A Gandaria	103
A Gandariña. Gandarón	103
O Gorgullón	104
A Granxiña	104
O Gueiteiro	104
Guidixe	105
A Guindeira	106
A Guixavar	106
A Hedreira	107
As Huchas	108
O Lugar da Igrexa	108
O Lagar	108
A Lagoa / As Lagoas. A Barxa das Lagoas	108
A Lagumenta	109
Lamastreme	109
A Lamballa	109
O Laureiro	110
O Lavadouro	111
A Laxe	111
A Leira Grande. A Leira Longa. As Leiriñas	111
O Campo das Leiras	112
As Leiteiras. A Fonte da Leiteira	112
A Levada	113
A Liboreira	113
O Loureiro	114
A Longarela / As Longarelas	114
As Lotas	115
A Madalena	116
Malvesada	116
A Mamoela	117

María Benitas	117
O Matías	117
Medeiros	117
Meira. Redomeira	118
O Meixoeiro	119
Mella	120
A Mellora	120
Os Mentrastes	120
A Merla / A Melra	121
O Melixoso	121
As Milladas	122
A Millarada	123
Millóns	123
A Mina	124
A Miñoteira	124
A Miranaia	125
A Molinera	126
Os Montes	127
O Montillón	127
O Mouregade	127
O Muíño Vello / Muíño Vello	128
Os Nabases de Barreiro	128
Naia, Naia-A-Alta	128
A Naiana. O Monte da Naiana	130
A da Néboda / O Campo da Néboda	131
A de Neira	132
O Nogueiral	132
O Olmo	133
A Orxa / As Orxas	133
Pacheco de Baixo. Pacheco de Riba	134
O Palleiro	135
O Panasco	135
A Paradela	135
O Pardal	136
Pardalaxe	136
Pardavila	136
O Pardiñeiro	137
A Pateira	138

Pazós	138
Pé do Monte	138
Pé do Olmo	139
A Pedra da Pomba / A Pé da Pomba	139
A Pedra do Toutizo	139
As Pelicanas	140
O Penedo do Estripeiro	140
Os Penedos	140
A Penís de Baixo	140
A Pereira	141
O Pereiro	141
A Peta	141
O Picho. A Fonte do Picho	142
O Pinal. O Pinal de Lavadores. O Pinal dos Xeveiros	142
O Pinalonco	143
O Piñeiro. A Lata do Piñeiro	143
O Piote	143
O Piricoto do Pinal / O Pircoto do Pinal	144
A do Platero	144
O Pombal (bouciñas e calvario)	144
As Pontes. O Río das Pontes	144
O Pontillón	145
A Porta da Campa. O Montiño da Campa	145
A Portela	145
O Portelo	146
O Portillón	146
Portocarreiro. Portopiñeiro. Portovello	146
Porto de Curros	147
O Porbelo	147
A Poupá	148
A Pousa	149
A Pousilla	149
O Pouso	150
As Pozas. O Toxal das Pozas	150
O Pozo de Barbón	150
O Pozo da Serpe	151
Pozonegro	151
O Pradovello / O Padrovello	151

A Presa. A Presa do Charco. A Presa da Devesa. A Presa do Lago	
A Presa de Pardavila	152
A Queimada	152
As Queirondas. O Amial das Queirondas. A Barxa das Queirondas	153
A Rata	156
Redomeira	156
O Regato	156
O Regodagua	156
A Regueira	156
O Regueiro	157
O Regueiro de Cambeses	157
O Reguengo / A Reguenga	157
O Resío	157
As Restebas	158
A Revolta	159
A Ría	159
O Rial	159
Riomau	160
As de Ríos / Os Asderríos	160
A Romalla	160
A de Romancho	161
A Rotea. A Rotea de Baixo. A Rotea de Riba	161
A Rubiña	162
Os Ruzos	163
Sabaxáns. A Ponte de Sabaxáns	163
O Salgueiral	164
O Salto do Rego	164
San Paio. San Paio de Baixo	164
O Sancaitano	165
A Santeira	165
O Sarabio	166
O Saramago. O Saramago de Riba	166
A Sartán / A Sertán / Sartáns / Sertáns	167
O Secadouro	167
O Seixo. Os Seixos. O Alto do Seixo	168
A Senra	168
O Sequelo	169
O Serodio	169

Silombo / Solombo	170
A Silvana. A Costiña da Silvana	170
O Sistro / Os Sistros	170
O Sobreira. O Sobreiro. O Sobreiro-no-Rego. Subride	172
A de Sobrino	173
As Solovadas	173
O Sorrego	174
O Souto	174
Süasviñas / Süarviñas	175
A Süeira	175
Sumaseiras	176
Sumós	176
Surribas	177
O Monte de Táboas	177
O Tanque. O Tanque de Pardavilla	178
As Telleiras	178
O Tixolo	179
As Tomadas	180
O Tornaguas	180
A Torre	181
O Toxal	181
As Vesades	182
A Vilaboa	182
Vilar. Vilar de Baixo. Vilar O Grande. Vilar o Pequeno	183
Vilaverde	183
A Viña Vella	184
O Viso	184
O Xaboneiro	185
Xan Domingos	186
A Xesteira / A Devesa da Xesteira	186
O Xuncal. A Xunqueira	187
 3. APÉNDICE FOTOGRÁFICO	 189
4. BIBLIOGRAFÍA	205

Desde a Travesía de Vigo e a rúa de Aragón ata o alto do Meixoeiro; desde os curutos de San Paio aos depósitos de Aqualia e todo O Calvario; desde A Dobrada á fábrica de Álvarez e da avenida de Madrid á avenida do Aeroporto, todo é Lavadores: unha parroquia urbana, histórica, antiquísima, supercaracterizada. A súa microtoponimia corre un alto risco de desaparición, especialmente na súa área máis urbana.

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS